- a) A promoción e fomento da actividade económica a través da celebración periódica de certames, feiras e exposicións industriais, comerciais, técnicas, agrícolas, gandeiras na Coruña, de ámbito internacional, nacional, autonómico, provincial ou local, tanto de carácter xeral como monográfico.
- b) A construción, posta en servizo e xestión dun centro ou recinto feiral de exposicións no termo municipal da Coruña, que sirva ademais de lugar de celebracións de feiras e certames, para dedicalo á exposición permanente de produtos da Coruña.
- c) A formación profesional de todos os sectores da vida económica e a realización de cantas actividades culturais ou doutra orde, que puidesen servir de apoio e desenvolvemento da actividade de feiras, exposicións e demais, contempladas nos Estatutos.
- d) O encargo, realización e xestión de toda clase de obras e actos que sexan necesarios para os fins pretendidos.
- e) Calquera outros que afecten ou incidan en calquera forma ou ámbito, nos intereses xerais ou peculiares, efectivos ou expectantes, da Fundación e, por isto, das entidades que a integran.

A Fundación réxese por:

- a) O Padroado
- b) O Consello de Dirección
- c) O Director ou Xerente

O Padroado é o órgano de goberno, representación e administración da Fundación, e executará as funcións que lle corresponden con suxeición ó disposto no ordenamento xurídico e nos estatutos.

Correspóndelle ó Consello de Dirección, baixo a superior dirección e, no seu caso, coa posterior aprobación do Padroado:

- a) Preparar os asuntos do Padroado.
- b) Aprobar plans e programas específicos.
- c) Acordar o exercicio das accións e excepcións que considere oportunas, así como os recursos e reclamacións xudiciais e administrativas en defensa dos dereitos e intereses da Fundación.
- d) Formalizar e aprobar toda clase de actos, convenios e contratos, sexan de índole civil, mercantil, laboral, administrativa ou de calquera outra clase, que requira a mellor realización dos fins da Fundación.
- e) Ordenar e controlar a execución dos plans e programas aprobados polo Padroado, efectuando os trámites precisos, tales como anuncios, convocatorias de axudas, etc., e

así mesmo todos os actos e contratos que requira a posta en marcha de ditos plans e programas.

- f) Dirixir, de acordo coas directrices do Padroado, a organización e actividades da Fundación que condúzan á consecución e mantemento dun alto nivel na práctica asistencial e demais fins da Fundación.
- g) Administrar o patrimonio de acordo coas leis e atribucións conferidas polo Padroado.
- h) Desenvolver a política de persoal deseñada polo Padroado.
- i) Calquera outra función que lle delegue o Padroado.

O Padroado poderá acordar a contratación dun Director ou Xerente con competencias en materia de xestión e administración da Fundación.

## **FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA**

A Fundación Axencia Enerxética Provincial de A Coruña ( FAEPAC), c, é unha entidade sen animo de lucro, fundada en Maio de 2006, co fin de alentar accións a nivel provincial para a utilización eficiente da enerxía e o uso dos recursos enerxéticos provinciais.

Os órganos de decisión básicos da Fundación son o Padroado, a persoa que ostenta a Presidencia do padroado e a persoa que é titular da Vicepresidencia en caso de ausencia do presidente. Os órganos básicos de xestión son: A Xerencia, a Secretaría e o Auditor Interno.

A FAEPAC esta participada por:

- A Deputación Provincial da Coruña
- O Concello de As Pontes de García Rodríguez
- O Concello de Cerceda
- Concello de Narón
- SOGAMA
- A Dirección Xeral de Enerxía e Minas.
- A Universidade de A Coruña
- A Universidade de Santiago de Compostela
- A Unión de Consumidores de Galicia

A Fundación ten como fin principal a mellora e o aproveitamento dos recursos enerxéticos provinciais, así como a sensibilización das autoridades locais, as empresas e os cidadáns sobre a escaseza de recursos enerxéticos. Ademais, ten os seguintes fins:

- a) Incentivar a difusión do uso racional da enerxía, dos recursos enerxéticos locais e das fontes renovables nos sectores de:

- produción de bens e servizos (PEMEs e Industria), en colaboración co INEGA.
  - administración pública, en colaboración co INEGA.
  - sector doméstico.
- b) Favorecer a diversificación, información e utilización óptimas das enerxías renovables.
  - c) Mellorar a seguridade enerxética.
  - d) Promover e manter o aforo enerxético.
  - e) Favorecer a integración dos obxectivos enerxéticos nos sectores medio ambientais e nos sectores produtivos locais.
  - f) Protexer o medio e reducir o impacto da polución e uso da tecnoloxía.
  - g) Reforzar e favorecer a investigación tecnolóxica sobre a enerxía.

Actividades fundacionais:

A Fundación, para a consecución dos seu fins, pode realizar as seguintes actividades:

- a) Realización de estudos de planificación e programación para establecer un plan de actuación enerxética a nivel provincial.
- b) Favorecer a información sobre a enerxía ó público en xeral e formación sobre programas específicos de optimización e racionalización enerxéticos.
- c) Promover as actividades de certificación e de diagnose enerxética nos edificios e nas industrias.
- d) Fomentar a participación dos axentes locais en actuacións destinadas ó uso racional da enerxía.
- e) Fomentar a creación de axencias locais de enerxía.
- f) Fomentar o aforo da enerxía mediante a explotación eficiente dos recursos e do uso de tecnoloxías limpas.
- g) Impulsar a implantación de instalacións de enerxía renovable a través da investigación e transferencia de coñecementos e experiencias.
- h) Asesoramento tecnolóxico e económico no deseño e realización de estudos e investimentos en instalacións e infraestruturas enerxéticas.
- i) Realización de cantas actividades conexas ou complementarias das anteriores resulten necesarias para a súa maior eficacia.
- j) Promover a mobilidade alternativa.

## **FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE**

A Fundación Feiras e Exposicións de Ourense constituíuse en escritura autorizada por notario o 24 de decembro de 1992 na cidade de Ourense.

Os seu obxectivo é destinar e afectar un patrimonio á realización, sen ánimo de lucro, de fins xerais de interese galego no ámbito sectorial ó que súa denominación e fins se contraen.

En xeral son fins desta Fundación a promoción de actividades comerciais, turísticas, industriais, agroindustriais, sociais, educacionais, de fomento da prevención de riscos laborais, e calquera outra que teña como obxecto a promoción e desenvolvemento destes sectores en Galicia, o nivel profesional de tódolos sectores da actividade económica, contribuíndo elo á elevación do nivel de vida do medio urbano e rural.

En particular son fines da Fundación, e con base ao indicado nos parágrafos precedentes, os seguintes:

1. A promoción e o fomento da actividade económica a través da celebración periódica de certames, feiras e exposicións industriais, comerciais, técnicas agrícolas, gandeiras, gastronómicas, turísticas, culturais, en Ourense de ámbito internacional, nacional, autonómico, provincial ou local, tanto de carácter xeral como monográfico.
2. A construción, posta en servizo e xestión dun centro ou recinto feiral de exposicións na provincia de Ourense que sirva ademais de lugar de celebración de Feiras e Certames, para o destino de exposición permanente de produtos ourensáns.
3. A formación profesional de tódolos sectores da vida económica e a realización de cantas actividades culturais ou doutra orde que puideran servir de apoio e desenvolvemento, da actividade de feiras, exposicións e demais contempladas nestes estatutos.
4. O fomento da prevención de riscos laborais entre as empresas e traballadores de Galicia, así como a promoción de actuacións tendentes á mellora da prevención de riscos laborais e seguridade no traballo, a través da celebración periódica de certames, feiras, exposicións, congresos, xornadas técnicas e conferencias. A cooperación con toda clase de entidades e organización que persigan fins e obxectivos similares.
5. A promoción da cidade e o conxunto da provincia de Ourense como destino de turismo de reunións, congresos, convencións e incentivos, fomentando a súa captación e celebración no noso entorno e facilitando asesoramento ás entidades e ás empresas promotoras na organización dos mesmos.
6. O apoio a empresas, asociación e organismos intermedios en materia de internacionalización, e o asesoramento e consultaría sobre oportunidades comerciais en mercados estranxeiros.
7. Establecer, desenvolver e impulsar medidas de acción positiva que aborden áreas de actuación como familia, infancia e xuventude, minusvalías, vellez, muller, minorías étnicas, así como calquera outra problemática de marxinación social.
8. O encargo, realización e xestión de toda clase de obras e actos que sexan necesarios para os fins pretendidos.
9. Calquera outros que afecten ou incidan calquera forma ou ámbito, nos intereses xerais, peculiares, efectivos ou expectantes da Fundación por elo das entidades que a integran.



Para a consecución destes fins, a Fundación pode realizar as seguintes actividades:

- Establecer as estruturas organizativas que foran pertinentes.
- Facilitar intercambios de información mutua.
- Constituír servizos de formación e asesoramento dos seus membros e organizar xornadas de estudo e orientación.
- Promover estudos e publicacións.
- Dirixirse aos poderes públicos coas iniciativas oportunas e solicitar ser oído na elaboración da normativa legal ou regulamentaria que afecte aos sectores que estes Estatutos se contraen.
- Organizar cursos, xornadas técnicas e congresos.
- Organizar certames periódicos, exposicións e eventos.
- Calquera outras actividades que afecten ou incidan nos fins anteriormente establecidos.
- Apoio a empresas en materia de internacionalización, elaboración de estudos de mercado e novas oportunidades comerciais.
- Promoción exterior da cidade e provincia de Ourense como destino de turismo de reunións e sé de eventos.
- Asesoramento na organización de eventos e xestión dos mesmos noutros espazos.

A Fundación esta dirixida por un Padroado, formado por un Presidente e 19 membros máis, en representación de diferentes entidades. As facultades do Padroado son:

- Exercer o goberno, a representación, inspección, vixilancia e orientación da Fundación.
- Interpretar e desenvolver os estatutos e, si é o caso, adoptar acordos sobre a súa modificación, de acordo cos requisitos establecidos na lexislación vixente.
- Fixar as liñas xerais sobre a distribución e aplicación dos fondos dispoñibles entre os fins da Fundación.
- Nomear apoderados xerais ou especiais, outorgar poderes así como a revogación dos mesmos.
- Aprobar o plan de actuación e as contas anuais que serán obxecto de presentación ó protectorado.
- Delegar as determinadas facultades en un ou máis patróns, sen que poidan ser obxecto de delegación.
- A aprobación das contas anuais da Fundación e o plan de actuación.
- A modificación dos estatutos.
- O acordo de fusión, extinción ou liquidación da Fundación.
- Calquera acto que precise autorización ou aprobación do protectorado.

## **FUNDACION GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO**

A Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo mantén dous órganos diferenciados: un de goberno e outro de xestión.

- Órgano de goberno: PADROADO  
O órgano supremo de goberno, administración e representación da Fundación é o Padroado.
  - Composición:  
Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e as organizacións sindicais e empresariais da mesma e está formado polas persoas designadas na escritura fundacional.
  - Estrutura:
    - Presidente/Presidenta (persoa titular da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral).
    - Vogais:
      - Seis en representación da Consellería de Economía, Emprego e Industria (sendo un deles a persoa titular da Subdirección Xeral de Promoción Laboral).
      - Seis en representación das organizacións sindicais e empresariais:
      - Un en representación da Unión Xeral de Traballadores de Galicia,
      - Un en representación do Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia,
      - Un en representación da Confederación Intersindical Galega e
      - Tres en representación da Confederación de Empresarios de Galicia.
  - Facultades do Padroado:  
No artigo 19 dos seus Estatutos figuran as facultades do Padroado, débese destacar que, conforme cos fins da Fundación, son facultades específicas as seguintes:
    - Impulsar e difundir entre empresarios/empresarias, traballadores/traballadoras o sistema de formación para o emprego.
    - Elaborar un informe anual e de estatísticas sobre formación para o emprego no ámbito da comunidade autónoma.
    - Colaborar na elaboración dos proxectos de normativa reguladora da concesión de axudas públicas para financiar as distintas iniciativas de formación continua.
- Órgano de xestión da Fundación  
A estrutura técnica da Fundación é como segue:

- Dirección Xerencia: Órgano unipersonal de xestión da Fundación (posto nomeado polo Padroado a proposta do Presidente/Presidenta).
- Departamento Técnico: Formado por cinco técnicos.
- Departamento Administración: Formado por dous administrativos.

Para o cumprimento dos seus fins, o Padroado, determina as actividades que debe realizar a Fundación en cada momento. De modo enunciativo, se sinalan as seguintes actividades:

- Propoñer criterios orientativos para a elaboración de plans e actuacións de mellora en materia de formación para o emprego e recomendacións para a negociación colectiva.
- Contribuír ao impulso e difusión entre empresarios e traballadores do sistema de formación para o emprego.
- Avaliación das políticas de formación para o emprego.
- Execución das funcións de xestión, seguimento e apoio técnico en materia de formación para o emprego sen prexuízo das competencias da administración.
- A realización de todo tipo de estudos, análise e prospectivas, así como a prestación de servizos relacionados e que redunden no cumprimento dos fins fundacionais.
- Desenvolver actividades de colaboración e partenariado con organismos ou entidades con presenza en territorios distintos ao da comunidade autónoma.
- Establecer convenios e, se é o caso, protocolos de colaboración con institucións públicas ou privadas que se dediquen a idénticos ou similares fins, e mesmo coas entidades fundadoras.
- Subscribir os oportunos contratos con persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas para o cumprimento dos seus fins.
- Coordinar as súas actividades coas administracións Públicas ou calquera outras institucións orientadas aos fins da Fundación.
- Executar cantas actividades decida o Órgano de Goberno da Fundación que teñan por finalidade a Formación para o emprego, ou o seu desenvolvemento e perfeccionamento.
- Asumir e xestionar cantas actividades deleguen ou encomende a Comisión Galega de Formación Continua, e á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.
- Elevar á Comisión Galega de Formación Continua e á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral as propostas normativas e de procedemento que considere oportunas en materia de formación profesional, así como elaborar os informes que lles sexan requiridos.
- Dar asistencia e asesoramento as PEMES, e á representación legal dos traballadores/traballadoras, posibilitando a súa incorporación ao sistema, así como o apoio técnico aos órganos administrativos competentes na orientación dos traballadores/traballadoras.
- Prestar apoio técnico nos procesos de mellora da calidade, así como elaborar o correspondente informe anual.

- Elaborar e propoñer estudos e informes técnico xurídicos sobre o sistema de formación para o emprego no marco do Sistema Nacional das Cualificacións Profesionais.

Para o desenvolvemento das actividades técnicas de xestión o Padroado da Fundación, na sesión ordinaria nº 3 do 22 de decembro de 2008, aprobou a encomenda de xestión que se recolle na Orde do 27 de xaneiro de 2009 da antiga Consellería de Traballo.

Nela se lle encomenda á Fundación Galega da Formación para o Traballo o apoio técnico e a xestión das solicitudes de axudas presentadas ó amparo das convocatorias da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral para a concesión de axudas ás iniciativas de formación profesional para o emprego, que se vaian executar no ámbito desta comunidade.

---

## II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2018

### II.1. DA CONSELLERÍA

#### **SECRETARÍA XERAL TÉCNICA**

Como responsable da xestión das súas propias unidades administrativas ten como obxectivo a mellora permanente das súas actuacións, avaliando e planificando en calquera caso respostas ás novas necesidades que se produzan e procurando que os servizos administrativos funcionen da forma mais óptima posible.

#### **DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍA E MINAS**

- No ámbito da enerxía, as principais liñas de acción para 2018 serán:
  - Tramitación administrativa a autorización das infraestruturas do Plan de Gasificación de Galicia 2015-2020.
  - Tramitación administrativa e autorización dos proxectos de enerxías renovables e infraestruturas enerxéticas de evacuación asociadas.
  - Análise e informe previo dos plans de investimento das empresas distribuidoras de electricidade.
  - Continuar coa realización de análises sobre o control da calidade dos hidrocarburos e co seguimento medioambiental de parques eólicos e liñas eléctricas.
  - Contribuír ó pagamento de parte da factura eléctrica, daquelas familias con escasos recursos económicos, tendo as persoas e familias incluídas no Plan Social Galego, así como as beneficiarias da RISGA, un dereito prioritario, a través do ticket eléctrico social. A través deste proxecto tamén se levará a cabo unha orde de axudas para evitar cortes de subministración eléctrica a estas familias con escasos recursos económicos.
  - Realizar revisións e estudos das infraestruturas enerxéticas co obxectivo de ter cubertas as necesidades de demanda en todo momento.
  - Traballar coordinadamente co INEGA no estudo das distintas propostas de regulación emanadas da administración xeral do Estado e da administración da Unión Europea, co fin de que os intereses de Galicia se contemplan debidamente nas mesmas.
  - Controlar a calidade da subministración eléctrica en Galicia en temas de TIEPI e NIEPI.
  - Traballar na mellora das respostas ás reclamacións enerxéticas de cidadáns e empresas.
  
- No eido da minaría, son as principais liñas de acción:
  - Como novidade para o ano 2018, levarase a cabo unha orde de axudas destinada ao apoio de proxectos empresariais de natureza integral para combater enfermidades profesionais.

- Así mesmo, ao obxecto de fomentar proxectos que desenvolvan o sector mineiro en Galicia, poñerase en marcha unha liña de axudas destinada ás institucións sen fin de lucro.
  - Continuarase co apoio ó funcionamento da Cámara Oficial Mineira de Galicia como institución representativa do Sector Mineiro de Galicia.
  - Levaranse a cabo estudos e traballos técnicos en materia de minaría.
- Por último no ámbito da industria, as principais liñas de acción, polo que respecta ao exercicio 2018, serán as seguintes:
    - Continuar co desenvolvemento da administración electrónica e co apoio a empresas instaladoras e mantedoras, simplificando a tramitación administrativa para o inicio da actividade e das instalacións executadas.
    - Incrementar o cumprimento das obrigas dos titulares de instalacións sometidas a regulamentos de seguridade industrial mediante campañas informativas e de divulgación, e mediante o plan de vixilancia e inspección.
    - Incrementar a seguridade dos produtos industriais sometidos a normativa harmonizada mediante as campañas de vixilancia e mercado incluídas nos plans de vixilancia e inspección.
    - Incrementar o cumprimento das obrigas dos titulares de instrumentos de medida que interveñen en transaccións comerciais mediante campañas informativas e de divulgación e controis de cumprimento.
    - Realizar actuacións para o desenvolvemento e modificación da normativa vixente no eido da seguridade industrial e da metroloxía.
    - Desenvolver as actividades propias da metroloxía legal e industrial coa participación activa do Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia, mantendo e mellorando os servizos prestados neste ámbito.
    - Implementar melloras nas infraestruturas dos parques empresariais de Galicia mediante unha orde de axudas ós concellos nos que están radicados estes.
    - Continuar coas actuacións de dinamización do tecido empresarial e o fomento de empresas innovadoras e xoves renovando a orde da axudas para a creación de viveiros industriais de empresas.
    - Contémplase un convenio coa Axencia de Infraestruturas para levar a efecto o Plan Integral de Infraestruturas no polígono industrial Vinteún (As Coiñas).
    - Continuar a estudar as distintas propostas de regulación emanadas da administración xeral do Estado e da administración da Unión Europea, co fin de que os intereses de Galicia se contemplen debidamente nas mesmas, e colaborar no seo dos órganos de representación territorial co desenvolvemento das citadas normativas.

## **DIRECCION XERAL DE COMERCIO E CONSUMO**

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, volcada na tarefa de consolidar e impulsar o crecemento económico, conta co tecido comercial como un dos seus activos principais e necesarios. En Galicia, o peso do comercio na economía é superior ao do conxunto da Unión Europea, alcanzando o 11% do PIB total e che-gando en torno ó 17 % do emprego.

O sector comercial galego está constituído por preto de 46.700 empresas que dan emprego a 128.000 traballadores galegos, ocupando nunha maior porcentaxe aqueles grupos de traballadores de especial sensibilidade dende a perspectiva da súa inserción laboral como é o emprego xuvenil ou feminino, salientando que en Galicia o emprendemento feminino no sector comercial se sitúa nun 66.

Por outra banda, segundo datos da asociación de traballadores autónomos, a hostalería e o comercio son os sectores nos que se contempla un maior incremento de autónomos, incidindo fortemente no contorno urbano das nosas vilas e cidades e xerando un atractivo turístico ás mesmas.

Estes datos constitúen un novo acicate para reforzar o compromiso da Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Dirección Xeral de Comercio e Consumo co comercio retalista.

Así, a Consellería de Economía Emprego e Industria consciente da importancia social e económica do comercio galego, segue apostando por un sector forte e ca-paz de adaptarse ás novas tendencias do mercado, motivo polo cal realizouse o PLAN EXTRATÉXICO DE IMPULSO Ó COMERCIO GALEGO 2015-2020, cuxo obxectivo fundamental é o desenvolvemento dunha estratexia de promoción, impulso e mellora da competitividade.

Este compromiso asume como o seu obxectivo prioritario a modernización e o incremento da competitividade do tecido comercial galego, identificando tres grandes retos a acadar para o noso comercio.

1. **COMPETITIVIDADE.**- O afianzamento dun sector comercial forte, renovado, competitivo e xerador de plusvalías.
2. **SMART COMMERCE.**- o establecemento dun novo modelo de comercio intelixente que sitúe o cliente no centro da súa estratexia aproveitando todos os recursos a súa disposición.
3. **COMERCIO EXCELENTE.**- A potenciación da dinamización, a excelencia e a mellora continua.

Todos estes obxectivos dan resposta ás demandas xeradas, e especial polos emprendedores no marco do impulso á creación de novas empresas comerciais, de dispoñer dun sistema de distribución eficiente que xere plusvalías e de consolidación dun sector comercial equilibrado, competitivo, dinámico e diversificado.

Sendo a innovación un dos factores de competitividade empresarial mais importantes, o impulso da innovación no comercio, tanto en novos formatos como en produtos e servizos, constitúe unha das principais ferramentas para acadar estes obxectivos.

Así mesmo, a procura de novas estratexias de incentivación da demanda que incrementen as vendas e permitan a atracción de consumidores, sitúa ó cliente no epicentro da actividade comercial e por iso outros dos factores a potenciar xunto co uso das novas tecnoloxías e as redes sociais, é a excelencia e a calidade como factor diferencial clave do comercio de proximidade.

Co obxectivo de acadar que o sector comercial se reforce de cara o futuro, co incremento da competitividade da peme comercial, así como a modernización e adecuación do comercio de proximidade co fin de que mellore a súa atracción comercial, no marco da Lei de comercio interior de Galicia (Lei 13/2010 do 17 de decembro) a Dirección Xeral de Comercio e Consumo poñerá en marcha as seguintes liñas de acción.

- Mellora da competitividade e dinamización do comercio e da empresa comercial, prestando especial atención á calidade e á excelencia, fomentando o emprendemento e á capacitación do sector comercial, xunto coa innovación a través do impulso a novos proxectos.
- Adecuación da estrutura comercial ás características territoriais, sociais, culturais e económicas de Galicia, tendo como eixes centrais: por unha banda un plan de mercados excelentes e por outra a implementación de actuacións socioeconómicas e urbanísticas onde o comercio opere como instrumento ligado a actividades de ocio e tempo libre contribuíndo a potenciación do turismo.
- Galicia presenta unha riqueza rural que merece ser preservada tamén dende o punto de vista comercial, garantindo unha dotación comercial suficiente, sendo necesario potenciar a creación de empresas situadas no ámbito rural polas sinerxias xeradas, a procura do equilibrio da oferta comercial do territorio, a garantía do abastecemento da poboación rural e a mellora da comercialización dos produtos autóctonos. Preténdese así elevar a oferta de servizos e a calidade de vida do ámbito rural, cumprindo varios obxectivos, como son: adecuar a oferta comercial ás necesidades da poboación rural, garantir a adecuación da estrutura comercial á estrutura comarcal territorial, crear postos de traballo de calidade no rural e dinamizar a nosa economía prestando especial importancia á comercialización dos produtos locais e autóctonos.
- Desenvolvemento da marca "Galicia Calidade", como marca económica da Xunta de Galicia. É unha decisión estratéxica da Administración galega, que afectará a todos os seus departamentos, xa que supón conseguir que se identifique Galicia con Calidade dende o punto de vista de promoción económica, e que contribúa a impulsar a competitividade das empresas galegas, dar visibilidade á marca Galicia dende un punto de vista económico e fortalecer e engadir valor ó selo de calidade.



Polo que respecta á Artesanía: A importancia das actividades artesanais en Galicia reside non só nun plano social ou cultural, co que se adoitan identificar, senón que constitúen actividades con capacidade de xeración de emprego e riqueza desde o punto de vista económico. Abranguen, ademais, unha lista longa de oficios que se traduce nunha oferta produtiva moi diversificada que pode responder de xeito eficaz ás exixentes demandas do mercado actual.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, consciente da importancia social, cultural, patrimonial e económica da artesanía galega, aposta por un sector artesán forte e capaz de adaptarse ás novas tendencias do mercado, ten como obxectivo fundamental o desenvolvemento de estratexias de promoción, impulso e mellora da competitividade do sector: que leva implícitas accións de comercialización, de potenciación do talento e das habilidades empresariais dos artesáns sen descoidar a innovación o deseño e a cooperación entre diferentes sectores.

## **SECRETARIA XERAL DE EMPREGO**

As principais liñas de acción a desenvolver por esta secretaría xeral son:

- Desenvolver unhas relacións laborais sólidas para acadar un emprego de calidade (Axenda 20 para o Emprego).
- Promover o diálogo e a concertación social mediante o establecemento de canles permanentes de participación entre o Goberno da Xunta de Galicia e os axentes económicos e sociais máis representativos da comunidade autónoma galega. (Axenda 20 para o Emprego)
- Implantar unha cultura empresarial de responsabilidade social (Estratexia Galega de Responsabilidade Social Empresarial 2017-2020).
- Incentivar ás Pemes para que implanten o concepto da Responsabilidade Social Empresarial (RSE), como determinante das condicións para que o emprego sexa de calidade (Estratexia Galega de Responsabilidade Social Empresarial 2017-2020).
- Consolidar a igualdade no ámbito laboral entre homes e mulleres, incentivando a coresponsabilidade nas parellas á hora de abordar a conciliación da vida persoal, laboral e familiar (Plan Emprega en Feminino).
- Fomentar os plans de igualdade coresponsables na empresa, mediante incentivos ás Pemes para a implantación destes Plans de Igualdade, de medidas de conciliación da vida familiar, laboral e persoal, flexibilidade horaria, así como medidas tendentes a eliminar a infrarrepresentación feminina nas empresas galegas ( Plan Emprega en Feminino )
- Apoiar ás persoas traballadoras en situacións excepcionais derivadas de Eres suspensivos por forza maior.
- Concesión de axudas previas á xubilación ordinaria no sistema da seguridade social, ás persoas traballadoras afectadas por procesos de reestruturación de empresas.

- Apoio ás organizacións sindicais para levar a cabo as súas funcións propias e para a promoción do funcionamento dos seus gabinetes técnicos así como ós plans de formación de cadros e delegadas e delegados sindicais.
- Fomento da Participación Institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia.
- Apoio ás persoas desempregadas pertencentes a sectores económicos de especial relevancia na nosa comunidade autónoma, tales como os sectores do téxtil, naval, automoción, construción, entre outros.
- Desenvolver o Plan de loita contra o emprego non declarado en colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- Mellorar a eficiencia das institucións públicas dedicadas á prevención de riscos laborais (Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo 2017-2020).
- Potenciar unha formación de calidade en materia de prevención de riscos laborais e a consolidación dunha cultura preventiva na sociedade galega (Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo 2017-2020).
- Mellorar e facilitar o cumprimento efectivo da normativa sobre prevención de riscos laborais, así como a súa vixilancia e control (Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo 2017-2020)
- Impulsar a mellora das condicións de traballo no eido da prevención de riscos laborais (Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo 2017-2020)
- Divulgar e promover a economía social, particularmente entre a xuventude, as persoas interesadas en emprender e os axentes intermedios de emprendemento, potenciando os seus valores que apostan simultaneamente pola creación de riqueza, emprego e benestar social.
- Fomentar o autoemprego colectivo en economía social especialmente entre as mozas e mozos, as mulleres, e os proxectos localizados no rural, a través de medidas de apoio económico, formación, do asesoramento e do acompañamento de proxectos.
- Promover a consolidación das empresas de economía social e a mellora da súa competitividade, así como impulsar as redes de intercooperación e colaboración empresarial.
- Impulsar a participación de axentes de base local no desenvolvemento da economía social, mediante a consolidación e expansión da rede "Eusumo" para o fomento do cooperativismo e a economía social, que agrupa e coordina entidades públicas e privadas interesadas.
- Fomentar o aproveitamento do talento feminino nas entidades da economía social, para acadar unha maior representatividade nos seus órganos de dirección e xestión.
- Contribuír á valorización e diferenciación dos produtos e servizos cooperativos para mellorar a súa comercialización e internacionalización.
- Facilitar e simplificar os procedementos e trámites vinculados á constitución e desenvolvemento das cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción.

- Desenvolver e xestionar as medidas activas de emprego programadas no marco da estratexia europea para o emprego, a estratexia española para a activación do emprego, o Plan Anual de Política de Emprego e a Axenda 2.0 para o emprego, que conduzan a crear empregos estables e de calidade e, consecuentemente, á redución da taxa de desemprego e da temporalidade no mercado de traballo galego.
- Promover medidas para acadar mellores taxas de emprego, especialmente mediante o establecemento de actuacións específicas para aqueles colectivos con especiais dificultades de acceso ao mercado de traballo: as persoas con discapacidade, as persoas que pertencen aos colectivos en situación ou risco de exclusión social, as persoas desempregadas que esgotaran as prestacións ou os subsidios de desemprego, as persoas desempregadas de longa duración as persoas desempregadas maiores de 45 anos, as persoas desempregadas mozas, especialmente aquelas que nin teñen unha ocupación nin se están a formar, e as persoas traballadoras con contratos temporais.
- Impulsar a cultura emprendedora potenciando a xeración de emprego a través de fórmulas de autoemprego, apoiando especialmente o esforzo dos traballadores e das traballadoras autónomas.
- Apoiar o autónomo segundo a estratexia do autónomo 2020, ofrecendo ás persoas traballadoras autónomas apoios económicos nos seus primeiros anos de actividade para a súa consolidación, apostando deste xeito por este colectivo xa que o autoemprego individual estase a demostrar como unha vía eficaz para reincorporarse ao mercado de traballo. Así mesmo, e como un nicho de emprego, fomentarse, a través de incentivos, a contratación indefinida de persoas desempregadas por parte das persoas traballadoras autónomas acadando deste xeito o dobre obxectivo de apostar polos traballadores e traballadoras autónomas como dinamizadores da economía galega e como motores da xeración de emprego.
- Potenciar e favorecer as iniciativas empresariais xeradoras de emprego que respondan a sectores e actividades emerxentes ou a necesidades non cubertas no territorio de implantación co fin de impulsar a creación e consolidación de actividades económicas e de emprego preferentemente nas zonas rurais e pequenos núcleos urbanos, así como no entorno da investigación e da innovación tecnolóxica.
- Desenvolver e xestionar as medidas de fomento da contratación e de apoio ao autoemprego das persoas mozas sen ocupación laboral e sen desenvolver actividades educativas e formativas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil.
- Atender ás necesidades das empresas cara aos novos perfís profesionais a través de programas que combinen incentivos á contratación por conta allea con incentivos á formación.
- Facilitar a integración laboral das persoas con discapacidade, ben a través das fórmulas de emprego protexido como son os centros especiais de emprego, ben a través da súa constitución como persoas traballadoras autónomas, ou ben incentivando a súa contratación por parte das empresas ordinarias.

- Favorecer a inserción socio laboral das persoas traballadoras pertencentes a colectivos en risco de exclusión social incentivando a súa contratación tanto temporal como indefinida e desenvolvendo, impulsando e apoiando ás Empresas de Inserción Laboral en Galicia como o instrumento máis eficaz para acadar un traballo digno para estas persoas.
- Promover o progresivo incremento da participación da muller no mercado de traballo ata lograr unha equiparación de ámbolos dous sexos e o apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero. Para isto profundarase nas políticas diferenciadoras a prol do emprego feminino, ben a través de accións e programas específicos, ben mediante a súa definición como colectivo preferente ou a través de sobreincentivos cando se trate de programas xerais.
- Promover medidas activas de emprego implementadas en colaboración coas entidades locais e entidades sen ánimo de lucro para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social, dirixidas ao fomento do emprego, coa dobre finalidade de dinamización e xeración de novas actividades e de mellora da empregabilidade das persoas traballadoras desempregadas participantes, facilitando a súa posterior inserción laboral.
- Consolidar a rede de técnicos de emprego de Galicia potenciando o seu papel como actores decisivos na implantación das diferentes medidas de políticas activas de emprego na súa zona de actuación, principalmente das políticas relacionadas coa creación de actividade empresarial, contribuíndo co seu traballo á localización de recursos ociosos e infrautilizados cara á promoción económica dos concellos galegos, identificando novas actividades económicas e posibles emprendedores.

## **DIRECCION XERAL DE ORIENTACIÓN E PROMOCIÓN LABORAL**

Desenvolver o modelo de Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) atendendo a unha maior eficacia na intermediación laboral, implementando sistemas de xestión que faciliten os trámites tanto ás persoas desempregadas como ás empregadoras, mellorando o sistema público de intermediación laboral realizado a través das oficinas de emprego, elevando a calidade dos servizos ofertados e prestados aos desempregados, o que redundará, sen dúbida, na mellora das razóns de intermediación e na consecución de maiores graos de satisfacción dos empresarios que as utilizan e converténdooas en ferramentas verdadeiramente útiles para eles, impulsando, no seo do diálogo social, unha norma que complementa a carteira común dos servizos do Sistema Nacional de Emprego prevista no artigo 27 do Real Decreto Lexislativo 3/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de emprego, e desenvolvida no Real decreto 7/2015, do 16 de xaneiro, polo que se aproba a Carteira Común de Servizos do Sistema Nacional de Emprego, e que regule os servizos que se prestan, a quen van dirixidos, quen e como se prestan e cal é o fin último que se persegue, partindo da base de que a rede de Oficinas de Emprego do SPEG presta un servizo integral ás persoas demandantes de emprego desempregadas, ás persoas ocupadas na procura da mellora de emprego e ás persoas empregadoras e empresas.

- En coherencia co acordo acadado entre o Servizo Público de Emprego Estatal e as comunidades autónomas no seo da Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos La-

borais, procurarase a adopción dunha nova estratexia para a mellora na aplicación das políticas activas de emprego, orientada a mellorar a capacidade de inserción profesional, en particular dos máis novos.

- Nesta liña desenvolveranse as medidas activas de emprego programadas no marco da Estratexia Europea para o Emprego, a Estratexia Española de Activación para o Emprego, prevista no art.4 bis da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo Real decreto lei 8/2014, do 14 de xullo, e que será regulada no Real decreto polo que se aprobe a Estratexia Española de Activación para o Emprego 2017-2020, o Plan Anual de Política de Emprego para 2018, e os acordos, no campo da colaboración institucional e do dialogo social e político, que conduzan a crear empregos estables e de calidade e, consecuentemente, á redución da taxa de desemprego e da temporalidade no mercado de traballo galego. Todo isto nun modelo deseñado e baseado na activación laboral mediante a corresponsabilidade, entendendo isto como o establecemento dun compromiso de actividade na busca e mellora de emprego por parte das persoas demandantes, así como a loita contra a fraude nas prestacións e contra o emprego non declarado.
- O proxecto de Real Decreto a través do que se vai aprobar a nova Estratexia Española de Activación para o Emprego 2017–2020, en proceso de elaboración, oriéntase sobre cinco obxectivos de referencia, deixando claro que ten carácter aberto, que se establecerán cada ano nos sucesivos Plans Anuais de Política de emprego para acomodalos segundo as circunstancias que concorran en cada momento. Entre as prioridades da nova versión, atópanse: avanzar na modernización dos servizos públicos de emprego, mellorando os instrumentos de coordinación, incrementar os fondos para a formación xestionados polas comunidades autónomas e priorizar os esforzos na implementación da Garantía Xuvenil e a atención a desempregados de longa duración.
- Integrar as accións de adecuación de perfís profesionais e orientación nas distintas áreas funcionais de emprego, establecendo a cooperación entre as oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego, os seus centros colaboradores e demais actores do mercado laboral, de xeito que todos os demandantes de emprego poidan ser, dun xeito eficiente, atendidos de maneira personalizada en igualdade de condicións.
- Consolidar a realización de itinerarios personalizados de inserción como ferramenta básica de atención aos colectivos máis desfavorecidos ou de difícil inserción, prestando especial atención aos traballadores que esgotaran as súas prestacións.
- Potenciar as accións de orientación laboral e asesoramento ao autoemprego, e posta en marcha de novas políticas activas de emprego para determinados colectivos con dificultades no acceso ao emprego a través das Lanzadeiras de Emprego de Galicia.
- Reforzar o enfoque preventivo das políticas activas de emprego coa fin de reducir o paro de longa duración a través de medidas de políticas activas de emprego: programas mixtos de formación e emprego.
- Apoiar a través das políticas activas a incorporación ou reincorporación ao mercado de traballo dos colectivos con especiais dificultades de inserción laboral.

- Impulsar a colaboración público-privada no ámbito da intermediación laboral, para mellorar a intermediación laboral e procurar elevar os niveis de inserción laboral de determinados colectivos con especiais dificultades para acadala, como pode ser os parados de longa duración, os beneficiarios da renda de integración social de Galicia e outros colectivos en risco de exclusión social, en coherencia cos acordos adoptados a proposta do Servizo Público de Emprego Estatal na reunión da LV Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais e co Convenio de colaboración asinado o 6 de agosto de 2013 entre o Servizo Público de Emprego Estatal e a Comunidade Autónoma de Galicia para a celebración dun acordo marco con axencias de colocación para a colaboración cos servizos públicos na inserción laboral de persoas desempregadas.
- Impulsar a creación e consolidación de actividades económicas e de emprego nas zonas rurais e núcleos urbanos pequenos, orientar os programas mixtos de formación e emprego para que respondan tamén a estas novas actividades, procurando o carácter integral destas actuacións tendo en conta as características xeográficas e de poboación da comunidade autónoma galega, nunha estratexia de cooperación institucional das administracións territoriais, para dinamizar o emprego e o desenvolvemento local.
- Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego.
- Conseguir que o investimento en formación responda aos cambios rápidos e constantes que teñen lugar no noso entorno produtivo, coa finalidade de manter actualizadas as competencias dos nosos traballadores e de aumentar a competitividade das nosas empresas.
- Avanzar na investigación e desenvolvemento das cualificacións e da formación asociada, especialmente a formación para o emprego e os novos certificados de profesionalidade, a través do Instituto Galego de Cualificacións en colaboración coas demais administracións estatais e autonómicas e os axentes sociais.
- Potenciar a formación profesional para o emprego dirixida prioritariamente á poboación activa desempregada mellorando a súa cualificación e, polo tanto, as súas perspectivas de inserción laboral a través dunha oferta formativa axeitada ás necesidades do mercado de traballo. Especialmente, impulsar o desenvolvemento de accións formativas específicas destinadas ás persoas menores de 30 anos con baixa cualificación.
- Consolidar, desenvolver e potenciar as accións de formación profesional para o emprego dirixida prioritariamente ás persoas traballadoras ocupadas, como elemento fundamental para a mellora da capacitación profesional e a reciclaxe dos traballadores da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da impartición de programas de formación sectoriais, programas de formación transversais (dirixidos, respectivamente, a persoas traballadoras por conta allea, a persoas traballadoras ou socias das empresas da economía social e a persoas traballadoras autónomas) e programas de formación para a cualificación e o recoñecemento profesional.

- Potenciar a programación propia de cursos de formación profesional para o emprego en colaboración con outros departamentos da administración co obxecto de aproveitar ao máximo os centros e recursos dispoñibles na rede pública.
- Potenciar a programación de accións formativas dirixidas a persoas traballadoras desempregadas e ocupadas consistente en formación técnica e certificación oficial en produtos, servizos e metodoloxías TIC, e poñer en valor e priorizar as accións formativas máis vinculadas coas necesidades da Industria 4.0.
- Promover accións de formación en liderazgo e coaching para profesionais, directivas e emprendedoras, co fin de conseguir una maior presenza e fomento do papel das mulleres nos ámbitos de responsabilidade, así como facilitar a mellora da súa competitividade e empregabilidade profesional.
- Realizar cursos do certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego para formadores.
- Promover e potenciar os estudos técnicos e publicacións centrados esencialmente no campo das necesidades de formación profesional para o emprego, busca de emprego e orientación laboral e promoción do autoemprego, analizando as demandas dos sectores produtivos da economía galega e as súas cualificacións específicas.
- Potenciar a programación de accións formativas dirixidas á obtención dos certificados de profesionalidade e facilitar a adquisición das competencias clave requiridas para poder acceder aos cursos de formación para o emprego.
- Consolidar a xestión da formación profesional para o emprego coa introdución das medidas que, de ser o caso, se consideren oportunas no sistema informático que lles permita unha xestión máis áxil das accións formativas aos centros de formación, tanto da rede pública autonómica como privados ou de administración local.
- Consolidar a función de intermediación entre oferta e demanda de emprego, coordinando e adaptando o seu funcionamento ao sistema de información dos servizos públicos de emprego, que permite a transparencia do mercado de traballo a nivel nacional, facilitando a mobilidade xeográfica entre os demandantes.
- Mellorar a función de intermediación laboral, incrementándoa cunha atención específica e de calidade tanto a demandantes de emprego como a empregadores.
- Potenciar a mobilidade de demandantes de emprego a través da rede EURES (European Employment Services) mediante dous aspectos básicos:
- Achegamento das ofertas de traballo existentes noutros países da Unión Europea aos demandantes da comunidade autónoma.
- Atención ao mercado laboral transfronteirizo para facilitar a mobilidade dos traballadores entre Galicia e Portugal a través da oficina de coordinación do EURES TRANSFRONTEIRIZO GALICIA-NORTE DE PORTUGAL e dos Conselleiros EURES Transfronteirizos das provincias de Ourense e Pontevedra.
- Promover a formación dos técnicos e persoal do Servizo Público de Emprego de Galicia, atendendo, non so a súa reciclaxe profesional nas materias de xestión propias das

políticas activas de emprego, senón tamén en todas aquelas materias sensibles que teñan relación coa atención aos cidadáns e que deriven nunha xestión eficiente, moderna e próxima ao cidadán.

- Potenciar o procedemento de recoñecemento da cualificación profesional adquirida a través da experiencia laboral ou vías non formais de formación.
- Promover a implantación dos novos certificados de profesionalidade en Galicia, tanto dentro da oferta de formación para o emprego, como a través do procedemento de avaliación e acreditación da experiencia profesional.
- Potenciar a expedición de certificacións persoais para a manipulación de gases fluorados e autorizar aos centros para impartir a formación relativa a eles.
- Desenvolver accións de observación e de prospección que proporcionen información sobre a evolución do mercado de traballo en Galicia, ocupacións e perfís profesionais, co obxectivo de mellorar a eficacia das políticas activas de emprego e, en particular, a oferta de formación para o emprego.
- Impulsar a formación profesional dual, promovendo a modalidade contractual de formación e aprendizaxe, entendida como o conxunto de accións e iniciativas formativas que teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, combinando os procesos de ensinanza e aprendizaxe na empresa e no centro de formación.
- Promover o acceso ao mercado laboral das persoas novas cualificadas, proporcionándolles a posibilidade de adquirir práctica nun contorno real, incentivando o sistema de bolsas ás persoas novas que realicen prácticas non laborais en empresas.
- Promover a impartición e seguimento de accións formativas non financiadas por fondos públicos conducentes á obtención de certificados de profesionalidade.

Partindo destes obxectivos, as grandes liñas de acción da Dirección Xeral da Orientación e Promoción Laboral para o exercicio orzamentario 2018 van ser as seguintes:

- Xestión das políticas activas de emprego no marco da Estratexia Europea para o Emprego, a Estratexia Española de Activación para o Emprego, o Plan Anual de Política de Emprego (PAPE), a implementación en Galicia do Sistema de Garantía Xuvenil, creado polo Real decreto lei 8/2014, do 4 de xullo, do Programa Operativo FSE Emprego Xuvenil 2014-2020 e do Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020.
- Adopción de medidas dirixidas á mellora da inserción e reinserción laboral e para acadar mellores taxas de emprego, especialmente mediante o establecemento de actuacións específicas para aqueles colectivos con especiais dificultades de acceso ao mercado de traballo: persoas mozas sen cualificación, maiores de 45 anos, parados de longa duración, persoas que esgotaran as prestacións e subsidios por desemprego, persoas con discapacidade, mulleres, inmigrantes, emigrantes retornados e persoas en risco de exclusión social, especialmente beneficiarios da Renda de Integración social de Galicia e do Programa Extraordinario de Activación para o Emprego, regulado polo Real decreto



lei 16/2014, do 19 de decembro, polo que se regula o Programa de Activación para o Emprego.

- Xestión das políticas activas de emprego no ámbito da colaboración entre administracións e os axentes sociais.
- Consolidación da rede de información, orientación e busca de emprego, integrada nos diferentes programas e medidas de políticas activas de emprego, como instrumento de achegamento entre os demandantes e as necesidades reais do mercado de traballo.
- Modernización do Servizo Público de Emprego, co obxectivo de facilitar un servizo áxil e eficaz tanto para os demandantes de emprego como para os empresarios.
- Implantar os novos certificados de profesionalidade, garantindo o cumprimento dos novos requisitos, especialmente os de acceso do alumnado, mediante a convocatoria de probas de competencias clave, e a programación da formación asociada ás mesmas.
- Desenvolvemento dunha política integral e coordinada de formación e emprego que englobe a orientación, o asesoramento, a formación, a avaliación e acreditación de competencias, o fomento de iniciativas empresariais, os incentivos á contratación, a economía social, os programas de cooperación e outras medidas innovadoras que contribúan á consecución da creación de emprego e de riqueza.
- Promover estudos de diagnose e caracterización do mercado laboral en Galicia co fin de ter perspectivas tanto cuantitativas como cualitativas da evolución da demanda, da oferta e da contratación das profesións no mercado de traballo galego.
- Desenvolver o procedemento de recoñecemento das cualificacións profesionais adquiridas pola experiencia laboral principalmente a través de novas convocatorias deste procedemento que permitirán a acreditación oficial da competencia profesional das persoas contribuíndo así de xeito importante a fomentar a súa empregabilidade e permitindo abrir novas vías para acceder ou progresar no emprego, e/ou no mundo da formación.
- Participar de xeito activo na elaboración de novas cualificacións profesionais e de novos certificados de profesionalidade do Catálogo Nacional das Cualificacións Profesionais.
- Avanzar na posta en relación das cualificacións e da formación para o emprego cos sectores produtivos.
- Xestionar e rexistrar o procedemento de expedición das distintas certificacións persoais para a comercialización e manipulación de gases fluorados e equipamentos baseados neles.
- Impulsar o labor da Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo como instrumento necesario para favorecer a formación ao longo da vida dos traballadores mellorando a súa capacitación profesional e promoción persoal, proporcionando aos traballadores os coñecementos e as prácticas adecuadas aos requirimentos do mercado de traballo e as necesidades das empresas.

## II.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

### **INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO E DA COMPETENCIA - IGCC.**

- Reforzo das tarefas de asesoramento as persoas consumidoras galegas de maneira presencial e o través do teléfono de balde co que conta o IGCC.
- Potenciación da mediación entre persoas consumidoras e empresarios e profesionais.
- Promoción e potenciación da mediación e o sistema arbitral de consumo.
- Potenciación do Laboratorio de Consumo de Galicia.
- Reforzamento da actividade da Escola Galega de Consumo.
- Actuación en materia de control e vixilancia do mercado.
- Impulso á normativa en materia de consumo, a través do desenvolvemento da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.
- Promoción da competencia como medio para lograr unha maior eficiencia económica e estimular a competitividade das empresas.
- Control e asesoramento ás administracións públicas nas actividades que podan ter incidencia na libre competencia no mercado, tanto desde a perspectiva dos operadores económicos como das persoas consumidoras e usuarias.

### **INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAUDE LABORAL - ISSGA.**

A principal misión do ISSGA para o ano 2018, é dar continuidade á execución e coordinación das políticas públicas de seguridade e saúde no traballo que se deseñan e acordan no marco do Diálogo Social do Goberno Galego e que se plasman nas sucesivas estratexias na materia.

Nas ditas Estratexias establécese o marco de actuación a medio prazo, estruturándose nunha serie de obxectivos, liñas de actuación e medidas que o ISSGA debe desenvolver por si só ou en colaboración con outras unidades administrativas con competencias concorrentes na materia de prevención de riscos laborais e/ou coa participación de axentes sociais, entidades ou organizacións implicadas no eido laboral, sanitario ou de prevención.

A Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo 2017-2020 está chamada a concretar o marco estratéxico da Unión Europea en materia de seguridade e saúde no traballo 2014-2020, aprobado pola Comisión Europea o 6 de xuño de 2014, e a estratexia española 2015-2020, aprobada en Consello de Ministros con data 24 de abril de 2015.

Neste contexto de políticas en materia de seguridade e saúde laboral e, partindo de que un dos obxectivos estratéxicos da Comisión Europea, traballado en estreita colaboración cos Estados membros e os interlocutores sociais, é garantir un entorno de traballo seguro e saudable

para o conxunto dos traballadores, e dado que os riscos son similares, corresponde ao ISSGA afrontar tales riscos de forma máis eficaz, dado o balance de situación, contrastando os avances e os problemas pendentes neste ámbito.

Os principais retos destas políticas públicas son:

1. Mellorar o historial de aplicación en Galicia, en particular mediante o reforzo da capacidade das microempresas e pequenas empresas, para poñer en marcha medidas efectivas e eficaces para a prevención do risco.
2. Mellorar a prevención das enfermidades relacionadas co traballo, combatendo os riscos existentes, novos e emerxentes.
3. Combater o cambio demográfico; é necesario crear un entorno seguro e saudable dunha man de obra cada vez máis diversificada e capaz de prolongar adecuadamente a súa vida laboral, con intervencións dirixidas aos traballadores de máis idade.

Son tamén obxectivos claves a consolidación do ISSGA como o instrumento de execución e de coordinación no eido da prevención dos riscos laborais da Xunta de Galicia para desempeñar un papel aínda máis importante e sistemático na implementación de estratexias das políticas e os recursos públicos dedicados a este ámbito, coa presenza cualificada no instituto dos outros actores implicados (representantes de empresarios e traballadores).

Debe facerse especial incidencia en todas as actuacións do ISSGA nas distintas disciplinas preventivas (seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicocioloxía aplicada e medicina do traballo) e na área de formación, documentación e divulgación no seguinte:

1. Facilitar o cumprimento da lexislación en materia de saúde e seguridade no traballo, en particular por parte de microempresas e pequenas empresas.
2. Mellorar a garantía do cumprimento da lexislación en materia de seguridade e saúde no traballo por parte dos órganos técnicos en materia de prevención de riscos laborais, promovendo a coordinación e a colaboración coas unidades directivas con competencias na materia e coa participación dos axentes sociais.
3. Colaborar e participar para a simplificación da lexislación vixente.
4. Xestionar o envellecemento da man de obra, os novos riscos emerxentes e a prevención de enfermidades profesionais e enfermidades relacionadas co traballo.
5. Mellorar a recollida de datos estatísticos, desenvolver bases de información e a calidade e fiabilidade dos datos.
6. Xestionar a información, formación e o asesoramento técnico, transmitindo o coñecemento derivado de proxectos de investigación e plans de execución en sectores de alto risco ou en empresas con altos índices de sinistralidade.
7. Adquirir e transmitir coñecemento sobre os novos riscos, factores cruzados, etc, de xeito integral e desde todas as especialidades preventivas.

Na Estratexia Galega ocupan un lugar prioritario e preferente sectores de actividade con peso na nosa comunidade, como a pesca e o agro, tanto polos seus riscos e seus índices de sinistralidade, como polas súas peculiaridades ou estruturas, que dificultan unha adecuada xestión da prevención, motivo polo que demandan unha especial preocupación polos poderes públicos. De igual xeito existe unha especial incidencia na promoción da igualdade de xénero nas políticas preventivas e nos colectivos de especial sensibilidade.

### **II.3. DAS ENTIDADES PUBLICAS INSTRUMENTAIS DE CONSULTA OU ASESORAMENTO**

#### **CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS - CGRL**

O obxectivo do Consello Galego de Relacións Laborais é contribuír á mellora das relacións laborais en Galicia, mediante o fomento do diálogo entre organizacións sindicais e empresariais, especialmente co apoio material e técnico ás mesas de negociación e ás comisións paritarias dos convenios colectivos e co impulso dos acordos a través da xestión dos sistemas de solución extraxudicial de conflitos de traballo. Así mesmo, o Consello Galego de Relacións Laborais contribúe a promover a igualdade de xénero nas relacións laborais co traballo da Comisión Consultiva Autónoma entre Mulleres e Homes para a Igualdade na Negociación Colectiva, adscrita organicamente ó organismo.

Para a consecución destes obxectivos, o Consello desenvolve as seguintes liñas de acción:

1. Mellora das condicións laborais a través do fomento da negociación colectiva.
2. Facilitar a consecución de acordos en materia de relacións laborais mediante a xestión dos procedementos previstos no AGA (mediación e arbitraje).
3. Promover a implantación de cláusulas de igualdade de xénero na negociación colectiva e fomentar a elaboración de plans de igualdade.
4. Fomentar a formación e información en materia de relacións laborais e de igualdade de xénero.
5. Mellora dos contidos dos convenios colectivos a través de recomendacións ás comisións negociadoras e cláusulas tipo.

Estas liñas de accións se desenvolven coas seguintes actuacións:

#### **I. Mellora das condicións laborais.**

I.1. Elaborar, por propia iniciativa, estudos e informes e remitilos ós departamentos da Administración autonómica e de calquera outra institución da comunidade autónoma e formularlles propostas en materia de política laboral.

1.2. Emitir os ditames sobre os proxectos normativos en materia laboral dos organismos e departamentos da Administración autonómica e doutras institucións da comunidade autónoma, que lle sexan solicitados preceptivamente.

1.3. Fomentar e ampliar a negociación colectiva dentro do respecto ó principio de autonomía colectiva consagrado no artigo 37.1º da Constitución española e impulsar unha axeitada estrutura dos convenios nos ámbitos territorial e sectorial.

1.4. Preparar e redactar propostas relativas a acordos laborais e recomendarlles a súa aplicación ás organizacións empresariais e sindicais.

1.5. Promover a creación de comisións paritarias nos diversos ámbitos de negociación colectiva, coa composición e as competencias que este determine.

1.6. Solicitar e recibir dos órganos competentes da Administración autonómica e de calquera outra institución da comunidade autónoma canta información precise para o desempeño das súas funcións.

1.7. Desenvolver as funcións que o Real decreto 718/2005, do 20 de xuño, polo que se aproba o procedemento de extensión de convenios colectivos, establece nos artigos 6 e 7.2º.

1.8. Aprobar o informe anual sobre a situación socio laboral na comunidade autónoma e o plan e a memoria anuais sobre a actuación do Consello Galego de Relacións Laborais e acordar a súa edición e publicación.

1.9. Aprobar a creación das comisións de traballo e as súas competencias.

1.10. Promover a participación das organizacións sindicais e empresariais, de profesionais vencellados coas relacións laborais e das persoas interesadas en xeral, en cursos e xornadas de análise da actualidade laboral.

1.11. Realizar actividades formativas a cadros empresariais e sindicais sobre prácticas óptimas para unha mellor negociación laboral, así como un curso superior de relacións laborais.

## 2. Facilitar a consecución de acordos en materia de relacións laborais.

2.1. Promover e facilitar a mediación e arbitraje nos conflitos laborais, ao abeiro do Acordo Interprofesional Galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA), por pedimento das partes interesadas. Para tal fin, poderá efectuar propostas, recomendacións e ofrecer arbitrxes ou mediacións, en especial respecto dos conflitos de ampla repercusión na comunidade autónoma.

2.2. Xestionar os acordos que lle sexan encomendados polas entidades recoñecidas como interlocutoras sociais.

2.3. Ter información actualizada do desenvolvemento do AGA, así como controlar o seu funcionamento e impulsar a súa ampliación.

3. Promover a implantación de cláusulas de igualdade de xénero na negociación colectiva e fomentar a elaboración de plans de igualdade a través da actuación da Comisión Consultiva Autónoma para a Igualdade na Negociación Colectiva entre Mulleres e Homes, adscrita orgánicamente ó Consello Galego de Relacións Laborais.

3.1. Asesorar ás partes negociadoras, que así o soliciten, na redacción e aplicación de cláusulas que promovan a igualdade entre mulleres e homes nas relacións laborais, co obxectivo de eliminar ou evitar a aparición de cláusulas que impliquen condutas discriminatorias por razón de xénero.

3.2. Revisar os convenios colectivos que lle son remitidos polo departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, para analizar a existencia de cláusulas discriminatorias.

3.3. Desenvolver actividades de formación en igualdade de xénero, nos termos que se acorde, como a realización de cursos e xomadas de debate e difusión de cuestións relacionadas coa promoción da igualdade entre mulleres e homes no ámbito das relacións laborais.

3.4. Elaborar recomendacións xerais de boas prácticas en materia de igualdade na negociación colectiva para contribuír á efectiva aplicación do principio de igualdade de trato e de oportunidades na regulación do acceso e das condicións de traballo das persoas traballadoras e para garantir o dereito das mulleres e dos homes á conciliación da vida laboral e familiar, a protección da saúde e a seguridade das mulleres por razón de maternidade, embarazo e lactación.

3.5. Editar e publicar estudos e informes sobre cláusulas de igualdade na negociación colectiva e sobre a negociación de plans de igualdade.

4. Fomentar a estabilidade no emprego e a mellora das condicións de empregabilidade a través da negociación colectiva.

4.1. Estudar e impulsar a negociación colectiva, dentro do respecto ao principio de autonomía colectiva consagrado no artigo 37.1º da Constitución española.

4.2. Desenvolver un tratamento técnico e estatístico que permita a explotación, a análise científica e a obtención dun diagnóstico axeitado da realidade negocial galega.

4.3. Facer un seguimento da negociación colectiva desenvolvida en Galicia, tanto desde un punto de vista dos contidos dos convenios colectivos como da estrutura da negociación.

4.4. Estudar o contido dos convenios colectivos e trasladar as conclusións ás respectivas comisións negociadoras, así como facer propostas de mellora, para adaptalos ás novas situacións e realidades do mercado de traballo.

4.5. Formular e promover propostas de boas prácticas na negociación colectiva e difundir e promover as boas prácticas xa existentes.

- 4.6. Elaborar estudos monográficos sobre aspectos concretos da negociación colectiva galega.
  - 4.7. Analizar e proxectar realidades emerxentes e novidades no ámbito da negociación colectiva galega.
  - 4.8. Realizar propostas sobre a ampliación da negociación colectiva e a adecuada estrutura dos convenios colectivos nos ámbitos territorial e sectorial, dentro do respecto á autonomía colectiva recollido no artigo 37.1 da Constitución española.
  - 4.9. Emitir ditame non vinculante en orde a determinar a aplicación ou non dun convenio colectivo vixente a unha empresa ou centro de traballo, sen prexuízo da competencia da xurisdición social.
  - 4.10. Apoiar material e tecnicamente e asesorar ás mesas negociadoras e ás comisións paritarias na negociación e nos bloqueos de convenios colectivos e fomentar o diálogo entre organizacións sindicais e empresariais.
5. Mellora dos contidos dos convenios colectivos a través de recomendacións ás comisións negociadoras e cláusulas tipo.
- 5.1. Elaboración, co respecto do principio de autonomía colectiva consagrado no artigo 37.1 da Constitución, de recomendacións e cláusulas tipo dirixidas ás mesas negociadoras e comisións paritarias para mellorar os contidos dos convenios colectivos.

## II.4. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

### **AXENCIA GALEGA DE INNOVACION - GAIN.**

- A coordinación das políticas da RIS3 para a consecución dun maior desenvolvemento económico e social no contexto da nova Política de Cohesión Comunitaria para o período 2014-2020.
- O desenvolvemento dun Polo de Investigación e Tecnoloxía Aeroespacial, a través de diversas actuacións:
  - A creación e desenvolvemento dun parque tecnolóxico aeronáutico, infraestrutura composta polo aeródromo de Rozas destinado a UAVs de uso civil e o novo Centro de Investigación Aerotransportada Inta-Xunta (CIAR)
  - A promoción da utilización dos UAVs no ámbito civil e especialmente na mellora dos servizos públicos mediante a colaboración público-privada con varios socios estratéxicos tecnolóxicos e industriais a través dun acordo de Asociación para o Desenvolvemento Precomercial seleccionados na denominada Fase I-"Request For Proposal" (RFP-A), así como mediante procesos de contratación pública innovadora de solucións concretas (compra precomercial, compra pública de tecnoloxía innovadora e asociación para la innovación) seleccionados na denominada da Fase II-RFP-B. POLO AEROESPACIAL

- O fomento do investimento privado a través da xeración de alianzas estratéxicas con empresas tractoras que coinvistan coa Administración no desenvolvemento de grandes proxectos de I+D orientados á renovación do modelo produtivo de Galicia para consolidar un crecemento intelixente e sustentable da economía galega que permita acadar un novo modelo industrial sustentado na competitividade e no coñecemento e aumentar a intensidade tecnolóxica da estrutura industrial de Galicia. INDUSTRIA 4,0
- A captación, retención e recuperación do persoal investigador excelente mediante:
  - A contratación por parte de GAIN do persoal investigador beneficiario dunha bolsa do “European Research Council”.
  - O apoio á excelencia: impulsando a actividade e o desenvolvemento daquel persoal investigador cunha traxectoria consolidada que supere a fase primeira no proceso de avaliación das bolsas do programa ERC e que non recibiran financiamento. Dotarase ao persoal investigador con recursos económicos e asesoramento co fin de impulsar a súa actividade investigadora e potenciar a consecución de resultados de impacto de cara a participación en convocatorias futuras do ERC.
  - O fomento da excelencia: estimulando a participación nos programas do ERC de investigadores que amosen un alto potencial e unha carreira investigadora prometedora, co conseguinte efecto tractor de fondos europeos. OPORTUNIUS
- A participación na rede galega de aceleradoras de innovación. O apoio aos programas de aceleración de empresas dende a fase inicial do nacemento empresarial, a través de servizos de formación, asesoramento e a achega de capital semente. ACELARADORAS e Fondo GIE
- O apoio ós proxectos de investigación que se atopan nun estado de madurez tecnolóxica que xa superou a fase de investigación fundamental, pero requiren dun impulso que permita a validación da tecnoloxía e a posterior transferencia ó mercado dos resultados. IGNICIA
- O impulso do crecemento sostible da empresa innovadora nos sectores da agroalimentación, biotecnoloxía e biomasa, a través do Programa Agrobiotech Innovación, que persegue impulsar a consolidación das pemes innovadoras galegas en fase de crecemento e o fortalecemento do emprego tecnolóxico cualificado, a través dun plan de traballo práctico individualizado para cada peme e actividades transversais para os sectores. AGROBIOTECH
- As axudas para o financiamento dos custos de implementación dos plans de innovación das empresas destinadas ao financiamento das actividades integradas en plans de innovación que lles permitan sistematizar os procesos de innovación da empresa. INNOVA-PEME (Absorción)
- O fomento da cooperación entre as empresas, especialmente Pemes, e os demais axentes do Sistema Rexional de Innovación, particularmente cos axentes xeradores de coñecemento, a través do apoio a proxectos de investigación e innovación orientados ao mercado (proxectos de investigación industrial, desenvolvemento experimental, innovación en materia de procesos e organización). CONECTA PEME



- O fortalecemento de centros de xeración de coñecemento a través do financiamento dos seus gastos de estrutura tendo en conta en relación coa posta en valor das súas actividades de I+D, a súa capacidade de transferencia ao mercado, así como a captación de recursos de I+D+I competitivos en programas nacionais e internacionais. CONTRA-TOS PROGRAMA
- As axudas aos investimentos en equipamentos para proxectos de I+D+i que aumenten a capacidade competitiva dos Centros Tecnolóxicos e a súa capacidade de transferencia tecnolóxica ao mercado. EQUIPAMENTO
- A mobilización e atracción de capital privado para os procesos de innovación galegos a través das unidades mixtas de investigación que teñen como propósito o desenvolvemento de iniciativas de colaboración focalizadas nun contexto limitado de áreas de singularidade estratéxica para o conxunto da rexión mediante a creación de consorcios estratéxicos rexionais entre as universidades, os centros de innovación tecnolóxica e as empresas. UNIDADES MIXTAS
- As axudas para o fomento da contratación de persoal dedicado a actividades de I+D+i, co fin de favorecer a súa carreira profesional e a incorporación de talento investigador en empresas e organismos de investigación. PRINCIPIA, PRE E POS E TALENTO EN XERAL
- Consolidar, estruturar e especializar as unidades de investigación máis competitivas do Sistema galego de I+D+i mediante o apoio aos grupos de referencia competitiva, ós grupos con potencial de crecemento e a redes de investigación. GRUPOS DE INVESTIGACIÓN
- O fomento da colaboración entre os diferentes axentes do sistema de innovación que permita integrar nunha soa estrutura as diferentes fases do proceso innovador, dende a formación e a xeración de coñecementos ata a súa implantación no tecido industrial. COIN
- Fondos de capital risco dirixidos a proxectos empresariais de marcado carácter innovador e de apoio en xeral, financiando investimentos en diferentes sectores. FONDO I2C E XESINNOVA
- As axudas para dinamizar a participación das empresas nas iniciativas de H2020. H2020
- A participación en proxectos europeos de diferentes iniciativas (Interreg Europe, POC-TEP ou Horizonte2020) co obxectivo de fortalecer a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación e mellorar a excelencia científica no espazo de cooperación transfronteiriza de Galicia e Portugal e nas alíneas de investigación con potencial para seren máis competitiva internacionalmente.
- Xestión do Centro de Innovación e Servizos do Deseño e a Tecnoloxía e apoio de proxectos que requiran do deseño e xeración de aplicacións informáticas baseadas na realidade virtual, na realidade aumentada e na estereoscopia, e transferencia de tecnoloxía.

## **INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA - IGAPE.**

O Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), incardínase no conxunto de medidas do Goberno da Comunidade Autónoma dirixidas a promover a economía galega, favorecer o emprendemento e o crecemento empresarial a través da internacionalización e a competitividade do conxunto do territorio e das empresas galegas.

Estas medidas están dirixidas:

- Ó impulso e consolidación da actividade económica das empresas.
- A dar resposta ás esixencias do escenario económico actual, caracterizado pola importante presenza de restricións financeiras e dificultades para continuar o crecemento da nosa economía e do noso tecido empresarial.
- Á consolidación e fortalecemento do programa de apoio á internacionalización das pemes galegas.
- Ó fomento da competitividade e da produtividade e ó impulso da participación e cooperación entre os axentes económicos galegos.
- Ó desenvolvemento da política industrial de Galicia, en colaboración cos clúster galegos e de acordo coa Axenda de competitividade Galicia: Industria 4.0.
- Ó apoio integral ó emprendemento, de acordo coa Lei do Emprendemento e da Competitividade Económica de Galicia.
- Á atracción de novos investimentos empresariais internacionais que contribúan á creación de emprego e ó fortalecemento do tecido produtivo e de servizos en Galicia.
- A favorecer o equilibrio territorial.

Os orzamentos de 2018 estrutúranse en torno á estratexia do IGAPE no marco 2014-2020 e á posta en marcha dos diferentes programas e plans de actuación, que integran medidas configuradas de xeito conxunto, nas bases reguladoras dos apoios xestionados polo Instituto, xunto con instrumentos financeiros, servizos e novas actuacións.

Os plans de actuación do IGAPE materializan o compromiso coa reactivación da economía da nosa Comunidade e a mellora da competitividade das empresas galegas.

Programas e plans de actuación do IGAPE no ano 2018:

1º.- Programa Competitividade Empresarial.- A mellora da competitividade das pemes eixe central da actuación do IGAPE, verase reforzada pola posta en marcha de novas medidas e actuacións da Axenda da Competitividade de Galicia Industria 4.0.

Este programa execútase na súa maior parte a través do IGAPE, e contempla accións en catro eixos: factores territoriais de competitividade, capitalización e crecemento, as persoas e or-

ganizacións e os mercados, como elementos claves y críticos para a competitividade da economía galega e, por extensión, da súa industria.

Deste xeito, no despregue de medidas correspondentes aos eixes anteriores cara á mellora da competitividade do tecido empresarial, no ano 2018, o IGAPE contempla accións específicas, como son:

- Subvencións ao abeiro dos diferentes programas existentes para incentivar melloras na xestión empresarial, especialmente no eido da implantación de sistemas e solucións de dixitalización así como na capacitación de directivos e mandos intermedios fronte ao reto 4.0 da economía.
- Iniciativas de colaboración con entidades galegas sen fin de lucro para o artellamento de iniciativas singulares de apoio a solucións de colaboración e intelixencia competitiva nas empresas galegas.
- Prestación de servizos, a través do programa “Re-Acciona” renovado e reforzado co obxectivo de contribuír á mellora competitiva da empresa, mediante servizos avanzados de profesionalización empresarial e de desenvolvemento estratéxico das empresas que se verán complementados por novos servizos de dixitalización industrial e industria 4.0.
- Accións estratéxicas para os fondos 2014-2020 como o seguimento e control do portal doing business galicia, sistema activo de seguimento da normativa, licenzas e permisos, atrancos e dificultades normativas ou de xestión pública para as empresas; actualización continua da dispoñibilidade de solo e infraestruturas e das políticas enerxéticas, das capacidades de telecomunicacións e TICs en beneficio da actividade empresarial, así como a emisión dunha ‘Estratexia Integral de Optimización Loxística de Galicia’ que estableza as pautas e recomendacións principais cara ao ordenamento e optimización do sistema de infraestruturas e comunicacións loxísticas galegas.

A importancia dos clúster para a política industrial de Galicia vén manifestada de dúas formas principais: en primeiro lugar, no papel dos mesmos como panca fundamental na Axenda da Competitividade de Galicia Industria 4.0, en segundo lugar, cunha política específica que durante o ano 2018 se concreta en:

- Continuar a promover a excelencia nos clúster.
- Facer un seguimento activo dos proxectos comprometidos polos clúster na concesión das axudas á gobernanza que lles sexan concedidas, así como difundir e poñer en valor as mellores prácticas para o aproveitamento mais amplo posible dos resultados da política de clústers.
- Promover a través dos propios clústers a execución de proxectos de hibridación intersectorial para a xeración de novos produtos ou servizos conxugando as diferentes capacidades de eidos de actividade non conexas.
- Xerar mais e mellores proxectos de implantación de tecnoloxías Industria 4.0 nas pemes agrupadas en proxectos colectivos así como divulgar as posibilidades e vantaxes do

sistemas TIC aplicados á xestión optimizada de procesos interempresariais complexos, tanto de cara á integración vertical como horizontal das pemes mediante estas solucións de proceso.

2º.- Plan Galicia Investe.- O IGAPE no ano 2018 porá en marcha liñas de actuación a través de axudas e instrumentos financeiros que contribuirán:

- A favorecer un nivel equilibrado de fondos propios nos balances das pemes.
- Á estruturación de pasivos a curto en pasivos a longo prazo, para unha axeitada composición do pasivo fixo e circulante das pemes.
- A estimular unha maior dimensión das empresas galegas.
- A promover a diversificación, reorientación ou cambio de negocio a partir da hibridación e a correspondencia oferta/demanda sectorial.
- A apoiar o investimento e o crecemento empresarial

As actuacións específicas neste plan son:

- Subvencións ó abeiro dos diferentes programas existentes para incentivar o investimento e crecemento empresarial.
- Bonificación do custe financeiro do financiamento a longo prazo para investimentos en activo fixo e circulante, mediante convenios de colaboración coas entidades financeiras e sociedades de garantía recíproca.
- Facilitando o acceso ao financiamento operativo avalando operacións de circulante, mediante convenios coas sociedades de garantía recíproca, tanto nun ámbito xeral, programa "Resolve", coma no ámbito específico de apoio ás explotacións leiteiras.
- Facilitando o acceso ao financiamento de emprendedores e microempresas, mediante programas de "microcréditos".
- Avais directos para facilitar o acceso ó financiamento de investimentos e de capital circulante.
- Préstamos para facilitar ó acceso ó crédito de proxectos economicamente viables que atopen dificultades de acceso ó financiamento ou a custes comparativamente superiores.
- Programa de préstamos directos para financiar proxectos de inversión na Comunidade Autónoma de Galicia con fondos do BEI.

Para as diversas actuacións, o IGAPE contará coa colaboración de distintos organismos facilitadores de financiamento (entidades financeiras, sociedades de garantía recíproca e instituto de crédito oficial). A participación do IGAPE no marco destes convenios suporá a concesión de avais e reavais, compensacións ás SGRs e, no seu caso, subsidiación de xuros.

Ademais dos propios apoios do Instituto, as medidas de impulso dos investimentos empresariais complementáanse coa coordinación e acompañamento ás empresas nos apoios ofrecidos polo Ministerio de Economía, a través da liña de incentivos económicos rexionais, e outras liñas como as de Reindustrialización do Ministerio de Industria.

3º.- Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega 2020.- Contribuirá a fomentar a internacionalización, como base para a competitividade do tecido empresarial galego.

A través de actuacións, medidas, servizos e instrumentos, a actuación do IGAPE focalizarase no aumento e consolidación no exterior das empresas galegas. Así como á atracción de inversión produtiva, comercial e financeira cara á Galicia, contribuíndo á promoción económica e ao crecemento empresarial.

As liñas de actuación no ano 2018, promoverán:

- A cultura da internacionalización: mediante formación de xóvenes profesionais e especialización e capacitación dos recursos humanos das empresas.
- Incrementar e consolidar a presenza das empresas galegas nos mercados internacionais: mediante identificación de mercados e oportunidades nos que as capacidades das empresas galegas presentan vantaxes competitivas. E desenvolvemento e programas/ accións en función de ditas oportunidades e das necesidades das empresas galegas con potencialidade para as mesmas.
- Consolidar a imaxe de Galicia no exterior: para mellorar o posicionamento de Galicia e a percepción dos produtos e servizos. Imaxe de marca.
- Fomentar a cooperación empresarial e institucional en prol da imaxe de Galicia e das súas empresas no exterior.
- A atracción de investimento do exterior que contribúa a incrementar o tecido produtivo galego, a crear novos postos de traballo e a completar cadeas de valor sectoriais.

O IGAPE, como coordinador das políticas de Internacionalización da Xunta de Galicia, baseará a súa actuación no ano 2018 reforzando a colaboración e coordinación entre os distintos axentes públicos e privados para lograr unha xanela única de información e actuación de todo proceso de internacionalización empresarial.

Na procura de multiplicar a eficiencia dos recursos públicos, no ano 2018 o IGAPE prestará especial atención ás iniciativas de colaboración de entidades e principais organizacións empresariais que traballan no ámbito da internacionalización.

A cooperación empresarial será fundamental para poder seguir avanzando, con paso firme, cara á consolidación das empresas galegas nos mercados exteriores máis activos polo que incidiremos especialmente en programas orientados a fomentar e facilitar a cooperación empresarial

de cara á internacionalización conxunta ou ao intercambio de boas prácticas en internacionalización.

Os ámbitos de actuación dos programas 2018 clasifícanse en axudas e servizos para:

- Formación e capacitación.
- Promoción internacional.
- Captación de investimentos.

Inténtase que os programas estean relacionados entre si para que se trate dun conxunto de medidas complementarias en aras duns obxectivos concretos previamente definidos.

O detalle dos programas previstos para 2018 e o seguinte:

- Programas de primeira exportación: diagnóstico e orientación nas accións preparatorias e iniciais do proceso de internacionalización.
- Programas que fomentan o interese dos mozos na especialización en comercio exterior, que faciliten o acceso ó mercado laboral de persoal especializado e que faciliten ás empresas galegas a incorporación nos seus cadros de persoal especializado para poder por en marcha os seus proxectos de internacionalización. Aproveitamento da rede de boseiros como pancas de coñecemento e experiencias en internacionalización.
- Formación, titorización e prácticas laborais para adquisición de competencias en materia de internacionalización empresarial.
- Programas de información e formación. Intensificación e capacitación formativa para empresas, e directivos en internacionalización.
- Programas de apoio á mercadotecnia internacional, especialmente a promoción dixital.
- Programas que faciliten a participación en eventos expositivos e a prospección de novos mercados.
- Programas que fomentan a cooperación entre empresas galegas entre si: axudas para accións agrupadas a través de organismos intermedios, así como servizos para facilitar a posta en contacto entre empresas complementarias e apoiar a consecución de acordos de grupos de internacionalización.
- Organización e financiamento de accións de promoción agrupada, que respondan a reforzar outros programas (formación, licitacións) e que aproveiten a sinerxías con outros organismos (ICEX, institucións doutras comunidades autónomas).
- Servizos de apoio en destino que á súa vez detecten oportunidades de negocio, de modo que se xeren proxectos que se propoñan ás empresas galegas.

Entre as accións específicas a levar a cabo en materia de captación de investimentos cabe destacar as seguintes:

- Concurso de captación de proxectos empresariais especificamente dirixido a consultoras con presenza global.
- Actuacións dirixidas a aproveitar a localización marítima vantaxosa de Galicia como Porto de entrada dende o continente americano a Europa, traballar especificamente, en colaboración co sector loxístico galego, para converter Galicia nun Hub para España e Portugal en algún/s produto/s de consumo masivo agroalimentario.
- Continuar desenvolvendo accións específicas coas Asociacións de Empresarios Galegos no Exterior, encamiñadas tanto a busca de posibles investimentos como ao apoio ás exportacións de produtos e empresas galegas. En definitiva continuar desenvolvendo A REDE.
- Continuar traballando, de tal xeito que Galicia poida darse a coñecer como destino de novos investimentos en sectores e mercados específicos.
- Desenvolver novos acordos de colaboración con Axencias Nacionais e Rexionais de Desenvolvemento.
- Desenvolver unha liña de actuación conxunta con XESGALICIA de cara á apoiar máis intensamente proxectos captados a través das accións de captación de investimentos.

4º.- Programa Galicia Emprende.- A Lei 9/2013 do Emprendemento e da Competitividade Económica de Galicia atribúe ó IGAPE a responsabilidade de desenvolver unha serie de medidas, que son o fío condutor neste eido dos orzamentos para os vindeiros anos.

O ano 2018 suporá continuar o desenvolvemento das actuacións previstas na Lei, e as medidas promoverán o impulso da recuperación de tecido empresarial pola creación de novas empresas.

Entre os seus obxectivos:

- Favorecer a creación de empresas e a creación de emprego.
- Desenvolvemento total da Unidade Galicia Emprende como instrumento para vertebrar e coordinar o ecosistema emprendedor galego e acadar indicadores máis altos de actividade emprendedora en Galicia a corto, medio e longo prazo.
- Profundizar na utilización e aplicación a novos proxectos de emprendemento do fondo 'Galicia Iniciativas emprendedoras.
- Seguir impulsando a rede galega de investidores particulares e incrementar a aplicación de capital privado no apoio ás novas empresas.
- Crear e visibilizar a rede de viveiros e incubadoras de Galicia.
- Portal do emprendedor.

Neste sentido, a Unidade Galicia Emprende de información, asesoramento e avaliación, unha vez aprobado o regulamento, irase ampliando coa adhesión dos axentes que, dentro do

territorio galego, soliciten a súa adscrición e faciliten apoio ós emprendedores de xeito coordinado co IGAPE.

Desde esta Unidade articularase un espazo telemático de visibilización e de cooperación da rede galega de viveiros e incubadoras, da rede galega de investidores privados e de tódolos recursos de interese para os emprendedores galegos.

Inclúense tamén nos orzamentos a xestión dos instrumentos financeiros de diferentes tipoloxías que serán articulados para o financiamento do emprendemento: préstamos, créditos, garantías ou avais.

Estableceranse igualmente incentivos a fondo perdido, co cofinanciamento do FEDER, para apoiar os investimentos e gastos iniciais necesarios para a posta en marcha de empresas constituídas por suxeitos ós/ás que sexa de aplicación a antedita Lei e continuarase co sistema de subvención a fondo perdido para iniciativas emprendedoras no medio rural cofinanciadas co FEADER e xestionadas polo IGAPE.

A potenciación dos instrumentos de sensibilización e difusión, incluíndo outras accións de apoio para a extensión da cultura emprendedora, incluíndo o ámbito educativo (DEUEMPRENDE), forman parte deste eixe que se completa con servizos gratuítos de titorización, formación e acompañamento a potenciais emprendedores coa colaboración de mentores inscritos na rede de mentores do IGAPE.

5º.- Programa Galicia Capacita.- Como elemento e peza clave na mellora da competitividade das empresa galegas, o IGAPE desenvolverá un programa de formación e desenrolo directivo.

No Programa Galicia Capacita contémpanse accións en tres eixos: formación e difusión, profesionalización, estratexia e novos modelos de negocio e cooperación. Estes tres aspectos resultan totalmente determinantes da competitividade das persoas e as organizacións e, polo tanto, das competencias necesarias para a profesionalización das empresas e así incrementar a súa solidez, capacidade de resistencia ante circunstancias adversas e afirmar as bases dun crecemento sostido e sostible a medio e longo prazo.

Impulsar a participación e a cooperación entre os axentes económicos galegos é outra das medidas sinaladas para contribuír a capacitación, ao desenvolvemento e á modernización empresarial, que o Instituto vén facendo, especialmente nos últimos anos. Deste xeito contribuír a que tódolos axentes e organismos de Galicia colaboren de maneira coordinada para mellorar o tecido empresarial e situar a Galicia como unha rexión atractiva para investir e traballar é o principal obxectivo deste pilar nos plans de actuación do Instituto, que ten como principais axentes aos clúster e organismos intermedios de carácter empresarial.

Deste xeito, cara á capacitación do tecido empresarial, os orzamentos contemplan accións específicas nestes eidos, como son:



- Acordos e convenios con axentes clave para a formación, a difusión de tendencias de xerencia e xestión e o desenvolvemento directivo dos administradores, directivos e mandos intermedios da peme galega.
- Un gran programa de difusión, formación e capacitación de mandos intermedios empresariais, directivos e Consellos de Administración, como chave de éxito das pemes cara ó futuro e que pretende exercer un impulso de cambio na acción dos cadros de mando das pemes galegas e, consecuentemente, o lanzamento de novas estratexias cara ó crecemento e a internacionalización de xeito decidido.
- Liñas de formación práctica axeitadas as necesidades da peme galega e fomentar a intelixencia competitiva e a penetración acelerada da tecnoloxías da Industria 4.0.
- Prestación de servizos diferenciais, de alto valor, a través do programa "Re-Acciona" e "ReAccion TIC-I4.0". Servizos avanzados de profesionalización empresarial e de desenvolvemento estratéxico, xa consolidados durante os anos 2013 ao 2016, complementados xa no pasado 2017 con servizos de dixitalización industrial e Industria 4.0.

Moitas das liñas de actuación neste plan, acometeranse en colaboración con entidades e organismos dedicados a formación e capacitación de directivos e mandos intermedios, como as escolas de negocios, a Asociación para Progreso da Dirección...

6º.- Programa Galicia Equilibra.- Como elemento garante dun desenvolvemento equilibrado, o IGAPE no ano 2018 porá en marcha actuacións, cos seguintes obxectivos:

- Potenciar e favorecer o desenvolvemento equilibrado dos distintos territorios de Galicia, mediante a elaboración de plans de desenvolvemento territorial para zonas específicas, con un modelo único refundido coas estratexias xerais e particulares da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Crear e implantar un índice de Competitividade Territorial ( ITC) como elemento de medida da competitividade, para acadar unha medición integral da efectividade das accións, e comparativa con outros territorios.
- Promover, fomentar e potenciar actividades económicas que favorezan o desenvolvemento equilibrado e integrado tanto en termos sectoriais como territoriais.
- Impulsar a interacción co tecido produtivo estimulando a confianza deste no seu papel como axente de desenvolvemento territorial.
- Coordinar actuacións das distintas administracións para acercar o apoio integral a cada proxecto, para acadar maior efectividade, no desenvolvemento económico e sostible do territorio.

7º.- Proxectos en cooperación.- No ano 2018, o IGAPE continúa reforzando e impulsando proxectos en cooperación:

- Galacteaplus da Rede Empresarial Europea.- xunto co IGAPE participan organizacións de Asturias, Cantabria e Castela e León, ten como obxectivo principal mellorar a posición das empresas galegas no mercado interior europeo e, incrementar a competitividade a través do fomento da innovación e a cooperación promovendo sinerxías entre socios da rede.
- Rede Asociacións de empresarios galegos nos exterior –impulsada polo IGA-PE - constitúe un activo con gran potencial dinamizador da internacionalización ao ofrecer ao empresario galego interesado no mercado exterior un apoio singular que pode serlle de grande utilidade. As asociacións de empresarios de orixe galega vincúlanse voluntariamente a Galicia e poñen a disposición do tecido empresarial galego a experiencia, o especial coñecemento do mercado e o seu saber facer empresarial nos países ou comunidades onde están localizadas.  
A Rede no seu conxunto representa unha iniciativa que busca aproveitar as sinerxías asociativas en proveito da xeración mutua de negocio e unha vía para canalizar a captación de investimento para Galicia.
- PROXECTO 004I\_ECICII\_PLUS\_I\_E, , dentro do programa INTERREG V-A España - Portugal (POCTEP) 2014-2020, que ten como obxectivo fortalecer a capacidade de internacionalización da pemes da eurorrexión, a través da intensificación da cooperación transfronteiriza e do aproveitamento das sinerxias da experiencia galega e do norte de Portugal, apostando tamén pola experimentación con modelos de internacionalización multisectorial, onde empresas intensivas en coñecemento se alíen con empresas tradicionais de sectores estratéxicos na eurorrexión con maior experiencia en internacionalización.

Outros programas e proxectos que apoiem a política industrial, o emprendemento, a internacionalización e a competitividade das pemes.

#### 8.- A perspectiva de xénero nos orzamentos

O IGAPE no ano 2018 velará pola promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como a integración da perspectiva de xénero na preparación e na execución de programas.

Naqueles programas de axuda nos que se valore a creación ou mantemento de emprego, establecerase unha puntuación adicional cando estes empregos sexan femininos.

Por outra parte, para os distintos programas obteranse os indicadores que teñan que ver con persoas de xeito distinguido segundo a perspectiva de xénero, co fin de poder estudar a situación e a posición relativa das mulleres con relación aos homes e poder tomar as medidas correctoras no caso de que se detecte algún tipo de fenda de xénero.

#### 9.- Outras accións

Baixo este eixe inclúense accións que teñen como denominador común mellorar a atención integral do Instituto aos empresarios e emprendedores, tomando a iniciativa no desenvolvemento de proxectos como a administración electrónica ou o desenvolvemento de portelos multicanales de atención integral a proxectos empresariais, ou fomentando a participación en proxectos e iniciativas convocadas pola Unión Europea.

A formulación de actividades formativas para os recursos humanos do Instituto pretende fortalecer as capacidades de prestación deste tipo de servizos e a concienciación en xeral de avanzar nas ferramentas de coñecemento.

#### 10.- Actividades soporte

Baixo este eixe inclúense as diferentes actividades de información e difusión dos servizos e apoios do IGAPE e os gastos xerais de funcionamento do Instituto.

### **INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA - INEGA.**

As principais liñas de acción para o ano 2018 son as seguintes:

#### 1. Certificación enerxética de edificios:

- Tramitación e resolución das solicitudes de inscrición no Rexistro de certificados de eficiencia enerxética de edificios da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Habilitación do rexistro de técnicos competentes en materia de certificación enerxética.
- Control técnico dos certificados de eficiencia enerxética.
- Cualificación e certificación dos edificios públicos autonómicos da Consellería de Economía, Emprego e Industria.
- Participación como membro da Comisión Asesora en materia de certificación enerxética de edificios.

#### 2. Actuacións de aforo e eficiencia enerxética na administración pública autonómica:

Desenvolvemento da Estratexia de Aforo e Eficiencia Enerxética no sector público autonómico, que vai xirar ao redor de dous eixos principais:

- A rede de enerxía da Xunta de Galicia (REDEXGA), constituída polas infraestruturas, medios e servizos necesarios para a xestión enerxética dos centros de consumo da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- A mellora do comportamento enerxético dos elementos técnicos e arquitectónicos nos centros sociais, educativos, sanitarios e administrativos, na procura de acadar unha diminución na factura enerxética da Xunta de Galicia a través de actuacións directas neste edificios.

3. Programa de axudas de aforro e eficiencia enerxética:

- Novo impulso á mellora da competitividade das empresas e á renda das familias pola vía do aforro e a eficiencia enerxética mediante axudas dirixidas ós sectores residencial, industrial e de servizos.

4. Actuacións en enerxías renovables:

- Axudas para intensificar a implantación de enerxías renovables na Comunidade Autónoma, focalizando a implantación das instalacións que permitan aos fogares e ás empresas o acceso ao autoconsumo eléctrico e á xeración distribuída a pequena escala.
- Apoio á instalación de equipamentos térmicos con biomasa e ás instalacións de xeración de calor a partir das tecnoloxías xeotérmica e aerotérmica.

5. Actuacións en planificación e infraestruturas enerxéticas:

- Elaboracións das directrices enerxéticas de Galicia para o período 2017-2020.
- Seguimento da planificación da rede de transporte de electricidade do Estado 2014-2020.
- Elaboración do Balance enerxético de Galicia do 2016.
- Recompilación de información da enerxía eléctrica xerada polas distintas centrais de produción de enerxía eléctrica en réxime especial existentes en Galicia (Sicapde).
- Actualización da información xeorreferenciada (gráfica e alfanumérica) das infraestruturas enerxéticas da Comunidade Autónoma (Atlas Enerxético).

6. Proxectos europeos:

- "Proxecto 0015\_BIOMASA\_AP\_I\_E – Mellora de capacidades de investigación en biomasa, para un uso enerxético optimizado de biomasa non valorizada pero de Alto Potencial na Eurorrexión", encadrado na Primeira Convocatoria do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2014-2020 (POCTEP).
- "Proxecto 0092\_AQUALITRANS\_I\_E – Sistema de xestión e control para a mellora da eficiencia na depuración e na calidade ambiental de augas a nivel transfronteirizo", encadrado na Primeira Convocatoria do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2014-2020 (POCTEP).
- Presentación de novas propostas de proxectos de investigación a distintos programas europeos.

7. Outras actuacións:

- Asesoramento técnico á Dirección Xeral de Enerxía e Minas.

- Participación na comisión de seguimento da execución dos proxectos de natureza industrial asociados ós parques eólicos adxudicatarios dentro das Ordes da convocatoria que regula a Lei 8/2009, do 22 de decembro.
- Tramitación das competencias derivadas do Real Decreto 56/2016, do 12 de febreiro, relativo a auditorías enerxéticas, acreditación de provedores de servizos e auditores enerxéticos e promoción da eficiencia da subministración de enerxía.
- Desenvolvemento de proxectos pilotos e demostrativos.
- Estudo enerxético para a mellora da competitividade na industria auxiliar da automoción.
- Ensaio de prototipos (Life demowave e Miami) na zona experimental de Punta Langosteira.
- Foro Inega/Clusters industriais de Galicia para o coñecemento da situación enerxética das empresas, identificación das necesidades e propostas de mellora.

### **AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL.**

As principais liñas de acción para o ano 2018 son as seguintes:

1. O obxectivo básico da Axencia Galega da Industria Forestal, debe ser o incremento da xeración de valor da cadea forestal ao que irán dirixidas as súas actuacións:

- Incremento do valor dos produtos intermedio e do produto final da cadea forestal
- Fomento de emprego de calidade mediante a incorporación de persoal cualificado.
- Innovación tecnolóxica e fomento da formación cualificada, regrada e non regrada así como a incorporación de titulados universitarios.

2. Os suxeitos diana serán as pemes que conforman a cadea forestal, tendo en conta que moitas de estas empresas teñen funcións dentro de cada un dos subsectores:

- Explotación forestal, traballos de corta e saca, de silvicultura e comercialización de madeira en bruto.
- Primeira transformación, basicamente serradoiros.
- Segunda transformación: Carpinteira e mobles, madeira alistonada, madeira tratada e elaborada para rehabilitación, fabricación de portas e ventás, embalaxes de alimentación e industrial.

3. Liñas estratéxicas de actuación:

- Fomento das relacións entre os distintos subsectores da cadea forestal, singularmente entre primeira e segunda transformación, incentivando a utilización de madeira derivada das explotacións forestais para a fabricación de produtos finais de consumo

- Incremento do valor engadido do produto derivado da produción forestal mediante a aplicación de deseño, innovación e a incorporación de profesionais con formación expresa no sector.
- Incremento da produtividade, a través da renovación tecnolóxica, a aplicación técnicas de enxeñería e a formación específica potenciando os centros de formación propios da administración autonómica e a incorporación de titulados de formación regrada.
- Novos nichos de mercado final, mediante actuacións concretas de marketing sobre o produto elaborado.
- Fomento do emprego de calidade, mediante o desenvolvemento de formación expresamente cualificada nos centros propios e a incorporación ao sector de profesionais con titulacións regradas de formación profesional e universitaria.

#### 4. Outras actuacións:

- Fomentar e desenvolver programas de asesoramento para a industria forestal.
- Promover e coordinar programas de actividades científicas centradas no ámbito forestal.
- Participar en institucións e foros nacionais e internacionais para a consecución dos seus fins.
- Organizar programas de formación e reciclaxe profesional no ámbito da industria forestal, en colaboración con centros de formación públicos e privados.
- Impulsar e establecer mecanismos de colaboración con outros centros de investigación públicos nas diferentes materias que o sector forestal traslade á Administración por consideralas do seu interese.
- Outorgar e xestionar subvencións nas materias da súa competencia, de acordo co establecido na Lei 9/2007, do 3 de xuño, de subvencións de Galicia, e na normativa que a desenvolva.
- Diseñar estratexias e elaborar e xestionar programas de captación de fondos estatais e internacionais dirixidos á innovación e biotecnoloxía forestal.
- Promover e apoiar o crecemento de novas empresas de aproveitamento e transformación de produtos do monte destinados á industria forestal no medio rural, incidindo especialmente na segunda e seguintes fases de transformación industrial do recurso, por ser as que proporcionan un maior valor engadido ao produto e reportan maiores beneficios globais.
- Desenvolver programas específicos que permitan relacionar os produtos do monte destinados á industria forestal cun criterio global de "material precioso e alto nivel", que faciliten a integración destes produtos con empresas de deseño especializadas.
- Desenvolver unha marca colectiva única que facilite a integración das diversas actividades produtivas da industria forestal: materia prima, deseño, industrialización e comercialización.

- Xestión do Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos da Madeira e fomento de proxectos de innovación para o desenvolvemento de tecnoloxía ligada á explotación da biomasa, e transferencia de coñecemento neste ámbito.

#### 5. A perspectiva de xénero nos orzamentos:

Á Axencia Galega da Industria forestal no ano 2018 velará pola promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como a integración da perspectiva de xénero na preparación e na execución de programas.

Para os distintos programas obteranse os indicadores que teñan que ver con persoas de xeito distinguido segundo a perspectiva de xénero, co fin de poder estudar a situación e a posición relativa das mulleres con relación aos homes e poder tomar as medidas correctoras no caso de que se detecte algún tipo de fenda de xénero.

## II.5. DAS ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS

## II.6. DOS CONSORCIOS AUTONÓMICOS

## II.7. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

### **XES GALICIA - SOCIEDADE XESTORA DE ENTIDADES DE INVERSION DE TIPO CERRADO SGEIC, SAU**

A Sociedade xestiona os fondos de capital risco, así como os activos de SODI-GA GALICIA, SCR, SA, destinados ó financiamento e desenvolvemento empresarial, materializado en forma de tomas de participación de capital e/ou a concesión de préstamos, xeralmente participativos.

En función da tipoloxía das empresas obxecto de investimento, dos seus proxectos investidores así como da súa situación financeira, establécense distintas liñas de actuación, que se canalizan a través dos respectivos fondos xestionados:

- EMPRENDE, F.C.R.-PEME: Este fondo destínase ao financiamento de empresas de nova creación ou aquelas que acometan actividades novidasas e/ou apliquen novas tecnoloxías.
- ADIANTE 2000, F.C.R., en Liquidación: Financia empresas necesitadas de apoio financeiro e de xestión.

- XES-INNOVA, F.C.R.-PEME: Este fondo financia proxectos emprendedores e proxectos de desenvolvemento tecnolóxico preferentemente vencellados ós sectores da biotecnoloxía, telecomunicacións, enerxías renovables e medio ambiente.
- XES IMPULSA FERROL 10, F.C.R.-PEME: Este instrumento financeiro abdicase ao financiamento de iniciativas empresariais na comarca de Ferrolterra.
- FONDO TECNOLÓGICO I2C, F.C.R.-PEME: Destinase ao financiamento de investimentos en proxectos de I+D+i con perspectivas de rendibilidade que teñan por obxecto a produción, investigación e desenvolvemento de todo tipo de actividades novidosas con posibilidade de desenvolvemento e mais concretamente, a proxectos empresariais de semente-arranque e expansión-consolidación de marcado carácter innovador, con especial atención a proxectos que resulten da potencial valorización do coñecemento xerado polos diferentes axentes do sistema galego de I+D+i.
- GALICIA INICIATIVAS EMPRENDEDORAS, F.C.R.-PEME: Este fondo orientase a proxectos empresariais de semente-arranque promovidos por emprendedores ou aqueles proxectos de emprendedores financiados por investidores privados a través da Rede Galega de Investidores Particulares.

### **SODIGA GALICIA.- SOCIEDADE DE CAPITAL RISCO.**

Así mesmo, XESGALICIA, S.G.E.I.C., S.A.U. tamén ten encomendada a xestión dos activos de SODIGA GALICIA, S.C.R., S.A. As liñas de actuación da Sociedade materializaranse en investimentos, mediante a toma de participación no capital e/ou a concesión de préstamos, xeralmente participativos, en empresas con alto potencial de crecemento, xestionados por empresarios de recoñecida solvencia profesional, que leven a cabo proxectos ou actuacións que contribúan á dinamización da economía na Comunidade Autónoma.

### **GALICIA CALIDADE SA**

Galicia Calidade SA, no ano 2018 afronta o reto de converterse na marca paraugas da economía galega.

Unha marca que será un instrumento da Xunta de Galicia (Economía, Medio Rural, Turismo, Emigración e outros) para toda acción promocional económica de Galicia fora da nosa comunidade (feiras, misións comerciais, etc.)

É unha decisión estratéxica da Administración galega, que afectará a todos os seus departamentos, xa que supón aliñalos para conseguir que se identifique Galicia = Calidade dende o punto de vista de promoción económica.

Neste obxectivo traballarase para que participen os clústers, as cámaras de comercio, as organizacións sectoriais e outros selos de calidade co fin de complementar todos os esforzos da Administración autonómica.



As accións previstas desenvolveranse nos seguintes ámbitos:

1. Institucional: Accións no ámbito da Administración galega para converter a marca Galicia Calidade no proxecto estratéxico do Goberno para a promoción e protección dos produtos e servizos de Galicia
2. Empresarial. Actuacións destinadas a promover as relacións institucionais coas empresas galegas (socios e non socios) para incrementar os produtos adscritos a Galicia Calidade. Estas accións abriranse tamén a asociacións empresariais e clústers sectoriais.
3. Promocional: Desenvolvemento de accións de promoción, de comunicación e reputación corporativa para impulsar o coñecemento da marca e a difusión dos produtos amparados baixo a marca para acceder a novos mercados.
  - Galicia Calidade SA, realiza accións de promoción de marketing e publicidade da marca de garantía Galicia Calidade. Accións publicitarias consistentes en campañas en medios convencionais e non convencionais, presenza en feiras e eventos sectoriais de ámbito estatal e internacional, así como diversas actuacións de comunicación noutros ámbitos como vehículos de promoción que se acheguen ó público; obxectivo establecido pola sociedade anónima. Ademais, a sociedade pública continuará coa promoción nos puntos de venda, como nas grandes cadeas de distribución, así como outras accións para dar a coñecer os produtos amparados pola marca de garantía.
  - Preténdese que Galicia Calidade se poida empregar sectorialmente como unha ferramenta para a mellora da calidade e de diferenciación nos mercados, que permita, a través da confianza no consumidor, mellorar a capacidade de comercialización de nosas empresas. Galicia Calidade apostará por promover a marca de garantía nas accións que considere máis proveitosas para o selo así como para os produtos amparados polo mesmo.
  - Paralelamente Galicia Calidade traballará para conseguir un número maior de empresas que queiran e poidan levar nos seus produtos a Marca de Garantía "Galicia Calidade" como un modo de conseguir unha maior promoción de Galicia.

## **PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA**

Os obxectivos estratéxicos da sociedade no ano 2018 son os seguintes:

I. Converter a Tecnópole en localización preferente para empresas tecnolóxicas con alta capacidade innovadora, xeradoras de emprego cualificado e con actividade de I+D+i. Para acadar este obxectivo desenvolveranse as seguintes liñas de acción:

- Mellora e actualización da oferta de espazos para a ubicación dos diferentes perfís de empresas, facilitando os procesos de instalación para o inicio da actividade económica en cada caso.
- Desenvolvemento dunha oferta de servizos atractiva e axeitada para empresas de perfil tecnolóxico e innovador que faciliten o seu lanzamento e consolidación.

- Promoción e venda do solo dispoñible na ampliación do Parque a través de accións específicas para atraer grandes empresas tractoras en busca de localización industrial.
- Promoción do centro de cirurxía experimental (proxecto Tecmeva)
- Promoción do laboratorio de biotecnoloxía
- Promoción dos locais en aluguer dos edificios Tecnópole I e Tecnópole II e do espazo de coworking
- Promoción dos niños do Centro de Empresas e Innovación
- Promoción da imaxe de Tecnópole para dar a coñecer Tecnópole en toda Galicia e fora da nosa comunidade.
- Consolidación da imaxe de Tecnópole no novo modelo de cidade intelixente, incrementando as relacións do Parque coas infraestruturas que compoñen a contorna.
- Continuar co sistema de xestión de calidade implantado en base ás novas normas UNE-EN ISO 9001:2015 ás cales Tecnópole foise adaptando durante o ano 2017.

2. Fomentar a transferencia do coñecemento e da tecnoloxía, facendo de axente de enlace, colaborando cos socios de asociacións sectoriais e empresariais e outros foros, e fomentando a innovación aberta. Para este obxectivo no ano 2018 rea-lizaranse distintas actividades e proxectos cos que se potenciará a Tecnópole como espazo de encontro entre o sistema público de I+D+i e o tecido privado:

- Colaboración como axente do sistema galego de innovación na liña cos obxectivos marcados para Galicia na Estratexia de Especialización Intelixente para o período 2014-2020.
- No marco da RIS3, contribución á diversificación especializada a través do apoio aos descubrimentos emprendedores que repercutan na xeración de innovacións radicais.
- Organización de eventos, xomadas, encontros empresariais, etc. que favorezan a interrelación empresarial e o contacto con outros axentes (universidade, administración, investidores)
- Participación activa coa Asociación de Parques Científicos e Tecnolóxicos de España (APTE): Tecnópole forma parte do comité executivo dende maio de 2012 e ten presenza en varios grupos de traballo
- Participación activa no Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida (Bioga) e colaboración co grupo de traballo de Financiamento creado no Clúster.
- Participación nos proxectos que xurdan das relacións cos diferentes foros e redes e que respondan aos obxectivos estratéxicos da Tecnópole.

3. Favorecer a creación de empresas, o seu crecemento e consolidación, propiciar a creación de emprego, o desenvolvemento económico e crecemento empresarial na rexión. Para conquistar estes obxectivos prantéxanse as seguintes actuacións no 2018:

- Convocatoria da segunda edición do “Premio Tecnópole Innovación”: As empresas seleccionadas contarán cun espazo gratuíto no Centro de Empresas e Innovación onde desenvolver o seu negocio ao mesmo tempo que contarán cun asesoramento especializado para a súa consolidación e crecemento.
- Convocatoria para a asignación de espazos na preincubadora de proxectos empresariais para o ano 2018 en colaboración coa Universidade de Vigo.
- Impartición de accións formativas dirixidas a persoas traballadores prioritariamente des-empregadas (curso de creación e xestión de microempresas, entre outros), premiando con estadias gratuítas na incubadora de empresas ao mellor proxecto empresarial.
- Asesoramento especializado ás empresas e persoas emprendedoras usuarias das instalacións de Tecnópole e busca de novos servizos adaptados ás súas necesidades e que na medida do posible supoñan incremento de ingresos.
- Outras actividades, proxectos ou programas piloto realizados baixo o amparo da Xunta de Galicia ou organismos dela dependentes, para desenvolver medidas contidas no Plan i2c
- Promoción de proxectos de colaboración empresarial dirixidos á mellora da competitividade empresarial a través de convocatorias públicas e participación activa da sociedade xestora nos mesmos se fora posible.
- Promoción da rede de transferencia de tecnoloxía creada coa rede de técnicos de APTE.

4. Promover as vocacións científicas e o espírito emprendedor entre os galegos mais novos. Entre as actuacións previstas para o ano 2018 destacan:

- 13ª edición da Feira Galiciencia: tres días de exposición de proxectos científicos de estudantes de primaria, ESO e bacharelato, obradoiros e espectáculos.
- Aulas Tecnópole: desenvólvense de outubro a maio para estudantes de 2º ciclo da ESO e bacharelato tendo como resultado proxectos que nalgúns casos se presentarán a certames nacionais e internacionais.
- Aulas Tecnópole Robótica: coa finalidade de atender a rapaces dun rango de idade inferior e que están especialmente interesados na robótica, por segundo curso consecutivo unha das quendas de Aulas Tecnópole adícase a traballar en proxectos de robótica con nenos de entre 9 e 13 anos.
- Tecnópole Technological Workshops: campamento tecnolóxico para mozos entre 12 e 18 anos no que os participantes traballan no desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos con diferentes graos de complexidade en función das súas idades
- Tecnópole Robotics Workshops: talleres de Robótica dunha semana de duración en épocas de vacacións escolares para nenos/as de 9 a 13 anos de idade. Co obxectivo principal de acercar a ciencia e a tecnoloxía aos máis cativos mediante a construción e a programación de robots.

- Recepción de visitas guiadas á Tecnópole, principalmente procedentes do ámbito educativo e na súa maioría universitario e de formación profesional.

5. Desenvolver políticas medio ambientais, fomentar o uso das enerxías renovables e o aforro enerxéticos, mediante as seguintes actividades:

- Organización de actividades de sensibilización: xornadas informativas e con-cursos
- Promoción do Centro de Experimentación de Enerxías Renovables
- Actuacións de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións xestionadas pola sociedade.

6. Desenvolvemento de medidas de apoio á internacionalización das empresas e da propia sociedade:

- Tecnópole incorporouse á Enterprise Europe Network, unha rede que engloba a máis de 600 entidades de 60 países co obxecto de ofrecer asesoramento a pequenas e medianas empresas que queren expandir o seu mercado fóra das súas localizacións de orixe a través de actividades de innovación ou busca de socios comerciais. Xunto á Axencia Galega de Innovación, é a entidade de referencia da rede en Galicia a través da Galactea Plus, o consorcio que lle dá cobertura á rede no noroeste de España.
- Desenvolvemento de xornadas, eventos e información periódica para o fomento dunha maior participación das empresas en convocatorias europeas.
- Realización de informes sobre H2020 ás empresas que o soliciten: revisión dos proxectos e investimentos planificados pola empresa a curto e medio prazo, identificación de proxectos con potencial de conseguir financiamento europeo e información doutras vías de financiamento rexional e estatal.
- Consultaría especializada en cuestións de internacionalización.

7. Posta en marcha das instalacións deportivas do Parque Tecnolóxico de Galicia (piscina descuberta, campo de fútbol, canchas de tenis e cancha polideportiva). As accións necesarias para este obxectivo:

- Execución das obras de acondicionamento das instalacións.
- Plan de xestión das instalacións.

Integración da perspectiva de xénero:

Cada programa levará consigo medidas concretas para promover a igualdade entre homes e mulleres e prever a discriminación, estudando a situación inicial e avaliando as consecuencias e impacto das actuacións. Algúns exemplos do que se está a facer:

- A política de Responsabilidade Social Corporativa que practica a sociedade inclúe a flexibilización de horarios e o teletraballo, nun cadro de persoal maioritaria-mente feminino.
- No recinto do Parque Tecnolóxico de Galicia hai unha escola infantil a disposición dos traballadores e traballadoras das empresas e centros instalados, cuestión que favorece a integración laboral das mulleres, tradicionalmente mais adicadas ao coidado dos fillos.
- Os mozos e mozas que participan das actividades de divulgación científica reciben un obradoiro específico ó inicio no que se traballan os seguintes puntos: integración do grupo no que se establece confianza, respecto, colaboración e participación, relación de igualdade (todas as opinións son consideradas) e incentívase o coñecemento na investigación tecnolóxica das alumnas.
- As xornadas e actividades organizadas pola sociedade realízanse en horarios que permitan a conciliación familiar, evitando os horarios de tarde.
- En canto ao emprendemento partimos dunha situación discriminatoria xa que son moitas menos as iniciativas empresariais que xorden de mulleres segundo po-demos constatar na propia Tecnópole, polo que todas as actuacións a levar a cabo neste ámbito de fomento do emprendemento incidirán en favorecer a igualdade. Un exemplo é dar mais protagonismo ás mulleres participando como relatoras en eventos.

## II.8. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

### **FUNDACIÓN CENTRO GALEGO DE ARTESANÍA E DO DESEÑO**

En abril de 2014, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, consciente da importancia social, cultural, patrimonial e económica da artesanía galega, puxo en marcha o Plan de Artesanía de Galicia 2014-2016 co obxectivo fundamental de desenvolver unha estratexia de promoción, impulso e mellora da competitividade do sector.

No ano 2017 continuarase coas liñas marcadas na folla de ruta do Plan de Artesanía de Galicia desenvolvido do 2014 ao 2016.

Folla de ruta da Artesanía de Galicia 2017:

- RETO 1. COMPETIVIDADE. Visión de empresa.
  - Afianzar un sector artesanal competitivo capaz de aglutinar todo o talento artesanal galego.
  - Fortalecemento do tecido produtivo artesán, actualización do repertorio de oficios e posta en valor do sector.
  - Formación e mellora continua para o sector e captación de novos artesáns.
- RETO 2. MARCA DIFERENCIAL. Visión marca.
  - Consolidar o posicionamento e prestixio da marca Artesanía de Galicia.

- Fortalecemento da promoción e comercialización da artesanía galega
  - Mellora do acceso a novos mercados, clientes e fomento de novos canles de comercialización.
- RETO 3. ARTESANÍA INNOVADORA TRANSVERSAL. Visión ideas.
- Mellora da presenza das empresas e do produto artesan galego na rede: aproveitamento das posibilidades TIC e mellora da presenza do sector en Internet e nas redes sociais
  - Fomento da cooperación intra e intersectorial.

Perspectiva de xénero:

A Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño dirixe as súas actuacións ó desenvolvemento e promoción do sector artesan. Estas medidas benefician por igual a mulleres e homes, xa que están dirixidas ás artesás e ós artesáns inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía da Xunta de Galicia. No dito rexistro figuran 1.886 mulleres e 1.146 homes.

En todas as actuacións da Fundación, as mulleres e os homes están no mesmo punto de partida para acceder ás actividades e ós proxectos que leva a cabo: cursos de formación, participación en feiras de carácter internacional e autonómico, colaboración en campañas de promoción da marca Artesanía de Galicia, difusión de oficios artesanais entre os escolares, etc.

As mulleres e os homes son beneficiarios en igualdade das iniciativas que pon en marcha a Fundación. Os criterios de selección son os vinculados á artesanía, como é o caso de posuír a carta de artesá/artesán, o que implica a súa inscrición no Rexistro Xeral de Artesanía; ou ter o dereito de uso da marca Artesanía de Galicia, propiedade da Xunta de Galicia.

## **FUNDACION FEIRAS E EXPOSICIONS DE LUGO.**

A principal liña de acción da Fundación Feiras e Exposicións de Lugo para o vindeiro ano 2018 é potenciar o desenvolvemento dos diversos sectores estratéxicos produtivos galegos a través de realización de feiras comerciais profesional ou empresarial para lograr una dinamización económica cun maior crecemento, un aumento do emprego e unha maior competitividade.

Para o ano 2018 están previstos 15 eventos coas seguintes características:

- V edición do Festival A Candeloria
- XIII edición do Salonauto Lugo, salón do automóbil e industria auxiliar
- XIII edición de Motorocasión, salón do vehículo usado e de ocasión.
- X edición del Salón do Tuning

- X edición de ExpoVerbena, evento no que ten lugar a presentación dunha gran variedade de orquestras que estarán presentes nos multitudinarios festexos de Galicia.
- III edición de Concurso Nacional de Salto de Obstáculos
- XI edición de Equigal, Salón Internacional do Cabalo de Galicia.
- II edición de “Non sen meu can”
- Super campamento verán Lugo. Campamento urbano para nenos de 4 a 12 anos.
- XXI edición de Expolugo A Rural, que alberga un mercado gandeiro, agroalimentario, de artesanía e de maquinaria agrícola
- II edición do Salón Internacional de Maquinaria Agrícola Clásica. Este evento contará con máquinas de trillar con diferentes sistemas, unha zona dedicada aos motores estacionarios que se acoplaban ás malladoras e diversa maquinaria agrícola.
- VIII edición de Caroutlet, Esta mostra albergará unha exposición de máis de 400 vehículos: coches, motos, quads, revistas especializadas, financeiras, seguros, seguros, etc.
- II edición de BMI SHOW MEETING. Ofertaranse os distintos servizos e produtos dos diversos sectores de economía galega.
- II edición de Expobec Lugo, Salón Nupcial, que reunirá as tendencias e novidades en vodas, comunións e outras celebracións (bautizos, aniversarios,...).
- XXI edición de Xuvenilugo, salón do Ocio, de carácter lúdico, deportivo e cultural.

Este programa de actividades publicarase na páxina web e levarase a cabo unha campaña de promoción feiral para o reforzo das mesmas.

A duración destes eventos é de tres ou catro días e nove días de montaxe e desmontaxe, con excepción de Xuvenilugo que dura aproximadamente sobre vinte días e o campamento de verán que ten unha duración de dous meses e dúas semanas.

Coa realización de feiras comerciais de carácter profesional ou empresarial, a Fundación ten o obxectivo de potenciar o desenvolvemento dos diversos sectores produtivos galegos para lograr unha dinamización económica cun maior crecemento e un aumento do emprego, acadar unha maior competitividade mediante un impulso da economía, e todo iso acompañado de unha maior cohesión social, benestar e calidade de vida.

As feiras é un dos instrumentos máis efectivos de mercado que ten como finalidade incrementar as oportunidades de negocio e a cota de mercado e mellorar a competitividade dunha empresa, aproveitando ao máximo os contactos que esta adquire cos diferentes públicos, á vez que é unha actividade empresarial. É unha inversión na que se canalizan todas as accións de comunicación, relacións públicas, promoción e imaxe que a empresa realiza. Nun espazo curto de tempo, estas accións se intensifican a un maior ritmo e en presenza dun numeroso público, logrando chegar dunha soa vez tanto a clientes actuais como potenciais, competencia, prensa e incluso ao entorno político, cun aforro importante en custos. Estes encontros tamén

se rentabilizan en aprendizaxe, innovación, produtividade, establecemento de alianzas, compartir coñecementos e ideas, creación de valor engadido e un mellor desenvolvemento do networking.

Por outra banda hai una previsión similar a de anos anteriores de albergar eventos de diversa índole enfocados a reactivar a nosa economía: cursos de formación de desempregados dirixidos a formación e especialización en sectores estratéxicos galegos, congresos e xornadas, encontros entre emprendedores, grupo de compras, etc, así como outros de carácter deportivo e cultural: concertos, galas, encontros deportivos, exposicións, representacións teatrais, etc.

## **FUNDACION CENTRO DE SUPERCOMPUTACION DE GALICIA - CESGA.**

En xeral son fins da Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (CESGA) todos aqueles que promovan o uso do cálculo intensivo e comunicacións avanzadas como instrumento para o desenvolvemento socio económico sostible, dedicando especial atención ás relacións de cooperación entre os centros de investigación públicos ou privados, universidades galegas e o sector produtivo.

O CESGA dispón dun Plan Estratéxico 2017-2020 no que se establecen os obxectivos e accións a levar a cabo.

1) Os obxectivos estratéxicos do CESGA para o período 2017 - 2020 céntranse en:

- Fortalecer a súa actividade como un centro de excelencia para a Ciencia Computacional Aplicada.
- Unha forte presenza na industria, mediante un amplo programa de cooperación.
- O fomento da internacionalización.

Cada un destes tres obxectivos estratéxicos levan aliñados tres obxectivos operativos.

1 - Obxectivo estratéxico: excelencia en Ciencia Computacional:

Obxectivos operativos:

- Lograr a excelencia en servizos computacionais e de comunicación de alto rendemento.
- Mellorar a sustentabilidade do centro e a súa autonomía económica e financeira.
- Modernizar a estrutura organizativa do CESGA cunha maior orientación á industria, e especialmente ás pemes, e formalización mediante certificacións oficiais.

2 - Obxectivo estratéxico: forte presenza na industria, mediante cooperación.



Obxectivos operativos:

- Aumentar o número de proxectos coas principais industrias de Galicia.
- Desenvolver unha liña de proxectos e servizos para pemes.
- Acadar unha forte especialización nas actividades de investigación en ciencias computacionais aplicadas.

3 - Obxectivo estratéxico: internacionalización.

Obxectivos operativos:

- Fortalecer a relación con entidades similares ao CESGA a nivel internacional.
- Aumentar a calidade dos proxectos presentados e captados polo CESGA en convocatorias europeas e internacionais.
- Fomentar a mobilidade internacional de investigadores e técnicos.

2) No ano 2018 levaranse a cabo as seguintes liñas de actuación:

- Manter un conxunto competitivo actualizado de servizos de alta calidade.
- Proseguir na mellora da eficiencia enerxética. Implementar ISO50001.
- Cumprimento do Plan de Igualdade do CESGA.
- Incrementar a sostenibilidade do centro.
- Manter un alto nivel de participación en actividades de investigación, en colaboración con outras institucións.
- Mellorar servizos adaptados as PEME.
- Incrementar a calidade das actividades internacionais.
- Fortalecemento das ferramentas de xestión do centro.
- Impulsar actividades asociadas á capacitación de persoal propio e das normas do centro.
- Difundir as actividades do centro.

## **FUNDACION DE EXPOSICIÓNS E CONGRESOS DA ESTRADA.**

Para o ano 2018 a Fundación Exposicións e Congresos A Estrada prevé a realización das seguintes feiras e celebración de eventos co obxectivo de ocupar o maior número de días do calendario anual, así como comercialización de todos os nosos espazos

- 32º Feira do Moble de Galicia.
- 8º Feira de Oportunidades de Comercio.
- 3º Salón do Vehículo de Ocasión.

- 55º Feira de Antigüidades (Marzo), 56º Feira de Antigüidades (Maio) e 57º Feira de Antigüidades (Decembro).
- 7ª Feira de Labores.
- 2ª Feira Multisectorial ExpoEstrada
- 6º Encontro de Palilleiras .
- 6º Salón Motor Classic.
- Aluguer das Instalacións para a organización de distintos eventos.
- Realización de actividades culturais e deportivas nas instalacións.
- Convenio coa Consellería de Educación para a impartición do Ciclo de Formación Reglada da Madeira.
- Convenio coa Xunta de Galicia para a realización de actividades de promoción comercial.
- Convenio co Concello da Estrada para a realización de diversas actividades no recinto (tenis, karate, xudo, Festival de baile tradicional Tequexetéldere)
- Convenio coa Universidade de Vigo para a realización de xornadas dirixidas aos empresarios do sector do moble.
- Convenio co IES Antón Losada Diéguez para a realización de prácticas co seu alumnado.
- Organización de Talleres e Xornadas Técnicas para o sector empresarial e público en xeral.
- XXII Edición do Premio Xornalístico Manuel Reimón Portela.
- Dinamización sociocomunitaria con diversos colectivos : amas de casa, mulleres rurais, terceira idade, persoas con discapacidade, etc.
- Aluguer das oficinas que albergan o Viveiro de Empresas.

#### Perspectiva de xénero:

Tendo en conta que mulleres e homes, estamos a compartir un mesmo contorno social, económico, político e cultural, a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, contempla o deseño e execución de todos os seus programas de actuación, tendo en conta a promoción da igualdade de xénero e de oportunidades entre ambos colectivos, non existindo discriminación nin prevalencia dun sobre do outro.

A entidade considera prioritaria a corresponsabilidade entre os xéneros, sabe-dores de que, existe un ritmo diferente entre a incorporación do colectivo masculino ó espazo privado e do feminino ó espazo público.

A entidade, trata de limitar, na medida das súas posibilidades, os roles sexuais, tratando en cada evento de integrar as capacidades e intereses de todos e todas.

Os eventos (basicamente certames de promoción económica), están dirixidos a cubrir as necesidades e intereses detectados na cidadanía, promocionando e fomentando en cada un deles a promoción integral de ambos xéneros en igualdade de condicións.

A execución de certames da entidade, promoven a transversalidade de xénero tanto entre os nosos clientes como os nosos usuarios (visitantes fundamentalmente).

Recentemente, sendo coñecedores das desigualdades existentes, estanse a executar programas específicos de promoción do sector feminino (Feira de Labores e encontros de palilleiras), fomentando en todo caso a non discriminando por elo a do colectivo masculino.

Todos os programas financiados dende a Fundación, con cargo aos orzamentos públicos, inciden directa e indirectamente no colectivo de empresarios/as, emprendedores e visitantes. Igualmente e neste senso, os certames xeran un importante impacto socioeconómico no entorno inmediato.

Os certames deseñados, están destinados indistintamente aos diferentes colectivos, sen priorizar ningún deles fronte ós demais (homes, mulleres, discapacitados, etc...).

En ningún dos nosos certames de promoción económica, se contempla a existencia de estereotipos de xénero que limite a participación activa de ningún tipo de colectivo. En todo caso, a participación, é un fiel reflexo da sociedade.

Obxectivos en materia de igualdade de xénero:

- Fomentar a participación de mulleres e homes en igualdade de oportunidades.
- Limitar os roles sexuais así como, os estereotipos que impiden a transversalidade de xénero.
- Promocionar as actividades socioeconómicas en igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Incitar á participación activa das mulleres nos diferentes ámbitos sociais e co-mo axentes activos e dinamizadores do desenvolvemento rural.

Conclusión: Os programas executados dende a entidade, son de dobre índole: Programas que financian actuacións que inciden directamente sobre as mulleres e programas que financian gastos xerais en bens e servizos accesibles a toda a poboación. Dentro dos primeiros atópase a Feira de Labores e Encontro de Palilleiras. Dentro do segundo apartado, todos os demais eventos: Feira do Moble de Galicia, Feira de oportunidades do Comercio, Feiras de antigüidades, Salón Motor Classic etc...

## **FUNDACION INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA.**

### I ANÁLISE DA SITUACIÓN:

## I.1 Análise da situación interna:

### A. Breve historia de EXPOCORUÑA

O recinto de EXPOCORUÑA foi creado no 2008 para ser o marco adecuado e flexible para adaptarse a feiras, congresos, competicións deportivas, xuntanzas de empresa, concertos, exposicións, desfiles, festivais ou obradoiros.

O deseño correu a cargo do Arquitecto Luis Collarte, recibiu en 2008 o premio ao Mellor Proxecto Urbanístico que concede a prestixiosa Revista Actualidade Económica.

### B. Infraestruturas

O recinto conta con 19.000 m<sup>2</sup> de espazo interior y 8.000 m<sup>2</sup> de espazo exterior. Dispón de distintos espazos:

- Hall
- Atrio
- Espazos Prisma
- Galería
- Aparcadoiro

Ademais conta con un auditorio, adecuado para calquera tipo de evento coma concertos, teatro, eventos corporativos, entregas de premios ou proxeccións.

Finalmente dispón de Salas Multiusos e Aulas pensadas para impartir tanto cursos de formación coma talleres ou serviren de backstage para os distintos eventos como desfiles de moda ou concertos.

### C. Análise interno EXPOCORUÑA

A evolución do negocio, medido en eventos realizados e en días de ocupación de actividades de produción propia como de aluguer de espazos, pódese segmentar en dous períodos:

- i. 2008 ao 2012. Período marcado por unha tendencia positiva na actividade. A promoción e visibilidade dos nosos espazos levábase a cabo a través da realización de eventos propios e a presenza en redes sociais.
- ii. 2012 ata a actualidade. Este período ven marcado pola instauración dunha nova política interna de axustes do orzamento e a consecuente decisión de diminuír as actividades propias. Neste período modifícanse as canles para a promoción; a través de entrevistas en medios de comunicación, rodas de prensa asociadas á actividade feiral, contacto con promotores que puideran aportar retorno, comercialización directa noutros recintos feirais, intercambio de proxectos con outros recintos da

eurorrexión Galicia – Norte de Portugal e un gran impulso das redes sociais e da páxina web para acadar un bo posicionamento en Internet.

Dende o punto de vista económico financeiro os resultados veñen marcados por dous aspectos: A elevada amortización do inmovilizado, derivada do gran investimento realizado e, en segundo lugar, a instauración da nova política de axuste dende 2012. Deste xeito o resultado acumulado no período 2012-2016, senón temos en conta a amortización, é positivo tal e como amosa a seguinte táboa.

PERÍODOS	EBITDA	AMORT. EJERCICIO	EBIT
2008-2011	-3.323.175	-2.744.113	-6.067.288
2012-2016	111.394,58	-4.211.158,51	-4.099.763,93

Actualmente EXPOCoruña conta cun fondo de manobra positivo, que fai que sexa capaz de ter certa independencia, pero sempre tendo en conta a realización de eventos que deixen unha marxe positiva, para ser capaces de atender ás necesidades de explotación. Como se citaba con anterioridade desde o ano 2012, a liña de traballo centrouse na celebración de eventos con marxe positivo, deixando de promover eventos propios, que aínda que poden deixar marxes superiores, no caso de non alcanzar o número de visitantes adecuado poden ser un lastre para a rendibilidade de explotación da entidade.

## 2 DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN:

### Fortalezas

- Polivalencia dos espazos e das salas, tanto para poder celebrar distintos tipos de eventos como para distinto número de asistentes.
- Arquitectura vangardista do edificio, no referente ao deseño exterior como na decoración e mobiliario interior.
- Dispón de salas adaptadas ós eventos musicais.
- Servizo integral aos expositores que inclúe asesoramento en canto a deseño; unha ferramenta orientada a converter en protagonista cada stand e/ou área de actividade.
- Ubicación e accesibilidade, con aloxamentos, centros comerciais nas cercanías. Facilidade para aparcamento, tanto no parking propio como na contorna.
- A súa capacidade permite facer macroeventos.
- O estar a carón do Coliseo permite facer eventos combinados.
- A capacidade de facer difusión dos EVENTOS como parte do servizo (AGAFE, Consorcio de Turismo, Concellaría de Cultura, RRSS, etc.).
- Capacidade de innovación e de ser pioneiros como lanzadeira de eventos que se orixinaron en EXPOCoruña e que hoxe son un éxito.

- A maridaxe de eventos (por exemplo facer una feira+concerto, congreso+feiras) é un concepto exclusivo de EXPOCoruña
- Capacidade de simultaneidade de eventos.

#### Debilidades

- Persoal reducido
- Situación económica do centro que limita a capacidade de inversión.
- Escasa proxección pública dos servizos que non están relacionados coas feiras, actividades formativas, ...
- Non é posible facer difusión en publicacións especializadas do sector polas restricións económicas.

#### Oportunidades

- A Coruña é un destino pouco explotado no ámbito do turismo de negocios.
- Potencial de crecemento de marketing de eventos fronte a outras fórmulas máis clásicas.
- Organización de festas únicas.
- No referente ao aluguer de espazos, existe unha puxanza na formación de empresas que necesitan alugar centros de formación & Servizos.
- A competencia é moito menor para o segmento de eventos con un gran número de asistentes. Ningún dos competidores existentes ten capacidade para organizar eventos da magnitude de EXPOCoruña.

#### Ameazas

- A actual situación económica que fai que os operadores contraten menos eventos, ademais é moi difícil manter as feiras que se organizaban tódolos anos, e aquelas que se manteñen baixan o número de días de ocupación.
- Aumento da morosidade.
- A competencia local doutras áreas expositivas, palacios de congresos, hoteis, fundacións, etc., que ofertan os mesmos servizos, espazos... Ademais dun alto número de recintos feirais a nivel autonómico.
- O tamaño das empresas e o mercado galego é mediano ou pequeno o que limita a promoción de grandes eventos.

### 3 OBXECTIVOS

EXPOCoruña quere ser recoñecida como unha organización:

- Innovadora: que marca o camiño dunha forma de facer as cousas. Os eventos que albergue EXPOCoruña terán a innovación como pilar e base da súa creación. Novas ideas, conceptos, produtos e servizos.
- Profesionalizada: xestionada eficientemente baixo criterios de rendibilidade, excelencia e transparencia.
- Centrada no seu entorno: coñecida polos cidadáns e clientes como unha referencia no sector expositivo galego e no ámbito dos servizos á empresas.

Na súa liña de traballo EXPOCoruña para o 2018 seguirá apostando polos valores que configuraron o seu selo de identidade: o deseño, a tecnoloxía, a cultura e a innovación empresarial.

- Deseño: unha das apostas máis firmes de EXPOCoruña. Os proxectos contarán con espazos atractivos e funcionais creados en exclusiva para ese momento. Tamén os expoitores contarán co noso asesoramento en canto a deseño; unha ferramenta orientada a converter en protagonista cada stand e/ou área de actividade.
- Tecnoloxía: EXPOCoruña incorpora ao seu proxecto os últimos avances tecnolóxicos, dende as técnicas audiovisuais máis pioneiras ata a xestión áxil e rápida das relacións cos clientes.
- Formación: fomentamos a realización de cursos de formación profesional e das prácticas correspondentes, contando con colaboradores temporais que dan apoio á nosa actividade diaria.
- Música: EXPOCoruña terá a música como unha protagonista máis, creándose deste xeito un espazo apto para grupos de gran calidade e repercusión.
- Cultura: exposicións, artes escénicas e dixitais terán o seu espazo en EXPOCoruña, sumándose á xa rica oferta da cidade como un axente dinamizador do panorama cultural. Coa realización de eventos de distintas temáticas apóstase igualmente por ampliar a oferta cultural presente na cidade.
- Innovación: novas ideas, conceptos, produtos e servizos.

A labor como recinto feiral non se limitará ao feito de albergar só feiras; a disposición e características de EXPOCoruña posibilitáanos ofrecer unha alternativa no sector expositivo galego, nacional e internacional, xa que podemos albergar tanto reunións de empresa ou presentacións de produtos, como a organización de eventos de distintas dimensións, festivais de música ou competicións deportivas.

### 3.1 Obxectivos estratéxicos

Os principais obxectivos estratéxicos son:

- Autofinanciación. Por unha banda xerando actividade e ingresos dabondo para equilibraren a conta de gastos de IFECO e, por outra, reducindo custos que poidan ser trasladados ao cliente para que reverta nunha maior actividade.

- Aumentar a notoriedade de EXPOCoruña, por medio dunha maior visibilidade e posicionamento.

### 3.2 Estratexias

- EST001 Fidelización de clientes, mantendo para anos sucesivos un programa de colaboración con promotores que levan varias edicións celebrando eventos.
- EST002 Redución de custos e posibilitando aluguer máis económico que reverta nunha maior actividade.
- EST003 Captar como clientes ou prescriptores a empresas eventos e comunicación a nivel local aproveitando a proximidade con EXPOCoruña.
- EST004 Provocar a publicación nos medios de comunicación de noticias positivas relacionadas con EXPOCoruña (Publicity)
- EST005 Realizar campañas dirixidas a empresas e prescriptores.
- EST006 Profundizar nas relacións interempresariais e colaboracións externas.
- EST007 Persuadir aos promotores de eventos locais das vantaxes e bondades de EXPOCoruña.
- EST008 Incentivar accións comerciais nos intermediarios.
- EST009 Establecer vínculos comerciais con prescriptores e con outros recintos feirais.
- EST0010. Potenciación da imaxe de marca EXPOCoruña baseada nos valores corporativos.

### 3.3 Plan de acción

#### EXTRATEXIAS E ACCIÓNS

- EST001
  - Envío de comunicación de agradecemento.
  - Plan de filiación con acción dirixidas aos clientes ""Premium"". Apoio persoal na venta.
  - Newsletter Específico para carteira de clientes.
- EST002
  - Negociaremos prezos á baixa, co ánimo de incentivar o aluguer dos nosos espazos, adaptándonos á tendencia actual do sector e esixencias da demanda.
- EST003
  - Contactos con empresas locais e nacionais que realizan eventos corporativos.



- Accións de marketing directo: mailing, newsletter, plan de visitas ao centro e de visitas a cliente.
- EST004
  - Procedementos de comunicación: atención a solicitudes de información, envío de notas de prensa, inserción de noticias y mantemento web RRSS.
  - Comunicación RRSS. Community manager. Contamos con esta figura, para dar un novo impulso ás nosas redes sociais, publicando calquera novidade a tempo real, sobre todo durante a celebración de eventos, e facendo promoción da nosa marca.
  - O contido das Redes Sociais baséase en eventos presentes ou próximos en cada momento e a comunicación de marca EXPOCoruña.
  - Eventos propios que necesiten escaso financiamento e que aínda que supoñan unha menor rendibilidade, nos aporten visibilidade.
  - Convenios e colaboracións con Institucións Públicas e privadas: Concellos, Xunta de Galicia, Deputación, GADISA, Hijos de Rivera, REPSOL, etc.
- EST005
  - Participación en foros de debate e xomadas.
  - Asistencia a eventos empresariais organizados por institucións públicas ou iniciativas privadas como: IGAPE, Incoruña, Xomadas Rede PEXGA, etc. Nestes encontros aproveitamos para facer networking e dar a coñecer as nosas instalacións.
  - Plan de mellora da web. Potenciar web, que consideramos o noso escaparate, a ferramenta con maior proxección non so a nivel local senón tamén a nivel nacional e internacional. Grazas a unha web interactiva e atractiva poderemos conseguir unha maior captación de promotores e público obxectivo.
  - Edición de catálogo comercial.
  - Newsletter e emailing específicos.
  - Accións de comercialización mediante a invitación a responsables de empresas locais, nacionais e internacionais para visitar e coñecer in situ as nosas instalacións. Esta actividade axuda á filiación e ao nacemento de “embaixadores” de EXPOCoruña.
  - Eventos propios e/ou en colaboración. Apórtannos visibilidade e actividade, ademais de cumprir cos fins marcados nos nosos estatutos conseguindo un retorno económico. Estamos en proceso de análise de posibles feiras que resulten viables e buscando realizalas en colaboración. Pequenos eventos propios con mínima necesidade de financiamento. Adaptarémonos ás necesidades sociais actuais, con aluguer de salas de reunións a prezos moi axustados. Con estas iniciativas conseguiremos proxección, co mínimo custo.

- EST006
  - Presenza en Asociacións empresariais para mellorar a rede de contactos: BNI, AJE, Consulta y Crece, Asociación de Empresarias de A Coruña, etc.
  - Protocolo de actuación comercial e comunicación específica para o segmento obxectivo.
  - Plan de mellora de contactos a través de RRSS (fundamentalmente LinkedIn).
- Real decreto 1706/1982, do 24 de xullo, de consolidación de traspasos efectuados na fase preautonómica á Xunta de Galicia.
- Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura.
- Real decreto 2092/1983, do 28 de xullo, sobre valoración definitiva e ampliación de medios adscritos os servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación.

- Real decreto 3356/1983, do 28 de decembro, sobre valoración definitiva e ampliación de medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura e adaptación dos transferidos na fase preautonómica.
- Real decreto 2794/1986, do 30 de decembro, sobre ampliación de servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación non universitaria (institutos de orientación educativa e profesional).
- Real decreto 1724/1987, do 18 de decembro, sobre ampliación de servizos e medios en materia de educación non universitaria (centros de formación profesional regrada).
- Real decreto 1754/1987, do 18 de decembro, sobre traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia dos servizos e institucións e de medios persoais, materiais e orzamentarios en materia de universidades.
- Real decreto 1457/1989, do 1 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ensinanza de graduado social.
- Real decreto 1460/1989, do 1 de decembro, sobre traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia de funcións e servizos do Estado en materia de ensinanzas superiores de mariña civil.
- Real decreto 1531/1989, do 15 de decembro, sobre ampliación de medios persoais e orzamentarios traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura (bibliotecas, arquivos e museos).
- Real decreto 2167/1994, do 4 de novembro, sobre ampliación das funcións e dos medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura (Muralla de Lugo e Castro de Viladonga).
- Real decreto 2168/1994, do 4 de novembro, sobre ampliación de medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura (museos).
- Real decreto 2169/1994, do 4 de novembro, sobre ampliación das funcións e os medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura (puntos de información cultural).
- Real decreto 87/1996, do 26 de xaneiro, sobre ampliación de servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de ensino.
- Real decreto 1825/1998, do 28 de agosto, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma en materia de execución da lexislación sobre propiedade intelectual.
- Real decreto 1751/1999, do 19 de novembro, sobre ampliación de medios adscritos aos servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia, polo Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación.

- Real decreto 1752/1999, do 19 de novembro, sobre ampliación de servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación.
- Real decreto 1838/1999, do 3 de decembro, de ampliación de medios adscritos aos servizos traspasados polo Real Decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación.
- Real decreto 367/2004, do 5 de marzo, sobre ampliación das funcións e servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación (escolas viaxeiras).
- Real decreto 553/2006, do 5 de maio, sobre funcións e servizos en materia educativa, de emprego e formación profesional ocupacional encomendados ao Instituto Social da Mariña.
- Real Decreto 1139/2007, do 31 de agosto, de ampliación dos medios adscritos aos servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real Decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación (CEIP Almirante Juan de Lángara y Huarte).
- Real Decreto 1319/2008, do 24 de xullo, sobre ampliación de funcións e servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real Decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación: homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros en ensinanzas non universitarias.

## *I.2.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS*

### **A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI**

De acordo cos fins que lle atribúe a súa lei de creación ( Lei 4/2008, do 23 de maio), ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego.

As súas competencias esténdense á totalidade das actividades culturais e artísticas desenvolvidas por creadores individuais e empresas, na procura dunhas industrias culturais dinámicas, competitivas e innovadoras e, en particular:

- a) Impulsar a creación e o desenvolvemento de empresas que produzan bens e servizos culturais.
- b) Favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia como elemento singularizador no mercado.
- c) Promover a distribución e comercialización dos produtos culturais dentro e fóra do noso país.
- d) Contribuír á mellora na preparación e cualificación artística, técnica e empresarial dos recursos humanos.

- e) Estimular a creación, avivar o talento e a capacitación e incitar ao recoñecemento social e económico de artistas e autoras e autores no proceso de produción.

Os estatutos foron aprobados polo Decreto 150/2012, do 12 de xullo.

### *I.2.3. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO*

#### **A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA**

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia acolle nos seus espazos servizos e actividades destinados á preservación do patrimonio e a memoria, ao estudo, á investigación, á experimentación, á produción e á difusión nos ámbitos das letras e o pensamento, a música, o teatro, a danza, o cine, as artes visuais, a creación audiovisual e a comunicación, á vez que alberga proxectos como a Biblioteca de Galicia, o Arquivo de Galicia ou o Museo-Centro Gaiás.

A Cidade da Cultura de Galicia (CdC) constitúese como un espazo de vangarda arquitectónica que debe ser tamén un centro cultural e artístico punteiro pola innovación dos seus contidos. Nese senso, concíbese a CdC como unha plataforma de proxectos para o desenvolvemento da cultura e da sociedade galega e ao servizo dela que busca crear oportunidades e dinamizar o conxunto do sistema cultural galego a través do impulso e a proxección da cultura nun senso amplo, innovador e internacional, co que tamén imprimir un polo de dinamización económica, crecemento e emprego.

Na actualidade, a folia de ruta das actuacións concrétase para o horizonte 2012-2018 no documento denominado Plan estratéxico - Plan Gaiás. No exercicio 2013, consolidouse dentro do seu espazo a implantación da Amtega e de Agadic.

#### **A FUNDACIÓN CAMILO JOSÉ CELA**

A Fundación Camilo José Cela, situada en Iria Flavia, localidade natal do escritor, foi constituída en 1986 polo Premio Nobel padronés co principal propósito e vontade de gardar todos os seus manuscritos, libros e documentos persoais, xunto coas obras artístico -pictóricas e diversas coleccións de todo tipo, conformando todo ilo un legado cultural, artístico e persoal visible e accesible para as persoas que a visitan ou para o persoal de investigación.

A Fundación ten por obxecto promover o estudo da obra de Camilo José Cela e conservar o seu patrimonio cultural, humano e aínda anecdótico, procurando estender o coñecemento xeral da devandita obra e patrimonio, así como de todas aquelas actividades dirixidas ao fomento da cultura.

Para isto, a Fundación:



- Conserva o legado de CJC (máis de corenta e cinco mil volumes), fomenta o seu coñecemento e promove o seu estudo e difusión.
- Desenvolve as súas actividades principalmente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, aínda que non se establece límite xeográfico ou político algún para a súa actuación.
- Realiza todo tipo de actividades referidas ao ámbito da cultura en xeral e ao literario e artístico en particular.

### **A FUNDACIÓN ROF CODINA**

A Fundación garante o financiamento do Hospital Veterinario Universitario de Lugo e conforma a metade dunha comisión paritaria encargada, xunto coa Universidade de Santiago, de velar polo cumprimento dun triplo obxectivo: docente asistencial e investigador que defende que unha boa docencia veterinaria require dunha formación clínica práctica de nivel hospitalario, acorde co que o sector demanda.

Entre as súas competencias, destacan as seguintes:

- a) Colaboración coa docencia, mediante a formación práctica do alumnado, a formación especializada nas diferentes vertentes clínicas da profesión ou a organización de xornadas de estudo, orientación e outros cursos sobre temas monográficos clínicos.
- b) A prestación de servizos asistenciais ás persoas dedicadas á gandería ou que posúan animais en xeral; de apoio ambulante; de asistencia técnica ao sector profesional naqueles campos que no poidan desenvolver por falla de medios: radioloxía, ecografía, cardioloxía, análises clínicos e microbiolóxicos, intervencións cirúrxicas complexas e outros ou de colaboración no control da saúde pública.
- c) A colaboración e o fomento da investigación experimental e a derivada da propia casuística clínica do Hospital Clínico.



## II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2018

### II.1. DA CONSELLERÍA

#### A. AS LIÑAS DE ACCIÓN PREVISTAS NO ÁMBITO EDUCATIVO

Unha xestión racional que respecte o principio de estabilidade orzamentaria e teña como obxectivo acadar o maior número e grado de prestación dos servizos públicos no eido educativo cós recursos existentes é a liña a seguir neste orzamento. Obxectivos nos que non debe esquencerse o peso dos recursos públicos que se adican ao gasto persoal, tanto directo como o asimilado, os adicados ao financiamento das universidades do Sistema Universitario Galego (SUG) ou dos servizos educativos prestados polo réxime de concerto. Así, o 83% dos recursos xestionados pola consellería teñen un marcado carácter inflexible ao financiar gastos de persoal.

Os obxectivos da consellería poden encadrarse nas seguintes actuacións ou liñas estratéxicas:

- Plan de dotación de infraestruturas educativas 2016-2020, cuxo obxectivo é dotar de infraestruturas educativas necesarias para o uso da comunidade educativa de xeito que se favoreza unha mellora nos parámetros educativos nacionais e internacionais .
- Edulingüe a Estratexia Galega de Linguas estranxeiras 2020, busca dar un novo impulso lingüístico, de xeito que ao rematar os seus estudos a mocidade galega teña un dominio completo dunha primeira lingua estranxeira, o que nun contexto global sen fronteiras, favorecerá a súa empregabilidade como unha maior competitividade no sector empresarial.
- Edudixital, a Estratexia Galegas para a Educación dixital 2020, a educación dixital trata de favorecer o desenvolvemento das competencias dixitais e científico-tecnolóxicas (STEM) do alumnado mediante o proceso educativo, de xeito que podan desenvolver a capacidade para poder aprender ao longo da súa vida, traballar con outros, resolver problemas, ser creativos e participar plenamente nunha sociedade dixital do século XXI.
- Educonvives, coa que se pretende contribuír, a través dos obxectivos e das actuacións dos seus cinco eixes, a que o alumnado en particular, e a sociedade en xeral, saiba vivir e comportarse de xeito pacífico e comprometido, na sociedade tecnificada deste primeiro cuarto do século XXI.
- Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia O Plan de Igualdade no ámbito educativo ten como obxectivo xeral principal que a actividade educativa estea dirixida a contribuír de xeito transversal á construción dunha sociedade na que a igualdade de xénero sexa unha realidade mediante a eliminación de todo tipo de discriminación por este motivo, afondando na educación entre persoas iguais con independencia do seu sexo e integrando o respecto á diversidade afectiva e sexual.
- Plan Proxecta , no que a Consellería en colaboración con diferentes organismos , tanto da propia Xunta de Galicia como outras entidades, busca fomentar a innovación nos

centros a través de programas educativos que desenvolvan as competencias clave como eixo do currículo, como a competencia en comunicación lingüística, a matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, a dixital, o aprender a aprender, as competencias sociais e cívicas, o sentido de iniciativa e espírito emprendedor e a conciencia e expresións culturais.

Asemade, os programas incluídos no Proxecta teñen en común o obxectivo de desenvolver os elementos transversais, entre eles a educación en valores.

- Cumprimento das necesidades de atención á diversidade, mediante medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.
- Eduemprende, o Plan de emprendemento no Sistema educativo de Galicia que xunto co Igape, ten como obxectivo estratéxico a implantación na comunidade educativa da cultura emprendedora e comprende actuacións de apoio ao alumnado con habilidades emprendedoras, para a posta en marcha de proxectos empresariais viables e para poñer en práctica as súas ideas innovadoras de negocio, co fin de crear as condicións para que poidan prosperar as iniciativas e as actividades emprendedoras.
- O Plan LÍA 2016/2020 de Bibliotecas Escolares é a folia de ruta para continuar o traballo a prol das bibliotecas escolares e o fomento da lectura nos vindeiros anos, así como dotar os centros educativos de bibliotecas escolares útiles, estables, sustentables e acordes ás necesidades do século XXI.

Continuaranse as actuacións de mellora nos centros educativos coa creación de unidades novas, así como coas actuacións encamiñadas á mellora da eficiencia enerxética das xa existentes a través do Plan de infraestruturas educativas 2016-2020, financiadas con fondos encadrados no Programa Operativo FEDER (14-20). Continuarase tamén coa mellora e ampliación das unidades xa existentes e a adquisición do equipamento necesario. Serán relevantes as dotacións para os novos ciclos formativos da FP Básica nos diferentes centros de secundaria.

No exercicio 2018, o importe a xestionar pola consellería en materia de recursos educativos complementarios, concretamente o crédito adicado ao transporte escolar, diminúe como consecuencia da achega realizada á Consellería de Infraestruturas e Vivenda para o financiamento do transporte compartido. Esa achega financiará o gasto do servizo a prestar ao 10% do alumnado con dereito a transporte escolar e que a Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Vivenda deberá consignar nun programa de gasto específico da función 42"Educación".

A xestión eficaz e eficiente do transporte escolar e o comedor escolar, son medios fundamentais, non só para garantir o acceso en igualdade de condicións de todas as nenas e nenos de Galicia ao ensino público, senón tamén para axudarlles a que adquiran habilidades sociais e hábitos da vida sa.

Ademais, continuaranse as liñas de colaboración iniciadas cos concellos e coas ANPAS para o financiamento dos comedores escolares xestionados por estes, na procura da desexable conciliación da vida laboral e familiar.

Por outra banda, a consellería manterá a súa intervención en materia de prevención de riscos laborais, mediante a análise e o seguimento das avaliacións dos riscos dos centros de ensino mediante o desenvolvemento de programas de control da saúde do persoal que presta servizos nos centros de ensinanza pública, non só respecto ao persoal non docente, senón tamén respecto aos mais 30.000 efectivos que constitúen o persoal docente dos centros educativos de titularidade pública.

As liñas de actuación no ámbito educativo estarán condicionadas dun xeito fundamental pola consolidación da implantación dos cambios introducidos no sistema educativo pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, de mellora da calidade do sistema educativo (LOMCE). Unha vez realizado o seu completo despregamento, é preciso dar continuidade aos cambios normativos, organizativos, e curriculares e seguir impulsando a mellora da calidade do sistema educativo coa decidida aposta polos programas e as accións vinculadas directamente a el.

Xunto as accións normativas, organizativas e curriculares de acompañamento neste cambio fundamental, a Consellería continuará a senda de traballo iniciada xa no exercicio 2015, relanzando e iniciando novos programas e estratexias, que se detallan a continuación.

## 1) EDULINGÜE 2020. ESTRATEXIA GALEGA DE LINGUAS ESTRANXEIRAS 2020

### 1. Obxectivo

O obxectivo xeral da estratexia consiste en que, ao remate da súa educación e formación escolar, o alumnado dispoña unhas competencias en comprensión e expresión orais e escritas nunha lingua estranxeira, basicamente o inglés, que lle permitan ser un “usuario independente” nela, conforme aos requisitos do nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as linguas, obtendo a certificación correspondente; así como dotar progresivamente ao profesorado das competencias didácticas e lingüísticas necesarias para alcanzar a referida formación no alumnado.

### 2. Contido

- Ampliar progresivamente o número de centros plurilingües que impartan ata un terzo das materias nun idioma estranxeiro ata acadar un 50% de centros plurilingües, con extensión progresiva ás etapas de educación infantil, bacharelato e formación profesional (Plurinfantil, Pluribach, PluriFP).
- Potenciar a formación de calidade nas seccións bilingües, buscando a excelencia educativa e promovendo estratexias de mellora metodolóxica e curricular.
- Favorecer a participación activa dos centros privados concertados nos plans de mellora das competencias lingüísticas.

- Continuar coa formación do profesorado especialista e non especialista que imparta ensinanzas nos centros plurilingües e seccións bilingües a través dun plan de formación específico en idiomas que inclúa tanto formación presencial, como semipresencial e telemática, así como de estadías formativas no estranxeiro, no idioma inglés, francés, alemán e portugués.
  - Facilitar a participación noutras modalidades formativas como as licenzas por estudo, os reintegros individuais e os cursos de formación do profesorado.
  - Continuar apoiando a realización de estadías formativas en linguas estranxeiras do alumnado fóra do horario escolar (xullo e agosto) e de integración no curso escolar. Continuarase co proxecto de formación en linguas estranxeiras ao longo do curso escolar mediante a inmersión en estadías de ata 1 semana ( English Week) dos centros que o soliciten.
  - Posibilitar a participación do alumnado nos cursos para a formación complementaria da aprendizaxe de linguas estranxeiras (Programa CUALE), nos centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional.
  - Mellorar a comprensión e a expresión oral nun idioma estranxeiro a través do programa de auxiliares de conversa, prevéndose para o final do plan a participación de 1000 auxiliares. Reforzarase esta liña coa selección de auxiliares de alta cualificación vinculados a proxectos educativos específicos de profundización
  - Colaborar a nivel internacional con entidades educativas doutros países para fomentar o intercambio e o enriquecemento lingüístico do alumnado e do profesorado (con institucións de Portugal, Francia, Canadá e outros países).
  - Fomentar a incorporación progresiva da lingua portuguesa no ámbito das linguas estranxeiras nos centros de ensino.
  - Internacionalizar a formación profesional coa introdución das linguas estranxeiras de xeito progresivo en todos os ciclos formativos e co incremento das mobilidades internacionais entre o alumnado e profesorado de formación profesional
3. Finalidade
- Ampliar a rede de centros na comunidade autónoma que favorezan a adquisición de competencias de comprensión e expresión orais e escritas nunha lingua estranxeira, basicamente o inglés.
  - Dotar o profesorado que imparte ensinanzas nas linguas estranxeiras das competencias didácticas e lingüísticas necesarias.
4. Descrición do Indicador:
- Número de centros plurilingües e número de centros con seccións bilingües
  - Número de alumnas e alumnos que estudan algunha materia nun idioma estranxeiro
  - Número de alumnas e alumnos que realiza estadías formativas nunha lingua estranxeira.
  - Número de profesoras e profesores que mellora as súas competencias lingüísticas.

## 2) ESTRATEXIA GALEGA PARA A EDUCACIÓN DIXITAL 2020 (EDUDIXITAL 2020)

### 1. Obxectivo

A Estratexia Galega para a Educación Dixital 2020 (Edudixital 2020) trata de favorecer o desenvolvemento das competencias dixitais e científico-tecnolóxicas (STEM) do alumnado, mediante o proceso educativo, de xeito que podan desenvolver a capacidade para aprender a aprender ao longo da súa vida, traballar con outros, resolver problemas, ser creativos e participar plenamente nunha sociedade dixital do século XXI

Dentro desta estratexia seguiranse impulsando as iniciativas do proxecto E-Dixgal como evolución do proxecto Abalar e as actuacións que permitan o impulso das vocacións científico-tecnolóxicas do alumnado galego.

### 2. Contido

Mediante o impulso da educación dixital trátase de lograr que os centros educativos implan-ten progresivamente unha utilización extensa de contidos educativos dixitais; e en atención ao previsto no artigo 111 bis da LOMCE, que establece como responsabilidade das Administracións educativas a promoción das TIC “como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensinanza e aprendizaxe”, impulsarase unha nova fase do proxecto E-Dixgal nos cursos 5º e 6º de educación primaria e en 1º e 2º da ESO no curso 2017/2018, poñendo os currículos completos en formato electrónico a disposición dos centros educativos que soliciten incorporarse ao proxecto, con novos provedores de contidos e con novas dotacións tecnolóxicas que serán subministradas pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

- Promover as actividades de formación nos centros destinadas a favorecer o traballo en equipo do profesorado. Os centros deben programar a súa formación tendo en conta a competencia dixital e os intereses do profesorado participante.
- Programar os cursos en dúas liñas de traballo: proporcionar os recursos para utilizar nas distintas materias e para o manexo instrumental das ferramentas proporcionadas cos ordenadores.
- Crear as canles de comunicación coas familias que permitan o seguimento da actividade académica dos seus fillos e fillas utilizando o espazo Abalar.
- Programar as charlas informativas para as familias destinadas a achegalas á cultura dixital e ás ferramentas que teñen a súa disposición no espazo Abalar.
- Ampliar o repositorio de contidos, tanto no número de recursos dispoñibles como nos cursos e etapas aos que está dirixido. Este repositorio contén materiais creados pola Consellería, así como outros recursos procedentes dos repositorios e dos traballos cedidos polo profesorado. Os recursos son abertos e accesibles e están distribuídos con licenzas Creative Commons.
- Fomento das vocacións científico-tecnolóxicas mediante a introdución do uso transversal da programación e da robótica na ESO e no bacharelato, así como a paulatina incorporación da robótica nos últimos cursos de primaria. Os centros contarán con do-

tacións de recursos adecuados para o seu desenvolvemento e poranse en marcha plans específicos de formación para o profesorado e o alumnado (Semana STEM).

### 3. Finalidade

A finalidade é facilitarlle ao alumnado e ao profesorado a adquisición da competencia dixital necesaria no século XXI segundo as recomendacións para os sistemas educativos europeos emanadas da estratexia “Europa 2020. Unha estratexia para un crecemento intelixente, sostible e integrador”. Partindo do apoio a todos os centros nos seus esforzos por incorporar a educación no contomo dixital, seguirase a dar o apoio preciso aos centros Abalar e a facilitar a incorporación ao proxecto E-Dixgal que xa beneficia no curso 2017-2018 a máis de 154 centros. Neste sentido, e en coherencia co esforzo realizado en infraestruturas dotacionais xa nos exercicios anteriores, a Amtega continuará coa materialización do proxecto.

## 3) PLAN PARA A MELLORA DO EXITO ESCOLAR

### I. Obxectivo

A comunicación da Comisión Europea do 3 de marzo de 2010 sobre “Europa 2020 - Unha estratexia para un crecemento intelixente, sostible e integrador” propón para a UE cinco obxectivos cuantificables para 2020 que marcarán a pauta do proceso e traduciranse en obxectivos nacionais: o emprego; a investigación e a innovación; o cambio climático e a enerxía; a educación e a loita contra a pobreza. Estes obxectivos representan a dirección que se debe tomar e indican que se pode medir o éxito e que se debe incrementar e medir o éxito escolar.

No referente á educación márcase como obxectivo que no ano 2020 o abandono escolar prematuro se sitúe en niveis inferiores ao 15% e que, cando menos o 40% da xeración máis nova remate os estudos superiores completos. Aínda que en Galicia se teñen acadado cifras próximas ao limiar previsto pola UE para 2020, continuarase a traballar para que os niveis se sitúen máis por debaixo dese limiar.

### 2. Contido

- A formación é un factor esencial para asentar un modelo de crecemento económico baseado no coñecemento que asegure un desenvolvemento sostible e unha maior cohesión social. Por esta razón, as nosas sociedades aspiran a formar á cidadanía máis e mellor, e a estender a súa formación ao longo de toda a vida. De aí que incrementar o número de persoas que obteñen un título en formación postobrigatoria constitúe a ser un obxectivo prioritario nas políticas educativas.
- Pola contra, o abandono escolar temperá é un fenómeno non desexable para unha sociedade que considera a formación como un elemento clave, tanto na promoción individual como no benestar colectivo.
- O abandono escolar temperá ten causas moi diversas e, por iso, a súa prevención e redución esixe que as administracións educativas actúen en moi diversos fronts. Por isto, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria prevé unha serie



de medidas e recomendacións dirixidas a previr e reducir o abandono escolar temperá na comunidade autónoma.

- As propostas articularanse arredor das seguintes accións:
  - Os contratos-programa dirixidos a mellorar o éxito escolar nos centros docentes de educación primaria e secundaria dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. A convocatoria pretende dar cabida, baixo un marco único, a todos aqueles programas que se viñan desenvolvendo nos centros educativos - reforzo, orientación e apoio, mellora da convivencia; redución do abandono, entre outros-, co obxectivo de lograr unha educación de calidade para todo o alumnado, desenvolver o máximo posible as súas potencialidades, buscar a excelencia e, en definitiva, contribuír á mellora da calidade do sistema educativo de Galicia. Cómpre poñer de manifesto que tan só en Galicia se presta apoio de reforzo educativo mediante transporte fóra do horario lectivo e a contratación de novo profesorado cada ano ou co incremento retributivo de docentes do propio centro educativo.
  - Intensificar a oferta de programas de reforzo e de atención á diversidade en toda a educación obrigatoria, así como de programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento nos últimos cursos da educación secundaria obrigatoria, para conseguir que o alumnado con maiores dificultades de aprendizaxe acade o título de Graduado en ESO.
  - Ofertar os ciclos de Formación Profesional Básica para que o alumnado que así o solicite poida cursar unha oferta formativa que lle permita conseguir o título de Formación Profesional Básica, cunha cualificación profesional de nivel I, cos mesmos efectos laborais que o título de Graduado en ESO. Permitirá, así mesmo, obter o título de graduado na ESO, pola opción de ensinanzas académicas ou pola de ensinanzas aplicadas e proseguir a súa formación a través dos ciclos formativos de grao medio. Título con valor académico e profesional.

### 3. Finalidade

Estas accións pretenden mellorar a atención educativa ao alumnado para que desenvolva as súas capacidades individuais de modo que logre o maior grado de rendemento escolar. Deste modo, contribuirase á prevención do abandono escolar temperá, a mellorar a calidade do ensino e a incrementar o éxito escolar.

### 4. Descrición do Indicador

- Número de centros que subscriban os contratos programa
- Número de alumnas e alumnos beneficiarios de programas de reforzo e apoio
- Incremento de programas de reforzo e atención á diversidade
- Número de centros beneficiarios do Plan Proxecta de Innovación Educativa.

#### 4) FORMACIÓN E CUALIFICACIÓN PROFESIONAL E DE APRENDIZAXE AO LONGO DA VIDA

##### 1. Obxectivo

Elevar os niveis de coñecemento e competencia do conxunto da poboación a cotas similares ás da poboación dos países europeos máis avanzados, facilitándolle a adquisición da capacidade de actuar nun contorno de complexidade tecnolóxica e en constante transformación, caracterizado en particular pola innovación e a potenciación das TICs e no que os sólidos coñecementos de base e as capacidades de comunicación, relación, organización e sobre todo, a capacidade de aprender ao longo da vida, formen parte da bagaxe ordinaria de cada individuo.

##### 2. Contido

- A formación profesional (FP) segue sendo un instrumento insubstituíble para mellorar a empregabilidade das persoas traballadoras e a competitividade dos sectores produtivos cara un crecemento intelixente, de mellora da capacidade de investigación e de desenvolvemento e innovación en todos os sectores da economía, o que permite afrontar os novos retos sociolaborais que suscita un mundo en continua transformación.
- O desenvolvemento da formación profesional non constitúe unha intervención puntual que sae ao paso dunha necesidade conxuntural, senón que constitúe o instrumento fundamental da aprendizaxe permanente que require o desenvolvemento das sociedades que xeran altos niveis de emprego, produtividade e cohesión social.
- Na perspectiva do tránsito que deben efectuar as nosas modernas sociedades desde o que se coñece como “sociedade da información” á nova “sociedade do coñecemento”, a adquisición de novos coñecementos e competencias para actualizar a preparación xeral e profesional mediante todo tipo de aprendizaxes (formais, non formais e, particularmente, procedentes da experiencia profesional) constitúe un dos piares básicos do que se entende por aprendizaxe permanente. De acordo con iso, a aprendizaxe permanente e a formación profesional constitúen dous conceptos e obxectivos indisolubles: a aprendizaxe permanente precisa da formación profesional como instrumento indispensable para traducirse en obxectivos reais e eficaces de cualificación e progreso profesional, mentres que a formación profesional precisa da actualización e do enriquecemento constante das competencias básicas para poder progresar efectivamente.
- Unha sociedade cualificada é unha sociedade en aprendizaxe permanente, onde as persoas se esforzan e teñen a posibilidade de aprender libre e activamente ao longo da vida: na escola, nos centros de formación, no lugar de traballo e durante o seu tempo libre. Para iso, cómpre cambiar as maneiras de concibir, dar e adquirir formación, e de organizar o traballo remunerado para que as persoas poidan aprender durante toda a vida e planificar a súa propia combinación de aprendizaxe, traballo e vida familiar. Dito doutra forma, cómpre dotar a todas as persoas da oportunidade e da capacidade de conducir a súa propia aprendizaxe.

##### 3. Finalidade

- Conseguir que todo alumnado acade unha titulación oficial ou unha acreditación de cualificación profesional que lle permita inserirse no mercado laboral ou proseguir estudos.
  - Proporcionar unha oferta formativa nos distintos niveis de cualificación adaptada ás necesidades dos sectores produtivos, e ás necesidades da poboación mediante as distintas modalidades formativas. Continuar realizando os estudos que permitan adecuar o Mapa da formación profesional de Galicia ás necesidades de empregabilidade.
  - Favorecerlle ao alumnado de formación profesional a adquisición de experiencia profesional mediante a consolidación dos sistemas de formación dual.
  - Consolidar un proceso de recoñecemento, avaliación e acreditación da competencia da poboación activa como iniciativa fundamental que debe presidir a implantación da aprendizaxe permanente en Galicia.
  - Potenciar a rede de centros que imparten formación profesional, en especial os centros integrados, dotándoos do equipamento necesario para desenvolver a súa labor formativa e de orientación, así como a innovación, desenvolvemento e apoio á mellora dos procesos produtivos.
  - Potenciar a internacionalización da formación profesional, a través do fomento da participación do alumnado e do profesorado en programas internacionais
  - Mellora das competencias lingüísticas do alumnado de formación profesional, que lle permita desenvolver a súa profesión nas actuais condicións do mercado laboral. Implantación do plurilingüismo na FP coa creación de ciclos plurilingües (Edulingüe).
  - Realizar accións que poñan en valor ás empresas e institucións que colaboran na implantación e difusión da formación profesional dual, no desenvolvemento de proxectos de innovación, no fomento da cultura emprendedora ou calquera outro aspecto que mellora a calidade da formación profesional.
  - Potenciar a rede de centros que imparten educación para persoas adultas, para permitir a obtención do título de graduado en secundaria obrigatoria ou de bacharelato ás persoas que non o obtiveron polo réxime ordinario.
  - Continuar coa adaptación dos títulos de FP ás condicións actuais do mercado de traballo , xa se levan adaptado mais de 100 decretos autonómicos de desenvolvemento da normativa básica, e continuar co dotación económica aos títulos derivados da LOE cunha duración de 2.000 horas , que pasaron de impartirse nun curso académico a dous cursos.
  - Coa finalidade de adaptar a demanda deste tipo de ensinanzas, a oferta formativa de formación profesional tense incrementado exponencialmente nos últimos anos.
4. Descrición do indicador.
- Porcentaxe do alumnado que cursa FP.
  - Número de persoas que seguen procesos de acreditación de competencias.
  - Número de centros homologados para realizar acreditación de competencias.

- Número de efectivos de persoal avaliador e orientador preparados para a acreditación por familia profesional.
- Número de persoas que obteñen un título académico na rede de centros de persoas adultas e nas probas libres correspondentes.

## 5) EDUEMPRENDE. PLAN DE EMPRENDEMENTO NO SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA.

### I. Obxectivo

O Marco Estratéxico Europeo Educación e Formación 2020 establece como un dos seus catro obxectivos o de afianzar a creatividade e a innovación, incluíndo o espírito emprendedor, en todos os niveis da educación e da formación. O crecemento intelixente require mellorar a calidade da nosa educación e asegurar a incorporación de estratexias, como as propias da cultura emprendedora, que ofrezan valores, coñecementos e habilidades que axuden a afrontar os retos derivados dos cambios sociais nun mundo en constante evolución. O emprendemento é un dos motores principais da innovación, a competitividade e o crecemento da economía.

Este obxectivo reflíctese no Plan de Emprendemento do Sistema Educativo de Galicia "Eduemprende" que establece o marco de fomento para a implantación da cultura emprendedora no alumnado de todos os centros de niveis non universitarios.

### 2. Contidos

- A idea de emprender e da cultura empresarial é un obxectivo específico en todas as etapas da educación básica, así como na formación profesional, bacharelato e nas ensinanza de réxime especial. A través do Plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia, a administración educativa, introduce medidas nos ámbitos de actuación da sensibilización e motivación, da capacitación emprendedora e empregabilidade, e do fomento e apoio a empresarialidade.
- O espírito emprendedor pódese entender nun sentido amplo, como unha actitude xeral que resulta útil tanto na vida cotiá de calquera persoa, como nas actividades profesionais que desenvolve. Tamén como un concepto específico de formación dirixida á creación dunha empresa.
- Co propósito de lograr que progresivamente o alumnado dos distintos niveis educativos non universitarios incorpore os valores propios da cultura emprendedora, desenvolveranse varias accións de sensibilización e motivación cara ao emprendemento, de capacitación para a posta en marcha de proxectos emprendedores e de apoio á empresarialidade.
- Promover o desenvolvemento de calidades persoais como a creatividade, a iniciativa, a asunción de riscos e a responsabilidade.
- Achegar o alumnado a un coñecemento temperán do mundo empresarial e ao contacto coa súa realidade.

- Programar as actividades informativas que lle permitan ao alumnado e ás persoas recentemente titulada coñecer o traballo por conta propia como unha posible opción de inserción profesional e de creación de emprego.
- Organizar as actividades de formación que permitan que o alumnado e os titulados recentes adquiren as competencias necesarias para o desenvolvemento e a posta en marcha de novos proxectos empresariais.
- Potenciar a Rede galega de viveiros de empresa en centros educativos para o asesoramento e o apoio á innovación e á empresarialidade.
- Realizar as actividades de reforzo dos vínculos entre a educación, a empresa, a investigación e a innovación.

### 3. Finalidade

Estas accións van encamiñadas a lograr un avance sensible na cultura do emprendemento, que permitirá mellorar a empregabilidade das galegas e dos galegos e a competitividade das nosas empresas.

### 4. Descrición do Indicador:

- Número de centros que participan en programas de emprendemento.
- Número de alumnas e alumnos que participan nalgunha actividade de emprendemento.
- Incremento de programas de apoio a cultura emprendedora.

## 6) AVALIACIÓN E EXCELENCIA NO SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA

### 1. Obxectivo

Consolidar un sistema educativo que minimize o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en tódolos niveis e continuar a tendencia cara os umbrais de abandono inferiores ao 15% para cumprir cunha antelación de 2anos a Axenda 2020.

### 2. Contidos

- Avaliar o sistema educativo. Analizar a situación e o estado do sistema educativo en Galicia. Avaliacións de ámbito autonómico, nacional e internacional.
- Avaliar os procesos de aprendizaxe e os resultados académicos dos alumnos e alumnas. Son avaliacións individualizadas previstas na Lei orgánica 2/2006, de educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa ( LOMCE).
- Avaliar os centros educativos no eido da organización, o funcionamento e os procesos de ensinanza- aprendizaxe.
- Avaliar a función directiva e dos órganos de coordinación docente.
- Promover o recoñecemento da cultura do esforzo, a superación persoal e o éxito escolar do alumnado a través dos premios extraordinarios.

### 3. Finalidade

- Coñecer a situación do sistema educativo galego para analizar os progresos e axudar na toma de decisións sobre políticas educativas. Dispoñer da información que permita a análise comparativa con outras comunidades autónomas e outros países.
  - Contribuír a mellora da calidade e da equidade da educación.
  - Aumentar a transparencia e a eficacia do sistema educativo.
  - Ofrecer información sobre o progreso de aprendizaxe do alumnado nas competencias clave e orientar os plans de mellora.
  - Incentivar e recoñecer a cultura do esforzo e a dedicación do alumnado nas distintas etapas educativas. Reforzar os aspectos que incidan na mellora do sistema educativo e xuntar a excelencia coa equidade, a igualdade de oportunidades e as posibilidades de desenvolvemento persoal.
4. Descrición do Indicador:
- Número de avaliacións realizadas.
  - Número de centros implicados nos procesos de avaliación.
  - Número de alumnas e alumnos que participan nos procesos.
  - Número de profesoras e profesores implicados nos procesos.
  - Número de premios extraordinarios concedidos.

## 7) AS ACTUACIÓNS TRANSVERSAIS DA CONSELLERÍA EN MATERIA EDUCATIVA

No capítulo II, as actuacións centraranse, fundamentalmente, en garantir o servizo de transporte escolar e o funcionamento dos comedores escolares, así como na distribución dos gastos de funcionamento ordinario aos centros públicos de titularidade da consellería de todos os niveis educativos correspondentes ás ensinanzas non universitarias (infantil, primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional, educación especial, escolas oficiais de idiomas, centros de ensinanzas artísticas e centros de educación de adultos). Débese ter en conta que a evolución no gasto nos centros públicos está condicionada, non só polo escenario financeiro global da comunidade autónoma, senón tamén polas medidas de xestión implantadas para obter unha maior eficiencia no gasto corrente, tales como as contratacións centralizadas en materia de comedores escolares, ou de limpeza dos centros de ensino secundario e primario, ou a contratación centralizada da telefonía, das comunicacións postais, do mantemento dos edificios públicos e da súa vixilancia e seguridade, e da subministración de enerxía. Neste exercicio 2018, tendo en conta os bos resultados acadados, a subministración do gasóleo de calefacción continuará ao abeiro dunha contratación centralizada que permitirá aproveitarse dos aforros xerados polas economías de escala derivadas dela.

Os gastos de funcionamento, nutridos fundamentalmente coas achegas da consellería, así como os propios recursos obtidos polo centro, supoñen un 31% do total do gasto no capítulo II do orzamento da consellería ( isto representa nestes tempos que quizais o euro nos fai esquecer a dimensión de certas cifras, máis de dez mil cincocentos millóns das antigas pesetas) e permitirán

a aplicación da autonomía na xestión económica dos centros establecida no Decreto 201/2003, do 20 de marzo.

A través do capítulo IV, xestionaranse os concertos educativos cos centros docentes privados nos niveis de educación infantil, primaria, ESO, educación especial e FP básica. Como xa se apuntou, dada a súa configuración de pago delegado, a súa contía destínase basicamente a satisfacer salarios.

Tamén levarase a cabo o pagamento das distintas partidas do módulo de concertos educativos: "outros gastos" que van destinados fundamentalmente aos gastos de funcionamento do centro e ao pagamento das retribucións do persoal de administración e servizos, "persoal complementario" dos centros de educación especial e a "nómina de pago delegado" do persoal docente de todos os centros concertados.

Os importes dos módulos económicos para o sostemento dos centros concertados fíxase na Lei de orzamentos de cada ano.

Neste capítulo encádrase tamén a partida destinada á convocatoria de axudas para a adquisición de material escolar para alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria e educación especial en centros sostidos con fondos públicos, reforzándose o apoio a familias con maiores dificultades económicas continuando coa liña de axudas convocadas nos anos 2015, 2016 e 2017, duplicándose no ano 2018 as cifras iniciais.

No capítulo VI (investimentos reais), a magnitude máis significativa está representada pola cantidade destinada na Secretaría Xeral Técnica, por unha banda á construción e ampliación dos centros educativos e as actuacións destinadas a mellorar a eficiencia enerxética dos edificios existentes en execución do Plan de dotación de infraestruturas educativas 2016-2020 financiado polo Programa Operativo FEDER 2014-20 nos seus eixes 4 e 10, así como por outra banda aos proxectos de reparación, mellora e dotación de equipamento dos centros educativos.

No capítulo VI, no marco do PLAN LÍA 2016-2020 (lectura, información e aprendizaxe) as actuacións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos realizaranse coa finalidade de acadar os seguintes obxectivos:

- Dotar os centros educativos de bibliotecas escolares útiles, estables, sustentables e acordes coas necesidades do século XXI.
- Apoiar a adquisición das competencias clave do alumnado e contribuír a un maior logro académico, mellores resultados e actitudes de aprendizaxe.
- Avanzar na consecución dunha biblioteca escolar inclusiva.
- Incentivar o uso das bibliotecas escolares por parte das comunidades educativas.
- Contribuír á construción da sociedade lectora, ofrecendo oportunidades para experiencias lectoras de calidade.

Dentro do PLAN LÍA 2016-2020 desenvolveranse diversas actuacións destinadas ás bibliotecas de todos os centros públicos encamiñadas a fomentar e estimular os hábitos de lectura nos distintos sectores da comunidade educativa, entre as que destaca o apoio aos clubs de lectura dos centros públicos de ensino secundario.

Tamén encadrado no capítulo VI xestiónase o fondo solidario de libros de texto, constituído no curso 2015-2016.

Este fondo permite reutilizar os libros, fomentando as actitudes de respecto, o bo uso e a conservación dos bens comúns e favorecendo a adquisición de hábitos cívicos e de convivencia, valores que contribúen dunha forma positiva ao proceso educativo do alumnado.

A través do capítulo VII xestionaranse as axudas para a adquisición dos libros de texto (gratuidade solidaria). Estas axudas dirixiranse ao alumnado de ensino obrigatorio (1º e 2º de educación primaria, 2º e 4º de educación secundaria) pertencente a familias con rendas baixas e ao alumnado de educación especial e posibilitarán, xunto co E-Dixgal, as axudas para a adquisición de material escolar e o fondo solidario, entre outras actuacións, reforzar o apoio ao alumnado e familias con maiores dificultades e a igualdade no exercicio do dereito a educación, prevista no artigo 83 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

## **B) AS LIÑAS DE ACCIÓN PREVISTAS NO ÁMBITO CULTURAL**

A cultura galega, conta con alicerces ben asentados e definidos nos seus diferentes ámbitos,, e as liñas de acción previstas desde a Xunta de Galicia están dirixidas a reforzar eses alicerces, a manter en pé e mellorar o que entre todos e todas vimos edificando ao longo da construción histórica e contemporánea da cultura galega.

As liñas de actuación que conforman a política cultural son a base da planificación das actuacións e dos programas concretos impulsados desde os distintos departamentos que conforman a área de cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

### **1) A DINAMIZACIÓN DA CULTURA COMO SERVIZO BÁSICO Á CIDADANÍA**

En primeiro lugar, desenvólvense mecanismos de promoción e difusión cultural que buscan, por un lado, apoiar a distribución e estimular o consumo de bens, servizos e produtos culturais galegos dentro e fóra das nosas fronteiras e, paralelamente, buscan incentivar a presenza, a participación e a diversificación de públicos e garantir o acceso a unha oferta cultural diversa e de calidade por parte da nosa cidadanía.

Galicia conta, por exemplo, cun servizo bibliotecario público, cunha rede de museos de xestión autonómica, con arquivos históricos e cun conxunto de actuacións destinadas ao tecido



cultural local que permiten deseñar unhas políticas culturais centradas na atención das necesidades da cidadanía mediante o deseño de estratexias culturais inclusivas. Trátase dun obxectivo que se persegue favorecendo o desenvolvemento, a cohesión social e o equilibrio territorial.

Este momento é o de planificar cada acción que se promove, procurando que queden integradas as distintas vertentes e tendencias. Entendendo que, se existe unha aposta polo rural, aí teñen que estar as administracións públicas cunha oferta cultural e cun desenvolvemento cultural local.

E nesa estratexia entran as accións de posta en valor do patrimonio cultural local. Aí entran os esforzos de participación activa da cidadanía neste espazo central de convivencia que é a cultura. Aí entra o apoio aos programas de traballo artístico cos colectivos desfavorecidos e o apoio a proxectos de linguaxes de vangarda, escasamente programados e que van axudar a abrir novos camiños colectivos. Aí entra tamén o esforzo de formular programacións pluridisciplinares que favorezan os transvasamentos de públicos, que non é máis que abrir as portas das diferentes artes para dalas a coñecer.

Exemplos de actividades incluídas nesta liña de acción son os seguintes:

a) No ámbito do libro, a lectura e as bibliotecas de Galicia:

- Promover o libro con programas de apoio aos axentes do sector, a través da compra de títulos publicados en galego, da celebración das feiras do libro de Galicia, do apoio aos creadores literarios e ás fundacións de autor, e da convocatoria de axudas á tradución.
- Dinamizar a lectura e o espazo bibliotecario con programas e actividades articulados con esa finalidade: programas, actividades singulares, elaboración de materiais, voluntariado cultural nas bibliotecas, clubs de lectura, etc.
- Mellorar o sistema bibliotecario de Galicia, a través da actualización do servizo das bibliotecas nodais, da dotación de novos fondos e da mellora das coleccións das bibliotecas municipais.
- Impulsar a actividade da Biblioteca de Galicia, cabeceira da rede de bibliotecas, que ademais de albergar as publicacións vinculadas con Galicia e de acoller numerosas actividades, promove novas cesións de fondos en comodato.
- Aumentar os fondos dispoñibles en Galiciana, a biblioteca dixital de Galicia.
- Levar a cabo unha formación sectorial cun plan para reforzar as competencias do persoal da rede de bibliotecas.
- Desenvolver as novas directrices de deseño e planificación da política bibliotecaria en aplicación da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia e do seu desenvolvemento normativo a través do mapa de bibliotecas e dos decretos de desenvolvemento da Lei.

- Impulsar a conservación do patrimonio bibliográfico mediante a implantación dunha política que facilite a conservación e o control bibliográfico dos documentos e a súa difusión e consulta a través da aplicación das novas tecnoloxías de dixitalización e integración en proxectos supranacionais.
- Coordinar e supervisar o cumprimento da lexislación de depósito legal.

b) No ámbito dos arquivos:

- Garantir o acceso da cidadanía aos arquivos e á información neles contida, e protexer o patrimonio documental de Galicia, a regulación do ciclo vital dos documentos (calquera que sexa o medio ou soporte en que sexan producidos ou recibidos) e os procesos técnicos a el asociados.
- Impulsar o sistema arquivístico de Galicia a través de novos ingresos de fondos documentais, das melloras nos arquivos dependentes da Xunta de Galicia (reparacións nos edificios dos arquivos históricos, novos equipamentos); da restauración de documentos, das axudas para a conservación e do acceso ao patrimonio dos arquivos e formación.
- Impulsar a actividade do Arquivo de Galicia, co desenvolvemento da súa tarefa corrente de estudos de identificación, valoración e selección de series documentais da Xunta de Galicia.

c) Nos ámbitos das artes plásticas, escénicas e musicais:

- Difundir a música mediante o apoio ás orquestras galegas (Sinfónica de Galicia e Real Filharmonía) e tamén ás propostas máis contemporáneas (ciclo Do Audible), a ampliación da programación operística, a promoción das músicas populares, o apoio aos festivais de gaita, de música clásica, ás agrupacións corais e a colaboración con entidades culturais da comunidade.
- Fomentar o diálogo entre o ámbito formativo e a programación cultural, con exemplos como o Festival Peregrinos Musicais e o Festival Groba.
- Difundir as artes plásticas a través da rede de museos da comunidade autónoma.
- Difundir as artes escénicas mediante a internacionalización cultural como a participación no proxecto Nós de intercambio teatral con Portugal.

## 2) AS ESTRATEXIAS DE INTERNACIONALIZACIÓN DA CULTURA

A proxección exterior da cultura galega é outra das liñas de actuación prioritaria. Trabállase en espazo concretos, fundamentalmente en establecer pontes de diálogo con Portugal e en establecer alianzas cos países de América próximos no lingüístico, tanto de fala castelá como brasileira, fundamentalmente no ámbito audiovisual e musical; e no caso de Portugal, principalmente no ámbito escénico, editorial e das artes plásticas.

Daráselle continuidade ás liñas de axuda empresarial da AGADIC, en colaboración e en liña co IGAPE. Puxéronse as bases para grandes citas, como MIC Atlántica, cunha vertente galega de entrada en Europa.

No que atinxe as axudas da AGADIC ao sector audiovisual, logo do éxito da primeira edición do Conecta Fiction, financiarase unha segunda. No mesmo senso, co fin de incrementar a formación dos produtores celebrárase en Santiago de Compostela o evento EAVE de formación e innovación audiovisual participado por EuropaMedia. Conectando con Suramérica, financiaráanse as primeiras bases de coprodución con Arxentina e crearase unha liña de axudas co apoio do IGAPE co ánimo de incrementar a marca Galicia no sector audiovisual financiando a asistencia de empresas a diferentes festivais internacionais de contido audiovisual.

As políticas de difusión e promoción exterior das industrias culturais galegas artículanse en dous eixes de acción prioritarios: a presenza nos encontros internacionais (en colaboración con outras entidades e asociacións profesionais dos diferentes sectores culturais); e o apoio á distribución exterior dos produtos culturais.

Apoiar a proxección do libro e da literatura a través das feiras internacionais do libro, do catálogo de libros infantís e xuvenís en versión trilingüe para a súa distribución nestas feiras do libro, ou das axudas ás traducións literarias, Pórtico da Literatura Galega en inglés, colección Galician Classics.

Apoiar a internacionalización das industrias culturais mediante o apoio económico e loxístico ás empresas galegas nos mercados audiovisuais, en MIC Atlántica, coas liñas de axudas para a distribución de espectáculos escénicos e musicais; e a promoción da música (plataforma Galician Tunnes), entre outros proxectos.

Proxectos de cooperación transfronteiriza: Programa Nortear Galicia-Rexión Norte de Portugal (literatura, bibliotecas, intercambio de proxectos expositivos etc.); colaboración co Eixo Atlántico (bienal de pintura, difusión musical etc.)

Por outra banda a Cidade da Cultura non debe ser considerada só como un centro visitable, senón como un centro de cultura, tecnoloxía e emprendemento. Deste xeito, a consolidación do Centro de Emprendemento é un feito coa realización e impulso de actividades e empresas, tanto no eido da produción, creación, conservación, difusión e comercialización do patrimonio cultural galego, como no da creación e implantación en Galicia de proxectos e iniciativas relacionadas coas novas tecnoloxías, reforzándose para o exercicio 2018 mediante accións de titorización, formación e equipamento co fin de favorecer a creatividade cultural.

Continuarase cos formatos xa consolidados como “Escenas do Cambio”, en canto festival escénico contemporáneo con especial fincapé no eido galego e internacional; ou como “Encontros de Artistas Novos” e “Nexos” (foros onde se combinan o intercambio artístico, as letras e pensamento), “Atardecer no Gaiás”, “Cidade Imaxinaria”, “Nadal no Gaiás”, “Brinca Gaiás”. Como novidade, preténdese ampliar a oferta cultural, creando un novo ciclo de concertos de pe-

queno formato e outro máis vencellado coa literatura. A atención das familias que normalmente se ausentan en verán, motivarán, por primeira vez, a repetición do formato “Cidade Imaxinaria” nos meses de primavera.

Ao innegable valor arquitectónico do Gaiás debe engadirse ese foco dinamizador da vida cultural en Galicia que ven sendo ao longo destes anos, coa realización de múltiples actividades en varias disciplinas, encontros e foros de artistas, exhibicións, concertos de pequeno formato, colaboración con entidades para o uso de auditorios e aulas para a celebración de ponencias, cursos etc.

Neste exercicio rematarase a II fase do Bosque de Galicia convertendo así a ladeiras do Gaiás no gran pulmón verde de Santiago de Compostela ao mesmo tempo que nun lugar de ocio e deporte , e rematarase a urbanización da Cidade da Cultura, ao tempo que se creará un novo xardín botánico que ven a complementar a obra do Xardín Literario de gran aceptación e éxito entre as persoas que visitan o complexo.

### 3) A CONSERVACIÓN, POSTA EN VALOR E DINAMIZACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL

Outra das principais liñas de actuación pública establecidas en materia de cultura é a protección, difusión, conservación e posta en valor do patrimonio cultural.

Á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións naqueles bens mobles, inmobles ou manifestacións inmateriais que, polo seu valor artístico, histórico, arqueolóxico, paleontolóxico, antropolóxico, arquitectónico, etnolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo.

Así, no que atinxe ao patrimonio cultural as actuacións fundamentais a realizar serán as seguintes:

- Plan de rehabilitación dos Bens de Interese Cultural (BIC) do Camiño de Santiago.
- Desenvolvemento regulamentario da Lei 5/2016 , de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, así como dos seus instrumentos de planificación e intervención
- Actuacións nas principais catedrais e mosteiros.
- Iniciar os traballos do Plan Territorial Integrado dos Camiños de Santiago.
- Continuar os traballos de delimitación e os traballos históricos dos camiños non aprobados.
- Reformular os traballos de categorización e os censos previstos na Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia,

Unha das principais liñas estratéxicas de carácter permanente é a promoción e realización de intervencións para conservar os bens integrantes do patrimonio cultural galego máis significativos, en especial os BIC. Intervencións en bens que pertencen ao Patrimonio Mundial, os Camiños de Santiago, o patrimonio defensivo -murallas, castelos, fortalezas,...- as pontes históricas, patrimonio civil de titularidade pública, as catedrais galegas, o patrimonio monástico e eclesiástico así como os bens de arquitectura tradicional, os conxuntos etnográficos ou industriais ou da enxeñería civil protexidos polo seu valor cultural. Tamén actuacións en bens que integran o patrimonio artístico como retablos e pinturas entre outros e as coleccións museográficas.

Esta dirección xeral tamén é responsable dos procedementos vinculados co réxime xurídico de protección do patrimonio cultural, da xestión para as declaracións de BIC, do catálogo e inventario do patrimonio e dos informes en materia de patrimonio cultural que poidan ser requiridos polas autoridades competentes.

Así mesmo, encárgase da delimitación dos Camiños de Santiago en Galicia, a protección deles na súa dobre vertente de conservación material, recuperación, e fomento do coñecemento e da potenciación dos valores sociais, espirituais e solidarios propios dos camiños.

Por iso, ademais das medidas de dinamización das coleccións museísticas impulsaranse as programacións para a posta en valor do patrimonio cultural, que reforcen o seu aprecio e goce por parte da cidadanía, e actividades que poñan en relación a educación e o patrimonio cultural, buscando achegar o coñecemento e o interese por este acervo común ás novas xeracións.

#### 4) O IMPULSO DAS INDUSTRIAS CULTURAI GALEGAS

O capital creativo de Galicia, que se desenvolveu dun xeito constante ao longo da historia, conta neste momento cun activo cultural de grande importancia que reflicte a evolución dunha sociedade actual e modernizada, que abre camiños de entendemento e de futuro cunha enorme forza e confianza.

A consellería asume o compromiso de apoiar as correntes nadas na sociedade e de vertebrales en prol dun desenvolvemento coordinado e vizoso, para acadar, sobre a base do interese e da responsabilidade da cidadanía, un sector económico emprendedor, capaz de se lanzar á procura de novos públicos e de novos mercados, para o que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria incentiva novos proxectos e promove accións innovadoras dentro do tecido cultural interno.

A industria cultural ven a ter cada vez máis unha incidencia no tecido socioeconómico galego, polo que unha das prioridades de AGADIC consistirá en consolidar as estruturas que os propios axentes sociais e entidades xeren, co desenvolvemento de accións que afirmen o traballo dos creadores e creadoras, e o establecemento de canles de cooperación e colaboración

con outras administracións, con fundacións públicas e privadas e coas asociacións e federacións culturais que teñan interese pola cultura galega, así como, colaborar no desenvolvemento das artes escénicas e musicais e das actividades audiovisuais, así como a posta en práctica de medidas de apoio para os e as artistas e creadores e creadoras, e a súa participación en programas culturais galegos ou de especial interese para a expansión da nosa cultura, cunha especial protección á danza. A asistencia, xunto con empresas galegas, a eventos como Mercartes reflicten o apoio e o pulo ao sector por parte da consellería.

No eido musical, o ano 2018 será o do lanzamento da estratexia de Festivais de música, que se complementará coa creación de axudas para o fomento do talento no eido musical.

Finalmente, no ámbito audiovisual ademais da celebración en Santiago de Compostela en outubro do terceiro e máis importante dos obradoiros audiovisuais do EAVE e a segunda edición do Conecta Fiction, incluírase unha nova liña de apoio ás coproducións con Arxentina.

### C) NO ÁMBITO DA POLÍTICA LINGÜÍSTICA

O programa 151A –Fomento da lingua galega– concreta o plan de actuación sectorial e transversal de fomento do coñecemento e do uso da lingua galega que se desenvolverá a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística durante o ano 2018.

O obxectivo xeral consiste en difundir a conveniencia de empregar a lingua galega nos distintos eidos da sociedade prestando especial atención a franxa de poboación máis nova, así como ao tecido económico/empresarial e as súas relacións comerciais con países de fala portuguesa, propiciando un clima que favoreza o uso cotián do galego.

Para desenvolver este obxectivo xeral, teranse en conta os seguintes aspectos específicos:

- Cómpre aprender a valorar o feito lingüístico galego, garantindo que a lingua galega se poida utilizar en todo tipo de situacións e contextos.
- É necesario prestixiar o uso do idioma galego, conseguindo para este idioma máis funcións sociais, máis espazos de uso e unha presenza meirande en sectores estratéxicos da sociedade galega actual.
- É preciso dotar a lingua dos recursos lingüísticos e técnicos apropiados para poder ser utilizada en todo tipo de ámbitos sociais e institucionais.

Para levar a cabo o obxectivo xeral apuntado anteriormente, é preciso desenvolver liñas de acción que estean vinculadas con diferentes obxectivos operativos:

I. Difundir a conveniencia de usar o galego nos diferentes sectores da sociedade, principalmente nos sectores considerados prioritarios e estratéxicos como son o tecido socioeconómico, o ámbito da mocidade e as franxas de idade máis novas, as tecnoloxías da información e da comunicación e o sector xudicial, entre outros.

### 1.1 Tecido socioeconómico

O Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 4 de agosto de 2016 aprobou o Plan de Dinamización da Lingua Galega no Tecido Económico 2016-2020 (PDLGTE), para a promoción do uso da lingua galega na economía por un importe total de cinco millóns cento oitenta e sete mil trescentos vinte e sete euros (5.187.327,00€). Este plan ten como marco de referencia o Plan Xeral de Normalización da Lingua galega (PXNLG) e con el vanse desenvolver durante os anos 2017, 2018, 2019 e 2020 as liñas de actuación específicas dirixidas a diferentes áreas como son: a industria, o traballo, o cooperativismo, a banca e o comercio, e incidirá especialmente, pola súa repercusión na sociedade en xeral, na hostalería e na restauración, nas industrias alimentarias, nas entidades intermedias (xestorías, asesorías, despachos de avogados, sector inmobiliario, administración de comunidades de propietarios...), e tamén na publicidade das empresas.

Un incremento no uso desta lingua nas empresas axudará ao seu impulso tamén no resto dos sectores cos que se relaciona e, polo tanto, unha maior presenza do galego na sociedade.

Outro aspecto moi importante do plan é a súa utilidade para concienciar aos axentes do tecido económico e empresarial que o uso do galego no ámbito dos negocios supón, para a exportación, unha vantaxe competitiva nos países de fala portuguesa. O galego é unha oportunidade que nos conecta con novos espazos e novos mercados, sobre todo mercados emerxentes de fala portuguesa coma Brasil ou Angola, onde o galego nos demostra e nos fai plenamente conscientes da riqueza lingüística do noso idioma e das potencialidades comunicativas que nos ofrece noutras comunidades lingüísticas con máis de 200 millóns de falantes de portugués que hai no mundo.

Os proxectos concretos para o ano 2018 no ámbito do PDLGTE 2016-2020 son, entre outros os seguintes:

- A creación dun espazo único en liña de atención á empresa en temas de lingua que conteña a lexislación, as ferramentas e recursos lingüísticos e os modelos de documentos de uso frecuente.
- A elaboración e difusión dun decálogo de vantaxes a prol do galego na empresa.
- A valorización dos produtos coa etiquetaxe en galego.
- A posta en valor das experiencias prácticas, os casos de éxito e de uso do galego na empresa.

### 1.2 Ámbito da mocidade e as franxas de idade máis novas

O ano 2018 será un ano decisivo para rematar os traballos preparatorios e o diagnóstico detallado do grado de coñecemento e de utilización do galego pola xuventude en Galicia. Tomarase como referencia unha franxa de idade entre os 15 e os 35 anos e analizaranse os puntos fortes e os puntos débiles da situación actual para deseñar logo as medidas concretas de fomento e dinamización do uso da lingua galega pola mocidade.

Ademais da concreción das liñas de acción para impulsar un maior uso do galego por parte da xuventude, durante o ano 2018 continuarase a liña de acción dirixida a promover os programas de dinamización lingüística dirixidos ao público infantil e as súas familias.

2. Ampliar o coñecemento do galego a través dos sistemas de formación lingüística de adultos e impulsar plataformas para impartir os cursos CELGA en liña, así como a aprendizaxe non formal doutras linguas como o portugués.

3. Incrementar a proxección da lingua e da cultura galegas fóra de comunidade de Galicia.

4. Apoiar a investigación sobre o galego para impulsar proxectos e programas que faciliten a creación de ferramentas e medios técnicos ao alcance da cidadanía en lingua galega. Entre os proxectos de referencia podemos citar:

4.1 O portal xurídico e a base de datos de lexislación galega consolidada (Lex.gal)

4.2 A revisión e adaptación de contidos da Enciclopedia Galega Universal para a súa consulta en liña.

4.3 A participación da Secretaría Xeral de Política Lingüística como socio no programa Interreg V-A España-Portugal, no proxecto denominado "Patrimonio Cultural da Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal: Valoración e Innovación". Acrónimo: 0358 GEOARPAD I-E.

O instrumento que o ampara é o PEC 2014-2020 (Axenda Dixital de Galicia 2020).

Obxectivos: definición dunha infraestrutura de información patrimonial incluíndo o elemento xeoespacial como compoñente vertebrador.

As aplicacións específicas van dirixidas a tres usos diferenciados:

- Patrimonio inmovible
- Patrimonio inmaterial (toponimia e microtoponimia)
- Patrimonio documental

A contribución da Secretaría Xeral de Política Lingüística afecta ao patrimonio inmaterial e se materializa nun proxecto dirixido a xeorreferenciar a toponimia galega (Nomenclátor) en colaboración co Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Amtega. Con base nesta colaboración realízanse ademais outros traballos coa Real Academia Galega para a normalización e elaboración de contidos divulgativos que terán soporte nunha aplicación colaborativa relacionada coa microtoponimia.

5. Coordinar os poderes públicos na dinamización da lingua galega, co fin de incrementar a efectividade das accións dinamizadoras dirixidas á sociedade.



## D) NO ÁMBITO UNIVERSITARIO

A través do Plan Galego de Financiamento das Universidades 2016-2020 mellorárase o financiamento universitario baseado en criterios competitivos, obxectivos estratéxicos e resultados asociados á investigación, á docencia e á xestión e articulación do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

No exercicio de 2018 desenvolveranse os seguintes aspectos:

- Apoiar a implantación do recoñecemento da función docente na conformación do equipo teórico das universidades.
- Apoiar o desenvolvemento das infraestruturas científico -tecnolóxicas e dos servizos xerais de apoio á investigación.
- Consolidar o sistema docente e os obxectivos do Espazo Europeo de Educación Superior.
- Impulsar o crecemento económico e social de Galicia mediante a consolidación do seu capital científico e tecnolóxico, facilitando as relacións entre os centros de coñecemento e as empresas.

Así, ademais de dedicar a meirande porcentaxe do total dedicado ao financiamento das universidades públicas galegas a acadar o principio de suficiencia estática no seu funcionamento estrutural, é dicir, ao mantemento dos recursos imprescindibles para o desenvolvemento das actividades universitarias básicas (a docencia, a investigación e a transferencia), atenderase aos resultados obtidos por cada unha delas en materia de rendemento académico, mellora da calidade e investigación e transferencia para distribuír o resto dos fondos.

No que se refire á investigación no ámbito universitario estanse a seguir os retos e as liñas sinalados establecidos no Plan Galego de Financiamento das Universidades do Sistema Universitario de Galicia 2016-2020, entre as que destacan as seguintes:

Reto I. Captación, formación e retención de talento

- Liña I.1. Programa de apoio á carreira investigadora, consiste en contratos pre-doutorais (de 3 anos, cando o estándar a nivel nacional son 4) e pos-doutorais no estranxeiro, con compromiso de retorno (contratos de 2 anos no estranxeiro + 1 nun centro do SUG. Convocatoria competitiva.
- Liña I.2. Programa de apoio á consolidación de persoal investigador. Con cargo a este programa basicamente establízanse os investigadores formados en programas de convocatorias excelentes.
- Liña I.3. Programa de capacitación e incorporación de xestores de apoio á investigación e tecnólogos. (Os tecnólogos vincúlanse aos servizos centrais da universidade, non aos grupos).

- Liña 1.4. Captación e retención de talento investigador de prestixio. É un programa orientado á apoiar a investigadores con proxectos altamente competitivos como os do European Research Council (ERC).
- Liña 1.5. Programas de mobilidade. Basicamente de formación pos doutoral no estranxeiro. Fináncianse dous anos de estancia en centros internacionais.

Reto 2. Investigación de referencia competitiva, mediante a creación dunha contorna adecuada e atractiva para o desenvolvemento da actividade científica e do desenvolvemento tecnolóxico en Galicia a través da dotación de instrumentos que potencien os grupos de investigación, as agrupacións estratéxicas e os centros de Investigación.

Ao redor de tres eixes estratéxicos (2.1 Consolidación de Grupos, 2.2 Proxectos singulares e 2.3 Potenciación das estruturas de investigación), instrumentalizaranse as seguintes liñas de actuación:

- Liña 2.1.1 Apoio a grupos de referencia competitiva. Axudas de 4 anos a grupos xa consolidados (uns 100).
- Liña 2.1.2. Apoio a grupos potencial crecemento. Axudas de 2 anos a grupos con alto potencial de crecemento. Similar ao anterior pero para grupos aínda non consolidados.
- Liña 2.1.3. Cooperación entre grupos de investigación. Axudas a redes de investigación. Axudas a grupos de investigación para apoiar o desenvolvemento dun plan de actuacións en rede.
- Liña 2.2.1 Especialización dos campus universitarios. Finánciase a elaboración de plans estratéxicos: o Campus do Auga en Ourense, o Campus Terra en Lugo e o Campus Industrial en Ferrol co fin de definir un mapa universitario diversificado.
- Liña 2.2.2 Financiamento de proxectos singulares, de alto impacto en sectores especialmente estratéxicos e onde Galicia posúe contrastada potencialidade. Convocatoria competitiva.
- Liña 2.3.1 Apoio ás agrupacións estratéxicas, estruturas organizativas de investigación superiores ao grupo de investigación co obxectivo de desenvolver unha actividade colaborativa estable e planificada.
- Liña 2.3.2 Creación da Rede de Centros Singulares do SUG. O obxectivo é apoiar os centros de investigación universitaria como os xa existentes e os que poidan xurdir no futuro.

## II.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

### **AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI**

Véxase o indicado no apartado correspondente a (O impulso das industrias culturais galegas).

### II.3. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

Véxase o indicado no apartado correspondente a (estratexias de internacionalización da cultura).



### III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

#### III.1. PROGRAMAS DE GASTO

##### III.1.1. PROGRAMA 151A - FOMENTO DA LINGUA GALEGA:

#### A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa 151A –Fomento da lingua galega– concreta o plan de actuación sectorial e transversal de fomento do coñecemento e do uso da lingua galega que a Secretaría Xeral de Política Lingüística desenvolverá durante o ano 2018

#### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

- I. Fomento do uso do galego nos diferentes sectores da sociedade, a través de diversas iniciativas de promoción do galego, que buscan impulsar a incorporación desta lingua a ámbitos prioritarios como son o socioeconómico, o das tecnoloxías da información e da comunicación, o xudicial ou as franxas de idade máis novas.

O Consello da Xunta de Galicia aprobou o 4 de agosto de 2016 o Plan de dinamización lingüística no tecido económico 2016-2020 (en diante, PDLGTE) , que ten como marco de referencia o Plan Xeral de Normalización da Lingua galega (PXNLG). Con este plan sectorial vanse desenvolver liñas de actuación específicas dirixidas a diferentes áreas como a industria, o traballo, o cooperativismo, a banca e o comercio e, incidirá especialmente, pola súa repercusión na sociedade en xeral, na hostalería e restauración, nas industrias alimentarias, nas entidades intermedias (xestorías, asesorías, despachos de avogados, sector inmobiliario, administración de comunidades de propietarios...), e tamén na publicidade das empresas e outras actividades do ámbito cultural e tecnolóxico (audiovisual galego, fomento das TIC...).

Un incremento no uso desta lingua nas empresas axudará ao seu impulso tamén no resto dos sectores cos que se relaciona e, polo tanto, unha maior presenza do galego na sociedade.

Segundo o estudo económico do PDLGTE a porcentaxe dos fondos que destinará a Secretaría Xeral de Política Lingüística durante o ano 2018 será o 36,77% e a porcentaxe dos fondos doutros organismos será do 63,23%.

Outro aspecto moi importante do plan é a súa utilidade para concienciar aos axentes do tecido económico e empresarial que o uso do galego no ámbito dos negocios supón, para a exportación, unha vantaxe competitiva nos países de fala portuguesa. O galego é unha oportunidade que nos conecta con novos espazos e novos mercados, sobre todo mercados emerxentes de fala portuguesa coma Brasil ou Angola, onde o galego nos demostra e nos fai plenamente conscientes da riqueza lingüística do noso idioma e das potencialidades comunicativas que nos ofrece noutras comunidades lingüísticas con máis de 200 millóns de falantes de portugués que hai no mundo. Neste sentido, a Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, regula no seu artigo 3º que

“deberán ser promovidas, así mesmo, as relacións a todos os niveis cos países de lingua oficial portuguesa, constituíndo este un obxectivo estratéxico do Goberno galego. De maneira especial, fomentárase o coñecemento desta lingua por parte dos empregados públicos, a participación das institucións en foros lusófonos de todo tipo –económico, cultural, ambiental, deportivo, etc.–, así como a organización na Comunidade autónoma Galega de eventos con presenza de entidades e persoas de territorios que teñan o portugués como lingua oficial.”

2. Impulsar proxectos e programas que faciliten a creación de ferramentas e medios técnicos en lingua galega ao alcance da cidadanía.
3. Incrementar a efectividade das accións dinamizadoras dirixidas á sociedade
  - Promoción social da lingua
  - Desenvolvemento da investigación
  - Coordinación dos poderes públicos para a dinamización lingüística
  - Fomento da competencia en galego da sociedade
  - Proxección exterior

Na actualidade, a Secretaría Xeral de Política Lingüística está tramitando o Plan de Dinamización da Lingua Galega na Mocidade que será aprobado no ano 2018 como folla de ruta para impulsar a dinamización da lingua galega neste sector.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015 - 2020, o obxectivo estratéxico deste programa (coa identificación OE 4.2.03), consiste en difundir a conveniencia de empregar a lingua galega nos distintos eidos da sociedade prestando especial atención a franxa de poboación máis nova, así como ao tecido económico/empresarial e as súas relacións comerciais con países de fala portuguesa, propiciando un clima que favoreza o uso cotián do galego.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Toda a poboación en xeral e, en particular, a poboación adulta en Galicia e no exterior.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A gran parte dos programas, plans e accións necesarios para desenvolver as políticas activas de promoción e de sensibilización a prol da lingua galega durante o ano 2018 atendendo aos obxectivos operativos do programa, poden materializarse nas seguintes actuacións:

- I. Fomentar o uso do galego nos diferentes sectores da sociedade, principalmente nos sectores considerados prioritarios e estratéxicos (tecido económico, xuventude, lusofonía):
  - Continuar a realización de programas de dinamización lingüística para as franxas de idade máis novas: como, por exemplo, “Nós tamén creamos”, “O galego campa”, “FalaRedes”, e festas e encontros dos Axóuxeres.
  - Desenvolvemento de actividades de formación e convocatoria de axudas para os equipos de dinamización da lingua galega dos centros de ensino.

- Coñecemento da situación actual do galego nos distintos ámbitos da sociedade, a través do Observatorio da Lingua Galega.
  - Convocatoria de axudas para a edición de recursos didácticos curriculares para niveis non universitarios.
  - Convocatoria de subvencións ás entidades locais de Galicia para fomentar o uso da lingua galega, apoiando a creación, mantemento e reforzamento dos servizos lingüísticos e a realización de programas de dinamización lingüística, nos ámbitos municipal e supramunicipal.
  - Actuacións e afianzamento da Rede de dinamización lingüística, entre a Xunta de Galicia e as entidades locais, e outras de diversa procedencia (culturais, etc.).
  - Sinatura de convenios con entidades dos diversos sectores sociais para a realización de actuacións de normalización lingüística.
  - Creación e difusión de recursos en galego, tales como tradutores, paquetes ofimáticos, correctores, dicionarios ou vocabularios en liña.
  - Convocatoria de axudas para fomentar o uso do galego nos medios de comunicación impresos e nos seus portais web.
  - Desenvolvemento de diversos proxectos de investigación a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
2. Ampliar o coñecemento do galego por parte da cidadanía
- Colaboración co Instituto da Lingua Galega, coa Real Academia Galega e coas universidades galegas.
  - Convocatoria de cursos e probas Celga.
  - Realización de xornadas de formación para o profesorado colaborador da Secretaría Xeral de Política Lingüística.
  - Reforzo da oferta formativa en lingua galega para os profesionais ao servizo das administracións.
  - Oferta de asesoramento lingüístico a través do servizo da Secretaría Xeral de Política Lingüística.
3. Incrementar a proxección da lingua e da cultura galegas fóra da comunidade de Galicia:
- Convenios con universidades de diversos países para desenvolver actividades de difusión da lingua e da cultura galegas.
  - Coordinación das actividades formativas no exterior a través dunha rede de centros de estudos galegos.
  - Realización de xornadas formativas para o profesorado lector.
  - Colaboración coa Junta de Castilla y León para continuar o proceso de incorporación do galego nos plans de estudo dos centros de ensino primario e secundario.
  - Colaboración con centros de Cataluña (proxecto Galauda), Londres, Caracas, etc.
  - Fomento da colaboración entre gobernos en materia de política lingüística.

- Participación na Rede europea para a promoción da diversidade lingüística (NPLD), e na “Asociación de institucións avaliadoras de linguas de Europa” (ALTE).

## **DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA**

O referente normativo básico da actuación establécese no artigo 3.2 da Constitución española sobre a oficialidade das linguas do Estado nas respectivas comunidades autónomas, e no artigo 5 do Estatuto de autonomía para Galicia onde se define que a lingua propia de Galicia é o galego e que os poderes públicos de Galicia potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa.

Eses mesmos mandatos son reiterados no Estatuto de Autonomía para Galicia (art. 27º.20) e desenvolvidos na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, e tamén no Decreto 221/1990, do 22 de marzo, polo que se crea a Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística, onde se establece a necesidade de coordinar as accións promovidas polos distintos estamentos da Administración autonómica para planificar as liñas xerais de actuación externa e interna en materia de normalización lingüística, así como o obxectivo de promover o uso social da lingua galega a través de distintas accións por parte da Administración.

Dentro deste marco legal, no Goberno de Galicia, as competencias en materia de promoción e ensino da lingua galega, correspóndenlle á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Por último, o día 21 de setembro de 2004 o Parlamento de Galicia aprobaba, por unanimidade, o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega que se xestara por instancia da entón Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da extinta Dirección Xeral de Política Lingüística, hoxe convertida na actual Secretaría Xeral de Política Lingüística. O Plan constitúe, en liñas xerais, un documento que, a modo de marco referencial e partindo dun concepto globalizador, permite, de forma planificada, a concreción e actualización dos grandes obxectivos de política lingüística expresados na Lei de normalización lingüística de 1983. Neste Plan englobábase unha serie de medidas dirixidas aos distintos sectores socioeconómicos para conseguir o afianzamento do uso normal da lingua galega en convivencia co castelán, e así aproveitar a riqueza da posesión de dúas linguas oficiais.

No marco do ensino non universitario, a lexislación concrétese no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, cuxa adecuación á Lei de normalización lingüística ten sido avalada favorablemente polas sentenzas do TSXG corrixido para cumprir escrupulosamente os ditados do Tribunal polas instrucións ditadas para o efecto pola consellería.

## **FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA**

O programa 151A –Fomento da lingua galega– pretende cumprir os obxectivos que prevé a Lei de normalización lingüística e o Plan xeral de normalización da lingua galega, así como o Plan de dinamización lingüística no tecido económico 2016-2020. Estes obxectivos considéranse



imprescindibles para o proceso normalizador e para deseñar as medidas de actuación que sexan necesarias para conseguir unha actitude máis favorable cara á lingua galega, e difundir a conveniencia de empregar a lingua galega nos distintos eidos da sociedade prestando especial atención a franxa de poboación máis nova, así como o tecido económico empresarial e as súas relacións comerciais cos países de fala portuguesa.

De acordo con isto, a Secretaría Xeral de Política Lingüística quere conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e maiores espazos de uso na sociedade civil do século XXI. Agora ben, unha planificación lingüística é algo moi distinto a outros proxectos planificadores, porque a súa executora vai ser toda a cidadanía nas súas empresas, nos seus lugares de traballo, nas súas relacións sociais, nas súas familias. En definitiva, depende absolutamente do entusiasmo e vontade da cidadanía á que vai dirixido lograr os obxectivos nel establecidos. Por iso, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, consciente da importancia de que favorecer o prestixio e o uso da lingua galega é unha tarefa de todos, e non só das institucións, traballa para estender unha visión afable, moderna e útil do galego, para o converter na lingua habitual de comunicación, tanto formal como informal, e eliminar os prexuízos que aínda existen sobre esta lingua.

O resultado que se pretende conseguir co obxectivo estratéxico deste programa de gasto (coa identificación OE 4.2.03) é difundir a conveniencia de empregar a lingua galega nos distintos eidos da sociedade prestando especial atención a franxa de poboación máis nova, así como o tecido económico empresarial e a súas relacións comerciais cos países de fala portuguesa propiciando un clima que favoreza o uso cotiá do galego.

Os proxectos concretos para o ano 2018 no ámbito do PDLGTE 2016-2020 son, entre outros, os seguintes:

- a) A creación dun espazo único en liña de atención á empresa en temas de lingua que conteña lexislación, ferramentas e recursos lingüísticos, modelos de documentos de uso frecuente e outros.
- b) A elaboración e difusión dun decálogo de vantaxes a prol do galego na empresa.
- c) A valorización dos produtos coa etiquetaxe en galego.
- d) Posta en valor de experiencias prácticas, casos de éxito e de uso do galego na empresa.

No ámbito da mocidade o Plan de Dinamización da Lingua Galega na Mocidade pretende incrementar a utilización do galego entre a xente máis nova. O ano 2018 será un ano decisivo para rematar os traballos preparatorios e o diagnóstico detallado do grado de coñecemento e de utilización do galego pola xuventude en Galicia, tomase como referencia unha franxa de idade entre os 14 e os 35 anos, analizaranse os puntos fortes e os puntos débiles da situación actual para deseñar logo as medidas concretas de fomento e dinamización do uso da lingua galega pola mocidade.

Ademais da concreción das liñas de acción para impulsar un maior uso do galego pola xuventude, durante o ano 2018 continuarase a súa liña de acción dirixida a promover programas de dinamización lingüística dirixidos ao público infantil e as súas familias.

Ampliarase o coñecemento do galego a través dos sistemas de formación lingüística de adultos e impulsaranse plataformas para impartir os cursos CELGA en liña, así como a aprendizaxe non formal doutras linguas como o portugués.

Incrementarase tamén a proxección da lingua e da cultura galegas fóra de comunidade de Galicia.

Apoiárase a investigación sobre o galego para impulsar proxectos e programas que faciliten a creación de ferramentas e medios técnicos ao alcance da cidadanía en lingua galega. Entre os proxectos de referencia pódense citar:

- O portal xurídico e a base de datos de lexislación galega consolidada (Lex.gal)
- A revisión e adaptación de contidos da Enciclopedia Galega Universal para a súa consulta en liña.
- A participación da Secretaría Xeral de Política Lingüística como socio no programa Interreg V-A España-Portugal, no proxecto denominado "Patrimonio Cultural da Eurorexión Galicia - Norte de Portugal: Valoración e Innovación". Acrónimo: 0358 GEOAR-PAD I-E. O instrumento que o ampara é o PEG 2015-2020 (Axenda Dixital de Galicia 2020).

O obxectivo é a definición dunha infraestrutura de información patrimonial incluíndo o elemento xeoespacial como compoñente vertebrador.

As aplicacións específicas van dirixidas a tres usos diferenciados:

- Patrimonio inmovible
- Patrimonio inmaterial (toponimia e microtoponimia)
- Patrimonio documental

A contribución da Secretaría Xeral de Política Lingüística afecta ao patrimonio inmaterial e materialízase nun proxecto dirixido a xeorreferenciar a toponimia galega (Nomenclátor) en colaboración co Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia. Con base nesta colaboración realizaranse ademais outros traballos coa Real Academia Galega para a normalización e elaboración de contidos divulgativos que terán soporte nunha aplicación colaborativa relacionada coa microtoponimia.

Coordinarase aos poderes públicos na dinamización da lingua galega, co fin de incrementar a efectividade das accións dinamizadoras dirixidas á sociedade.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

### BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O programa 151A, no desenvolvemento das súas actividades de dinamización lingüística, formación e investigación promove e incide positivamente no emprego dunha linguaxe e imaxes non sexistas, inclusivas, igualitarias, plurais e non estereotipadas, para achegar a súa mensaxe a toda a cidadanía e incrementar o coñecemento e o uso social da lingua galega.

Os indicadores con relevancia de xénero máis importantes se concretan como segue:

- Os contidos e a docencia dos cursos de lingua galega para todos os niveis (incluíndo as linguaxes específicas, a administración xeral, local e de xustiza, etc.) nos que se presta unha especial atención ao fomento da utilización non sexista do galego, empréganse sempre termos xenéricos (persoal colaborador, persoas responsables, etc), mesmo nas xornadas formativas sempre se inclúe unha epígrafe referida á linguaxe non sexista.
- A utilización dunha linguaxe e imaxes inclusivas está presente nas publicacións e traballos de investigación que produce, edita e financia a Secretaría Xeral de Política Lingüística, ademais de aqueloutras nas que colabora directamente.

- c) No ámbito da promoción, baste citar que un dos parámetros de valoración das obras que se presentan á convocatoria anual de subvencións para a edición de recursos curriculares en lingua galega, para niveis non universitarios, é precisamente se, de maneira transversal aos obxectivos, competencias e contidos abordados, o material promove: “A igualdade entre as persoas, sexan do sexo, raza, relixión, procedencia, lingua ou condición social que sexan”.

Obsérvase unha aceptación significativa e crecente por parte das mulleres cara as actividades que se veñen desenvolvendo a través do programa 151A.

E así, a modo de exemplo, nas actividades formativas rexístrase un número de mulleres superior ao de homes, na proporción de entre un 60 e un 70% de mulleres, fronte o 40% ou 30% de homes. Sirvan para ilustrar este feito os datos que se desagregan a continuación:

- a) Persoas destinatarias de cursos: no que vai do ano 2017 convocáronse 28 cursos Celga e 13 cursos de linguaxes específicas o que fai un total de 41 cursos. Cunha inscrición media de 25 persoas por curso o total é de 1.100 alumnos, un 70% mulleres (770).
- b) Probas para acreditar o coñecemento en lingua galega (CELGA): 1.316 persoas presentadas, das cales 876 foron mulleres (67%).
- c) Profesorado colaborador: 57, dos cales 9 son homes (16%) e 48 mulleres (84%)
- d) En distintos programas de dinamización lingüística que leva a cabo a Secretaría Xeral de Política Lingüística como O Castiñeiro do Apalpador o número de persoas participantes nos distintos concellos arroxa un total de 375 nenas e de 339 nenos. Maior participación feminina produciuse tamén no Obradoiro de xogos e xoguets en galego, con 215 nenas participantes e 178 nenos. Igualmente nas sesións das Cantarolas para Xente Miúda con 249 nenas e 226 nenos.

#### **IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA**

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	

Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

**IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.**

A Secretaría Xeral de Política Lingüística programa e executa actividades dirixidas ao conxunto da cidadanía, sen diferenciación por sexos, co obxecto de lograr máis e mellores espazos de uso para o galego, velando en todas as súas iniciativas por utilizar una linguaxe igualitaria, plural e non estereotipada das funcións das mulleres e homes na sociedade. Por esta razón, non conta con actividades concretas para as que se poida fixar un orzamento específico.

## **PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.**

O programa é mixto con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes para a utilización dun galego non sexista, tentando transmitir unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade.

## **SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2016.**

O progresivo incremento, ano tras ano, do número de mulleres que participan nas actividades formativas e tamén das inscritas para as probas CELGA. No exercicio 2018 coa implantación do CELGA 4 en liña farase unha achega á conciliación da vida familiar e formativa, das mulleres e dos homes ao aforrar custos de tempo e de desprazamento a centros formativos

## **INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.**

O programa de gasto dende a perspectiva de xénero non diferencia acción concretas para homes ou mulleres considerando que para a dinamización, normalización e aprendizaxe da lingua galega a estratexia de accións é lograr máis e mellores espazos de uso para o galego dende unha posición igualitaria e non sexista das funcións dos homes e as mulleres na sociedade.

### **C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN**

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

### **III.1.2. PROGRAMA 421A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EDUCACIÓN:**

## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Os recursos asignados a este programa están destinados a cubrir os gastos asociados ao funcionamento normal dos servizos administrativos da área de educación, así como, os gastos derivados do funcionamento do Museo Pedagóxico de Galicia o do Consello Escolar de Galicia.

### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Neste programa contéplanse as dotacións orzamentarias para atender ás necesidades de funcionamento dos servizos centrais e das xefaturas territoriais, como son as de reparación de edificios, maquinaria, equipamento informático, material de oficina, subministración de enerxía eléctrica, combustible, comunicacións, transporte, xurídicos e contenciosos, as do Consello Escolar, as do Museo Pedagóxico de Galicia, así como as indemnizacións por razón de servizo do persoal.

No capítulo VI conta coas aplicacións para atender ás adquisicións de pequeno material mobiliario para os servizos centrais e xefaturas territoriais, así como para atender a reparación, ampliación e mellora nas dependencias administrativas e os investimentos de carácter inmaterial para o Museo Pedagóxico de Galicia.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015 - 2020, o obxectivo instrumental deste programa (coa identificación OI 1.5.01), consiste en garantir o funcionamento operativo dos servizos administrativos do sistema educativo, así como, os gastos derivados do funcionamento do Museo Pedagóxico de Galicia o do Consello Escolar de Galicia.

### POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións enmarcadas no presente programa van dirixidas á poboación galega en xeral e aos órganos administrativos da Consellería.

### DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Atención aos gastos para o normal funcionamento dos servizos centrais e das xefaturas territoriais da área de educación, do Consello Escolar de Galicia e do Museo Pedagóxico de Galicia.

Adquisición de diverso mobiliario e outros investimentos para os servizos centrais e xefaturas territoriais da área de educación.

Inmovilizado para o Museo Pedagóxico de Galicia.

### DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

- Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e o sector público autonómico de Galicia.
- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público.
- Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
- Decreto 4/2013, de 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Atención á comunidade educativa en particular e da sociedade en xeral.

En canto a os resultados que se pretenden conseguir co obxectivo instrumental deste programa de gasto (coa identificación OI 1.5.01) é mellorar a eficiencia na cobertura financeira das necesidades correntes, tanto dos servizos centrais como territoriais da consellería, relacionadas cos servizos administrativos do sistema educativo, así como as derivadas dos gastos de funcionamento do Museo Pedagóxico de Galicia e do Consello Escolar de Galicia.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	



Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X
--	---

### C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

### III.1.3. PROGRAMA 422A - EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA:

#### A. DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA

O programa destínase a atender a escolarización do alumnado nos niveis de educación infantil e primaria, que representan máis do 54% do alumnado non universitario. O 59% da dotación do programa destínase a satisfacer as nóminas dos máis de 16.000 docentes dedicados a estas ensinanzas.

#### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

- a) Dotar aos centros de educación infantil, primaria e educación infantil e primaria dos recursos humanos necesarios para garantir na nosa comunidade autónoma un ensino de calidade para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias. Estímase imprescindible unha atención moi específica nestas iniciais etapas educativas para poder acadar os fins do sistema educativo, entre os que podemos mencionar o pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades do alumnado, a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade, o desenvolvemento da capacidade do alumnado para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade e a iniciativa persoal .

En todo caso, os recursos humanos dispoñibles deben facilitar ao alumnado as aprendizaxes da expresión e comprensión oral, a escritura, o cálculo, a adquisición de noções básicas da cultura, o hábito de convivencia así como os de estudo e traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado e de preparalos para cursar con aproveitamento a Educación Secundaria Obrigatoria (ESO)

- b) Dotar de recursos para os gastos de funcionamento aos centros públicos de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria nos niveis de educación infantil e primaria.

- c) Atender ao pagamento dos concertos educativos cos centros docentes privados nos niveis de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria (incluído o pagamento delegado da nómina de persoal docente destes centros).
- d) Atender a demanda de postos escolares.
- e) Paliar a situación de deterioro estrutural provocada polo uso e inadecuación funcional dos centros educativos ás esixencias educativas actuais e ás normas vixentes.
- f) Substituír o mobiliario e o equipamento didáctico deteriorado e nalgúns casos obsoleto.
- g) Asumir baixo a súa responsabilidade a vixilancia e o control da saúde dos 16.000 efectivos que, aproximadamente, constitúen o persoal docente que presta servizo nestes centros, dando así cumprimento ao mandato do artigo 31.3º da Lei de prevención de riscos laborais.
- h) Prestación dos servizos educativos a través do profesorado de primaria.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015 - 2020, o obxectivo estratéxico deste programa (coa identificación OE 1.5.01), consiste en mellorar a calidade da educación e os resultados dos escolares galegos, modernizando as dotacións a procedementos educativos, medios e infraestruturas públicas destinadas a centros educativos de ensinanza infantil e primaria.

Este programa conta con axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) vinculada ao Programa Operativo do FEDER para o período 2014 - 2020 cos seguintes obxectivos temáticos, prioridades de investimento, obxectivos específicos e categorías de intervención:

- O obxectivo temático (coa identificación 4) consiste en favorecer a transición a unha economía baixa en carbono en todos os sectores. A prioridade de investimento (coa identificación 4c) desta axuda consiste no apoio da eficiencia enerxética, da xestión intelixente da enerxía e do uso de enerxías renovables nas infraestruturas públicas, incluídos os edificios públicos e nas vivendas. O obxectivo específico (coa identificación 040c1 - 4.3.1) desta axuda e o de mellorar a eficiencia enerxética e a redución de emisións de CO<sub>2</sub> na edificación e nas infraestruturas e servizos públicos. Por último, a categoría de intervención desta axuda (coa identificación CI014) e a renovación do parque inmobiliario existente co obxecto da eficiencia enerxética, proxectos de demostración e medidas de apoio.

Nos exercicios 2016 e 2017 investíronse preto de 5 millóns con esta finalidade en 20 centros educativos, actuando na envolvente do edificio, na substitución das carpinterías e nunha iluminación máis eficiente, que se completarán coa actuación prevista noutros oito centros no exercicio 2018, cun aforro previsto de 3.829.207 kWh/ano como fito 2018, cunha meta ao final do período de 7.428.137 kWh/ano e un investimento que superará os nove millóns en medidas para a mellora da eficiencia enerxética, segundo o Plan de Infraestruturas Educativas 2016-2020, que se completan con outras melloras funcionais para levar a cabo unha rehabilitación integral dos centros educativos que os sitúa en parámetros de seguridade, habitabilidade e funcionalidade conforme aos estándares e normativa vixente.

- O obxectivo temático (coa identificación 10) consiste en investir na educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente. A prioridade de investimento (coa identificación 10a) desta axuda consiste en investir na educación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente, mediante o desenvolvemento das infraestruturas de educación e formación. O obxectivo específico (coa identificación 10.1.1) desta axuda e o de mellorar as infraestruturas de educación e formación. Por último, as categorías de intervención desta axuda son as infraestruturas educativas para ensinanza escolar (ensinanza primaria e secundaria xeral) coa identificación CI051 e as infraestruturas para a atención e a educación da primeira infancia coa identificación CI052.

Conforme a este obxectivo, no exercicio 2018 prevese investir preto de 7 millóns para continuar as actuacións en infraestruturas xa iniciadas nos exercicios 2016 e 2017, onde se investiron máis de 8 millóns de euros en infraestruturas para ensinanza infantil, primaria e secundaria, dos que máis de 4 millóns corresponden ao novo CEIP de Culleredo, fase I da ampliación do CEIP Alfonso Rodríguez Castelao de Navia (Vigo) e ampliación do CEIP As Mercedes de Lugo. No 2018 prevese continuar coa fase II de ampliación do CEIP Rodríguez Castelao, rematar o CEIP de Culleredo, así como iniciar a construción dun novo CEIP en Mesoiro (A Coruña). Así mesmo, comezaranse a traballar nos proxectos de ampliación do CEIP Iamas de Abade en Santiago de Compostela, e o novo CEIP de Ames.

A estas actuacións hai que sumar o investimento de máis de 10 millóns de euros en obras de reforma e mellora en máis de 400 centros de infantil e primaria durante 2016, que se están a completar con 4,5 millóns en 337 centros en aplicación da Lei 3/2017 de impulso do crecemento económico e reforzo do gasto social.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Poboación en idade escolar, entre os 3 e 16 anos de idade (uns 200.000 nenos e nenas). A educación primaria e a educación secundaria constitúen a educación básica, que ten carácter obrigatorio e gratuíto. A educación infantil (entre os 3 e os 5 anos) ten carácter voluntario; non obstante, ten carácter gratuíto como resposta á ampla demanda social e á conveniencia de potenciala desde as instancias administrativas, xa que a súa finalidade é a de contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual das nenas e dos nenos.

Recordar que a educación infantil comprende ata os 6 anos de idade e estruturase en dous ciclos. A educación primaria constitúe o primeiro tramo da educación obrigatoria, estruturada en seis cursos, que abarca dende os 6 aos 12 anos. Complétase a ensinanza básica cos catro cursos académicos da ESO (con alumnado entre os 12 e os 16 anos de idade).

Nese marco os centros privados que ofrezan ensinanzas declaradas gratuítas e satisfagan necesidades de escolarización poden acollerse ao réxime de concertos e ós fondos públicos destinados ao sostemento dos centros privados concertados se establecen nos orzamentos e

se distribúen pola aplicación dun módulo económico por unidade escolar. O dito módulo ten un importe que posibilita que o ensino se imparta en condicións de gratuidade e garante, entre outros, os salarios do persoal docente, incluídas as cotizacións á Seguridade Social.

### DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A rede de centros públicos dedicados as ensinanzas de infantil e primaria da nosa comunidade autónoma, conta cunha antigüidade a maioría deles cunha media aproximada de 40 anos, o que fai necesario que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ademais de incrementar postos escolares alí onde a demanda educativa o esixe, deba proceder á reposición e as reformas integrais de centros así coma á correspondente dotación e/ou renovación de mobiliario e material didáctico. A estas actuacións cabe engadir a necesaria mellora na eficiencia enerxética dos edificios, que redunda no aumento do confort térmico e redución do consumo enerxético.

Este programa de gasto materializa unha traxectoria de moitos anos da Administración educativa, xa que co gasto que nel se contempla faise fronte a un dos obxectivos irrenunciabes da consellería e que constitúe un dos alicerces do sistema educativo. Efectivamente os gastos de funcionamento posibilitan a autonomía dos centros, elemento fundamental das medidas encamiñadas a promover a mellora da calidade no ensino non universitario.

### DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As disposicións legais aplicables, son as seguintes:

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei Orgánica 8/2013 para a mellora da calidade educativa.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público.
- Lei 14/2013, do 26 decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación.
- Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordenación da Edificación.
- Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade (desenvolvida polo Decreto 35/2002 modificado polo Decreto 74/2013).
- Real Decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas en edificios, modificado polo Real Decreto 238/2013.
- Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto polo que se aproba o Regulamento electro-técnico de baixa tensión.

O programa 422A ten a súa razón:

- Na Constitución Española, cando no artigo 27 establece que o ensino básico é obrigatorio e gratuito e que os poderes públicos axudarán aos centros docentes que reúnan os requisitos, previstos con carácter básico, no Real decreto 2377/1985, do 18 de decembro, polo que se aproba o regulamento de concertos educativos. Na Comunidade autónoma de Galicia a regulamentación dos vixentes concertos recóllese fundamentalmente na Orde do 14 de marzo de 2017.
- Na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación e na Lei Orgánica 8/2013 para a Mellora da calidade educativa en desenvolvemento do mandato constitucional do dereito á educación, tamén alude á organización dos centros docentes e á ordenación das ensinanzas (educación infantil, primaria e educación secundaria obrigatoria).
- No Decreto 201/2003, do 20 de marzo, que desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros públicos docentes non universitarios, sinalando que o estado de ingresos do orzamento anual do centro estará integrado, entre outros recursos, polas dotacións procedentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para gastos de funcionamento.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria tenta garantir unha ensinanza obrigatoria coa mellor calidade de infraestruturas e dotación de material didáctico e de equipamento, levando a cabo, dentro do contexto económico, a creación e ampliación de centros onde os recursos educativos públicos resulten insuficientes debido á presión demográfica, así como á reforma dalgúns dos centros da nosa rede educativa, a fin de dar unha resposta axeitada á demanda de postos escolares na zona en que se produce.

Por todo iso, seguiranse realizando obras de conservación e mellora dos centros existentes, de renovación das instalacións dos mesmos e revisión das infraestruturas existentes.

Con cargo a este programa orzamentario materialízase, tamén, a adquisición de mobiliario e material didáctico para dotar os novos centros educativos e as ampliacións realizadas, así como o destinado ás reposicións do material deteriorado.

O presente programa resulta estratéxico para a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria xa que con el ( e os outros que atenden á educación especial, de adultos, de ensinanzas artísticas,..) aténdese a finalidade de consignar os gastos de funcionamento dos centros públicos e privados concertados (e, neste último caso, tamén o pagamento delegado das nóminas).

Os gastos de funcionamento, como elemento esencial dos ingresos dun centro docente, garante a súa autonomía, e posibilita dispoñer dos materiais didácticos e recursos necesarios. Todo iso constitúe a infraestrutura material que permite impartir un ensino de calidade.

En canto aos resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico deste programa de gasto (coa identificación OE I.5.01) son , por unha banda, acadar unha mellor adecuación das infraestruturas e das dotacións de medios aos usuarios, atendendo a súa dimensión e mellorando a ratio profesor/alumno, e por outra banda, mellorar as características funcionais, de seguridade e habitabilidade das instalacións, que incidan na mellora da eficiencia enerxética dos edificios.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

### BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A construción de novos centros onde os recursos educativos públicos resulten insuficientes, fundamentalmente en zonas de novo crecemento da periferia das cidades e poboacións da área de influencia desta permiten atender á demanda crecente nestas zonas. A adaptación dos centros existentes as novas necesidades (mediante obras de reforma e ampliación) e a adquisición de material e mobiliario, permiten completar os servizos cos que se dota as localidades e aos centros, por exemplo ampliando os espazos de comedor e aulas de atención a alumnado con necesidades especiais. Estas actuacións complétanse nas instalacións de cociña e na adquisición de material adaptado ás necesidades do alumnado, para unha mellor atención as alumnas e alumnos procedentes de familias desfavorecidas aproximando os servizos educativos aos domicilios

das familias, posibilitando a conciliación laboral-familiar e polo tanto a promoción da igualdade de oportunidades.

### IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

## **IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA.**

As actuacións da Consellería no ensino non universitario afectan directamente a máis de 385.000 alumnas e alumnos, o que representa o 14% da poboación total de Galicia, e indirectamente a máis de 600.000 nais e pais, que representan máis do 22% da poboación total de Galicia.

Case o 52% do alumnado son nenos, polo que non pode existir distinción dende unha perspectiva orzamentaria que discrimine, de xeito positivo ao xénero feminino.

Contrariamente, dende a perspectiva de emprego público, case o 69% do colectivo de docentes son de xénero feminino. Tendo en conta que o 83% do orzamento da consellería dedícase a soldos e salarios, dende a perspectiva de xénero, o orzamento educativo contribúe dun xeito importante no peso porcentual do emprego feminino, cualificado, ademais, pola non distinción retributiva entre xéneros. A existencia de distintas figuras no eido laboral como as comisións de servizo por conciliación familiar, os intercambios provisionais etc., repercuten na promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilita a conciliación e a coresponsabilidade.

A suma das accións incide nun terzo da poboación galega, polo que o comportamento dende a perspectiva de xénero non resulta diferente da totalidade. Dada a transversalidade de elementos esóxenos ao sistema educativo, tales como a diferente perspectiva de xénero, de ocupación, de salarios, non resulta posible identificar accións dentro do sistema educativo que afecten dun xeito especialmente singular a un ou outro xénero, máis alá das políticas de igualdade que, en cumprimento da Lei orgánica de educación inspiran a totalidade do deseño da acción educativa da administración.

## **PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.**

Tendo en conta que tanto a construción de novos centros, como a adaptación dos centros existentes ou na adquisición de material e mobiliario, crean emprego, provocando un impacto indirecto sobre a perspectiva de xénero, estímase que se inducirá unha redución da brecha de xénero existente ao valorar nas ofertas das empresas que concorren nos procedementos de licitación, a implantación de plans de igualdade, de modo que teña preferencia na adxudicación do contrato a proposición presentada por empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica ou profesional, cumpran as medidas destinadas a promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no mercado de traballo establecidas de conformidade co que prevé o artigo 33 da Lei Orgánica 3/2007 de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, sempre que dita proposición iguale nos seus termos ás mais vantaxosas dende o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base á adxudicación.



## SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2016.

No exercicio 2016 adxudicáronse máis de 60 obras de construción de novos centros, ampliación ou mellora por procedemento aberto ou negociado, nos que máis dun 30% das empresas manifestaron dispor de medidas para fomento da igualdade como criterio de desempate, conforme ao establecido no prego tipo de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu esta contratación

### C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

### III.1.4. PROGRAMA 422C - ENSEÑANZAS UNIVERSITARIAS:

#### A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa 422C –Ensinanzas Universitarias– concreta o novo Plan Galego de Financiamento das Universidades para os anos 2016-2020.

#### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O programa 422C - Ensinanzas Universitarias correspóndese co novo Plan Galego de Financiamento das Universidades para os anos 2016-2020.

A estrutura que desenvolve o Plan Galego de Financiamento das Universidades 2016-2020 é a seguinte:

1. Financiamento estrutural:
  - a) Financiamento estrutural
  - b) RAM
2. Financiamento por resultados:
  - a) Complementos retributivos e compensación por matrículas
  - b) Outros custes asociados ao ensino universitario:
    - Centros asociados da UNED en Galicia
    - Fundación Rof Codina
    - Axencia da Calidade do SUG

- Consellos Sociais
- c) Panel de Indicadores

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015 - 2020, o obxectivo estratéxico deste programa (coa identificación OE I.5.02 ), consiste en mellorar a calidade da docencia e da oferta do sistema universitario de Galicia.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O novo Plan de Financiamento servirá, á vez, para facilitar novos recursos ás universidades, pero tamén para ordenar integralmente o sistema universitario galego. Os novos recursos teñen que atender ás necesidades das universidades galegas pero tamén debe comprometer ás institucións universitarias na satisfacción eficiente das necesidades sociais e económicas que Galicia terá no futuro.

Por iso, o programa 422C Ensinanzas Universitarias está dirixido a todo o colectivo universitario: alumnado, persoal docente e persoal investigador do sistema universitario de Galicia.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Unha vez superada a fase de adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior é preciso fomentar o avance do SUG ata cotas de calidade cada vez mais elevadas. O novo concepto de financiamento está dotado dunha estrutura dinámica e flexible que permitirá adaptar as achegas aos cambios do escenario macroeconómico no que se encadra.

O novo plan define un marco de financiamento moderno, dinámico, flexible, sostible, suficiente, equitativo e eficiente que permite o cambio e modernización das universidades galegas no medio prazo mediante a planificación de estratexias que faciliten a súa converxencia coas universidades tanto do sistema español de universidades como a nivel internacional.

Os fins descritos materializaranse nas seguintes actividades:

- Financiamento estrutural das universidades galegas para atender as súas necesidades (gasto de persoal docente, PAS, funcionamento e mellora dos ratios da calidade...)
- Financiamento dos complementos retributivos autonómicos e sexenios, así como a compensación por bolsas e prezos públicos.
- Financiamento dos Consellos Sociais.
- Subvencionar aos centros asociados da UNED.
- Financiar determinadas accións de apoio económico ás mozas e mozos estudantes do SUG (bolsas, axudas e premios).
- Acadar a consolidación da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.
- Continuar con convenios de colaboración coas universidades galegas.

- Subvención á Fundación Rof Codina.
- Sufragar os gastos de reparación, ampliación e mellora das instalacións universitarias.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O referente normativa básico da actuación da Secretaría Xeral de Universidades é o seguinte:

- Plan Galego de Financiamento das Universidades de Galicia 2016-2020
- Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modificou a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.
- Lei 6/2013, do 13 de xuño do Sistema universitario de Galicia.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Este programa segue os parámetros establecidos no Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2016-2020 e que son os seguintes:

### 1. Financiamento estrutural:

Estes fondos aglutinarán a meirande porcentaxe do total dedicado ao financiamento das universidades públicas galegas, permitirán acadar o principio de suficiencia estática, é dicir, o mantemento dos recursos imprescindibles para o desenvolvemento das actividades básicas das universidades: docencia, investigación e transferencia.

- a) Financiamento estrutural: contemplará a cobertura dos gastos considerados imprescindibles para o mantemento das actividades básicas das universidades.
- b) RAM: dedicarase a atender as necesidades de reforma, ampliación e mellora de las instalacións das universidades do SUG.

### 2. Financiamento por resultados:

Este compoñente do novo Plan de Financiamento inclúe unha serie de ferramentas cuxa correspondente dotación de fondos terá carácter variable, facendo depender a súa distribución entre as universidades do SUG, dos resultados obtidos por cada unha delas en determinados ámbitos de actuación, sendo imprescindible a achega dos datos e información precisa e veraz por parte das mesmas.

- a) Complementos retributivos e compensación por matrículas: atenderanse as contías derivadas da aplicación da normativa estatal e autonómica, contías derivadas das liquidacións anuais dos complementos retributivos autonómicos e sexenios, así como as compensacións anuais por bolsas e prezos públicos.
- b) Outros custes asociados ao ensino universitario: contías derivadas do cumprimento de obxectivos funcionais de:
  - Centros asociados da UNED en Galicia.

- Fundación Rof Codina.
  - Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.
  - Consellos Sociais.
- c) Panel de Indicadores: contías vinculadas aos resultados obtidos polas universidades en cada un dos indicadores que configuran un panel no que se recollen as principais áreas de acción:
- Indicadores de rendemento académico.
  - Indicadores de investigación e transferencia.
  - Accións de mellora da calidade.

En canto aos resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico deste programa de gasto (coa identificación OE I.5.02) son, por unha banda, incrementar a taxa de graduación nas titulacións e, por outra banda, mellorar a empregabilidade dos egresados universitarios.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

## BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Segundo a estatísticas máis recentes sobre o sistema Universitario Galego, ao redor do 40% do persoal que se dedica aos labores de investigación, desenvolvemento e docencia son mulleres.

A presenza feminina nas aulas universitarias alcanza cotas lixeiramente superiores á dos homes, ao redor do 56%

## IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	X
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	

Outros (especificar)	
----------------------	--

### IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA.

As tres universidades galegas , financiadas pola comunidade autónoma manteñen na súa estrutura orgánica unha unidade específica en materia de igualdade de xénero

### C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Universidades

### III.1.5. PROGRAMA 422D - EDUCACIÓN ESPECIAL:

#### A. DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA

Este programa destínase a atender , en base aos principios de normalización e inclusión, as escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais, en canto ao funcionamento diario dos centros e as súas infraestruturas, de xeito que poidan desenvolver ao máximo as súas capacidades.

#### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

- a) Dotar de recursos para os gastos de funcionamento aos centros públicos de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que escolarizan ao alumnado de educación especial.
- b) Atender ao pagamento dos concertos educativos cos centros docentes privados que escolarizan ao alumnado educación especial (incluído o pagamento delegado dos salarios do persoal docente destes centros)
- c) Paliar a situación de deterioro estrutural provocada polo uso e inadecuación funcional dos centros educativos ás esixencias educativas deste colectivo.
- d) Substituír o mobiliario e o equipamento didáctico deteriorado e nalgúns casos obsoleto.
- e) Escolarizar adecuadamente e garantir a formación e a atención especializada do alumnado con necesidades educativas especiais.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015 - 2020, o obxectivo estratéxico deste programa (coa identificación OE I.5.03 ), consiste en mellorar a calidade da educación

e os resultados escolares dos centros educativos de educación especial, en especial mediante a modernización de procedementos, dotacións de medios e de infraestruturas .

Este programa conta con axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) vinculada ao Programa Operativo do FEDER para o período 2014 - 2020 cuxo obxectivo temático (coa identificación 10) consiste en investir na educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente. A prioridade de investimento (coa identificación 10a) desta axuda consiste en investir na educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente, mediante o desenvolvemento das infraestruturas de educación e formación. O obxectivo específico (coa identificación 10.1.1) desta axuda é o de mellorar as infraestruturas de educación e formación. Por último, a categoría de intervención desta axuda son as infraestruturas educativas para a educación e formación profesional e a aprendizaxe de adultos coa identificación CI050.

## **POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE**

Nenas e nenos de entre 3 e 21 anos de idade que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por dificultades de aprendizaxe,...

## **DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA**

A Comunidade autónoma conta con centros de educación especial que necesitan a realización de actuacións periódicas de reforma, reparación e conservación, tendo en conta a antigüidade das edificacións existentes, debendo ser adecuados estrutural e funcionalmente.

Este programa de gasto materializa unha traxectoria de moitos anos da Administración educativa, xa que co gasto que nel se contempla faise fronte a un dos obxectivos irrenunciabes da consellería e que constitúe un dos alicerces do sistema educativo. Efectivamente, os gastos de funcionamento posibilitan a autonomía dos centros, elemento fundamental das medidas encamiñadas a promover a mellora da calidade no ensino non universitario, finalidade, que no caso que nos ocupa, busca proporcionarlle ao alumnado con necesidades educativas especiais o máximo desenvolvemento persoal, social e emocional, así como os correspondentes obxectivos curriculares.

## **DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA**

As disposicións legais aplicables, son as seguintes:

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei orgánica 8/2013 para a mellora da calidade educativa.
- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.
- Lei 14/2013, do 26 decembro, de racionalización do sector público autonómico.

- Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o código técnico da edificación.
- Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación.
- Lei 8/2013, de 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade (desenvolvida polo Decreto 35/2002 modificado polo Decreto 74/2013).
- Real Decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas en edificios modificado polo Real Decreto 238/2013.
- Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto polo que se aproba o Regulamento electrotécnico de baixa tensión.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

#### FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Para alcanzar os fins sinalados a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria realizará as actuacións necesarias, dentro dos recursos dispoñibles, de reparacións e melloras dos centros existentes, para atender adecuadamente a este alumnado, dotándoos dunhas instalacións máis axeitadas.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria préstalle atención ao alumnado con necesidades educativas especiais mediante unha rede pública e concertada de centros docentes que atenden as súas necesidades, así como aos programas educativos que engadan un valor a estas ensinanzas.

En canto aos resultados que se pretenden conseguir no obxectivo estratéxico deste programa de gasto (coa identificación OE 1.5.03) son:

- Acadar unha mellor adecuación das infraestruturas e das dotacións de medios aos usuarios, atendendo a súa dimensión e mellorando a ratio profesor/alumno.
- Mellorar as características funcionais, de seguridade e habitabilidade das instalacións, que incidan na mellora da eficiencia enerxética dos edificios.
- Acadar que o alumnado logre os obxectivos formativos da ensinanza ordinaria.



## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

### BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

As actuacións de mellora dos centros educativos de educación especial permiten o mantemento de prazas escolares que redundan na conciliación da vida familiar-laboral e polo tanto promoven a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

### IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X

Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

#### IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA.

A consellería aposta por unha educación inclusiva en centros educativos ordinarios, deixando á elección dos pais a escolarización dos seus fillos e fillas en centros de educación especial.

#### PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Tendo en conta que tanto a construción de novos centros, como a adaptación dos centros existentes ou na adquisición de material e mobiliario, crean emprego, provocando un impacto indirecto sobre a perspectiva de xénero, estímase que se inducirá unha redución da brecha de xénero existente ao valorar nas ofertas das empresas que concorren nos procedementos de licitación, a implantación de plans de igualdade, de modo que teña preferencia na adxudicación do contrato a proposición presentada por empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica ou profesional, cumplan as medidas destinadas a promover a igualdade de oportunidades

entre mulleres e homes no mercado de traballo establecidas de conformidade co que prevé o artigo 33 da Lei Orgánica 3/2007 de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, sempre que dita proposición iguale nos seus termos ás mais vantaxosas dende o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base á adxudicación.

O efecto esperado coa medida anterior poderase estender coa vixilancia para que a contratación pública se suxeite ao previsto no artigo 60.1, apartado c), do RD 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que establece, entre outras cousas, a prohibición de contratar con persoas que foran sancionadas con carácter firme por infracción grave en materia de igualdade de oportunidades ou por infracción moi grave en materia social.

## **C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN**

Secretaría Xeral Técnica

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

### **III.1.6. PROGRAMA 422E - ENSINANZAS ARTÍSTICAS:**

#### **A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA**

O programa destínase a atender o funcionamento diario dos centros públicos de ensinanza artística de titularidade da consellería e as súas infraestruturas:

- a) Os conservatorios de música e danza
- b) As escolas de arte e superiores de deseño
- c) A Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais
- d) A Escolar Superior de Arte Dramática

#### **NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA**

En materia de infraestruturas tense estudado a situación das ensinanza artística na comunidade autónoma apreciándose como demandas máis relevantes as seguintes:

- Demanda de reparacións, ampliacións e melloras nos centros de ensinanza artística.
- Demanda de novas dotacións e equipamentos e reposición do material deteriorado.

Dentro das ensinanza en réxime especial atópanse as ensinanza artística. Estas últimas están integradas por:

1. Ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño: abordan a aprendizaxe das técnicas artísticas, así como os oficios tradicionais de contido artístico. Estrutúranse en familias profesionais (semellantes ás da formación profesional) e comprenden unha serie de ciclos de grao medio e de grao superior, de dous cursos en ambos os casos.
2. Estudos superiores de deseño: responden á necesidade de lles proporcionar aos futuros profesionais unha adecuada formación artística, científica e técnica, así como unha formación de calidade e unha titulación superior nos distintos ámbitos do deseño. Abranguen catro especialidades: deseño gráfico, deseño de interiores, deseño de moda e deseño de produtos.
3. Estudos superiores de conservación e restauración de bens culturais: teñen como finalidade a formación de profesionais no mundo da restauración e da conservación de bens culturais e integran coñecementos tanto artísticos coma científicos e tecnolóxicos, en distintas especialidades: pintura, escultura e arqueoloxía.
4. Ensinanzas de arte dramática: están enmarcadas nas ensinanzas artísticas superiores e teñen como obxectivo proporcionar unha formación práctica, teórica e metodolóxica, a través da creación e investigación nos ámbitos relativos á interpretación, dirección escénica e dramaturxia, e escenografía.
5. Ensinanzas de música: poden ser regradas (grao elemental, profesional ou superior) e non regradas. As primeiras conducen a unha titulación oficial, común para todo o Estado, e pódense cursar exclusivamente en conservatorios públicos e en centros privados autorizados de música. As ensinanzas non regradas de música cúrsanse en escolas de música, moitas delas de titularidade municipal.
6. Ensinanzas de danza: poden ser regradas (grao elemental, profesional ou superior) e non regradas. As primeiras conducen a unha titulación oficial, común para todo o Estado, e pódense cursar exclusivamente en conservatorios públicos e en centros autorizados de danza. Pola contra, as ensinanzas non regradas non conducen a titulación ningunha nin seguen un currículo oficial e cúrsanse nas escolas de danza.
7. Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015 - 2020, o obxectivo estratéxico deste programa (coa identificación OE I.5.04 ), consiste en mellorar a calidade das ensinanzas de réxime especial e os seus resultados, en especial no que atinxe ao dominio efectivo dunha terceira lingua.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As ensinanzas de música e de danza pódense cursar a partir dos 8 anos nos graos elementais, e a calquera idade nos graos profesionais, así como nas escolas de música en ensinanzas non regradas.

Ademais, en Galicia ofértase o grao superior, equivalente aos estudos universitarios de grao, no ámbito da música, así como na arte dramática, nas artes plásticas e o deseño, e na conservación e restauración de bens culturais, as que se poden acceder as persoas maiores de 18 anos.

Coa publicación do Decreto 89/2013, do 13 de xuño, polo que se fixan prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos de ensinanzas especiais, realizouse un axuste nos prezos públicos para estas ensinanzas que tivo efectos neutros sobre a matrícula, como consecuencia de que a subvención reguladora do custo das ensinanzas mantívose en promedios superiores ao 95% e que se ampliaron os supostos de exención e pagamento da matrícula aos distintos colectivos con dereito a bonificación.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A comunidade autónoma conta con centros dedicados ás ensinanzas elementais e profesionais de música e danza e ensinanzas artísticas superiores, situados nunhas infraestruturas que necesitan actuacións de reparacións, ampliación e melloras, así como a dotación do material necesario para o correcto funcionamento destes centros.

Ademais da creación e sostemento dos centros de titularidade pública, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria quere recoñecer a importante labor que están a desenvolver os concellos galegos no achegamento dos estudos musicais á cidadanía. Coñecedora dos problemas que os concellos teñen para atender á promoción destes estudos desde o punto de vista económico, as axudas están destinadas aos conservatorios para realizar as adaptacións estruturais e completar os orzamentos necesarios para poder cumprir os requisitos mínimos que a normativa lles esixe para poder impartir as ensinanzas.

As ensinanzas de música divídense en regradas e non regradas. As primeiras pódense cursar exclusivamente nos centros autorizados de música e nos conservatorios, mentres que as segundas pódense cursar nas escolas de música. Os estudos regrados de música divídense en tres etapas: grao elemental, grao profesional e estudos superiores. Os dous primeiros graos poden cursarse, ademais de nos sete conservatorios profesionais dependentes da Consellería, noutros 27 conservatorios públicos dependentes dos concellos, así como en distintos centros privados autorizados. Mentres que os estudos superiores pódense cursar nos dous conservatorios superiores de música, da Coruña e Vigo.

Por outra banda, ante o proceso de converxencia no Espazo Europeo de Educación Superior, cada vez é maior o número de alumnos e alumnas que cursan ensinanzas artísticas superiores que participan no programa de mobilidade Erasmus. Tendo en conta que as axudas propias do programa son moi baixas, estableceranse unhas axudas complementarias que lles faciliten o acceso e a realización deste tipo de estadías noutras institucións superiores de países de Unión Europea.

Finalmente, no ano 2015 establecéronse os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais, que teñen carácter anual e están destinados ao alumnado que supere os seus estudos profesionais de música, danza ou de artes plásticas e deseño cun grao de excelencia.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As disposicións legais aplicables, son as seguintes:

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei Orgánica 8/2013 para a mellora da calidade educativa.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o código técnico da edificación).
- Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación.
- Lei 8/2013, de 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade (desenvolvida polo Decreto 35/2002 modificado polo Decreto 74/2013).
- Real Decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas en edificios modificado polo Real Decreto 238/2013.
- Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas (desenvolvida polo Decreto 35/2002 e modificado polo Decreto 74/2013)).
- Real Decreto 1751/1998, do 31 de xullo, polo que se aproba o regulamento de instalacións térmicas en edificios.
- Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto polo que se aproba o regulamento electrotécnico de baixa tensión.
- Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da comunidade autónoma de Galicia.
- Orde do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade autónoma de Galicia.
- Orde do 7 de xullo de 2010 pola que se establecen medidas de ordenación académica para o alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e de danza e as ensinanzas de réxime xeral.
- Decreto 61/2011, do 24 de marzo, polo que se establece o regulamento orgánico das escolas de arte e superiores de deseño da comunidade autónoma de Galicia.
- Orde do 8 de agosto de 2011, pola que se desenvolve o Decreto 61/2011, do 24 de marzo, polo que se establece o regulamento orgánico das escolas de arte e superiores de deseño da comunidade autónoma de Galicia.
- Decreto 89/2013, do 13 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e

artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño.

- Decreto 163/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Composición, Interpretación, Musicoloxía e Pedagogía, na comunidade autónoma de Galicia.
- Orde do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Música en desenvolvemento do Decreto 163/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Composición, Interpretación, Musicoloxía e Pedagogía na comunidade autónoma de Galicia .
- Decreto 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade autónoma de Galicia.
- Orde do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Deseño en desenvolvemento do Decreto 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na comunidade autónoma de Galicia.
- Decreto 174/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais, nas especialidades de bens arqueolóxicos, escultura e pintura, na comunidade autónoma de Galicia.
- Orde do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais en desenvolvemento do Decreto 174/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais, nas especialidades de Bens Arqueolóxicos, Escultura e Pintura na comunidade autónoma de Galicia.
- Decreto 179/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática na Comunidade autónoma de Galicia.
- Orde do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática en desenvolvemento do Decreto 179/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática na comunidade autónoma de Galicia.
- Decreto 171/2016, do 24 de novembro, polo que se establece o Plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Dirección e Produción e Xestión, e se amplían os anexos do plan de estudos correspondente á especialidade de Interpretación, establecidos no Decreto 163/2015, do 29 de outubro, mediante a incorporación de novos itinerarios.
- Orde do 29 de marzo de 2017 pola que se aproban as bases e se convocan axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola Unión Europea e o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, no marco do programa comunitario Erasmus+, destinadas

ao alumnado que cursa ensinanzas artísticas superiores en centros públicos de Galicia no curso 2016/17.

- Resolución do 30 de maio de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o acceso e admisión do alumnado ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño para o curso 2017-2018.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria tenta garantir que a oferta realizada ao seu alumnado se concrete no máis amplo abano de ensinanzas artísticas para que completen a súa formación, cunhas instalacións adecuadas.

As escolas de artes e conservatorios de música deben ser dotados de mobiliario e equipamento didáctico acorde coas ensinanzas que neles se imparten.

O labor desenvolvido no ámbito da música pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, coa dotación e o sostemento dos conservatorios de música dependentes dela, vese complementado polas iniciativas de moitos concellos da comunidade autónoma, que dende hai anos realizan un importante labor a través da creación e sostemento de escolas de música e de conservatorios que tamén imparten ensinanzas regradas de música, e tamén da oferta privada.

Finalidades previstas:

- Adecuación progresiva das ensinanzas superiores ao novo Espazo Europeo de Educación Superior coa implantación dos novos plans de estudos superiores de ensinanzas artísticas.
- Establecer convenios con entidades públicas e privadas que fomenten a excelencia musical e a práctica orquestral do alumnado dos conservatorios profesionais e superiores.
- Establecer axudas complementarias para o alumnado que cursa ensinanzas artísticas superiores que participan no programa de mobilidade Erasmus. Tendo en conta que as axudas propias do programa son moi baixas, cómpre establecer, na mesma liña que para o alumnado universitario, unhas axudas complementarias que faciliten o acceso e a realización deste tipo de estadias noutras institucións superiores de países de Unión Europea.
- Creación e potenciación de seccións bilingües nos centros de ensinanzas artísticas.

En canto aos resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico deste programa de gasto (coa identificación OE I.5.04) son:

- Acadar unha mellor adecuación das infraestruturas e das dotacións de medios aos usuarios, atendendo a súa dimensión e mellorando a ratio profesor/alumno.



- Mellorar as características funcionais, de seguridade e habitabilidade das instalacións, que incidan na mellora da eficiencia enerxética dos edificios.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

### BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

En todos os procesos de selección para o acceso ás ensinanzas artísticas cómpre superar unha proba de capacidade e de coñecementos específicos básicos para poder cursar con aproveitamento as ditas ensinanzas. Estes procesos réxense, con carácter xeral, polos criterios de igualdade, mérito e capacidade, en función dos distintos niveis e especialidades, nos que non se aplica ningún tipo de medida que implique unha asignación de prazas en función do xénero dos aspirantes.

Neste senso, cómpre sinalar que existe unha demanda moi desigual nas distintas ensinanzas en función da especialidade, por parte de alumnos e alumnas, como por exemplo na danza, moda e nalgúns especialidades de música, nas que case a totalidade de aspirantes son mulleres.

Polo que se refire ao desenvolvemento da actividade académica nestas ensinanzas, aplícanse todos os criterios para evitar a linguaxe sexista e os estereotipos de xénero.

**IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA**

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

## IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA.

Dende a perspectiva de emprego público, case o 69% do colectivo de docentes son de xénero feminino. Tendo en conta que o 83% do orzamento da consellería dedícase a soldos e salarios, dende a perspectiva de xénero, o orzamento educativo contribúe dun xeito importante no peso porcentual do emprego feminino, cualificado, ademais, pola non distinción retributiva entre xéneros.

A suma das accións incide nun terzo da poboación galega, polo que o comportamento dende a perspectiva de xénero non resulta diferente da totalidade. Dada a transversalidade de elementos esóxenos ao sistema educativo, tales como a diferente perspectiva de xénero, de ocupación, de salarios, non resulta posible identificar accións dentro do sistema educativo que afecten dun xeito especialmente singular a un ou outro xénero, máis alá das políticas de igualdade que, en cumprimento da Lei orgánica de Educación inspiran a totalidade do deseño da acción educativa da administración.

## PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Tendo en conta que tanto a construción de novos centros, como a adaptación dos centros existentes ou na adquisición de material e mobiliario, crean emprego, provocando un impacto indirecto sobre a perspectiva de xénero, estímase que se inducirá unha redución da brecha de xénero existente ao valorar nas ofertas das empresas que concorren nos procedementos de licitación, a implantación de plans de igualdade, de modo que teña preferencia na adxudicación do contrato a proposición presentada por empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica ou profesional, cumpran as medidas destinadas a promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no mercado de traballo establecidas de conformidade co que prevé o artigo 33 da Lei Orgánica 3/2007 de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, sempre que dita proposición iguale nos seus termos ás mais vantaxosas dende o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base á adxudicación.

O efecto esperado coa medida anterior poderase estender coa vixilancia para que a contratación pública se suxeite ao previsto no artigo 60.1, apartado c), do RD 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que establece, entre outras cousas, a prohibición de contratar con persoas que foran sancionadas con carácter firme por infracción grave en materia de igualdade de oportunidades ou por infracción moi grave en materia social.

## **SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2016.**

Como se indica na descrición do programa, no ámbito das ensinanzas artísticas o alumnado matriculado é maioritariamente do xénero feminino, polo que o maior número de beneficiarias del son mulleres.

## **INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO.**

Estase a avaliar a implantación dunha nova estratexia na adquisición de material para ensinanzas artísticas que mellore a actual transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade.

Dende o punto de vista de acceso a estas ensinanzas, non resulta aconsellable establecer novas estratexias para unha mellor incorporación da perspectiva de xénero, xa que para o acceso ás ensinanzas artísticas, en todos os seus niveis e ámbitos, é imprescindible superar unha proba na que as persoas aspirantes amosen as súas capacidades e coñecementos para cursar con aproveitamento estas ensinanzas. Os datos de matrícula confirman que o maior número de persoas que superan as probas e acceden a estas ensinanzas son mulleres.

### **C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN**

Secretaría Xeral Técnica

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

### **III.1.7. PROGRAMA 422G - ENSINANZAS ESPECIAIS:**

#### **A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA**

Con este programa son atendidas as obrigas relacionadas co funcionamento das escolas oficiais de idiomas.

## NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O dominio das competencias comunicativas en linguas modernas constitúe un dos principais obxectivos nas políticas educativas europeas. O crecemento da demanda de ensinanzas especializadas de idiomas por parte de amplos sectores profesionais, así como do ámbito académico, especialmente en lingua inglesa, xustifica a adopción de medidas que potencien a aprendizaxe de linguas estranxeiras.

As ensinanzas de idiomas son de réxime especial e abordan os estudos de idiomas fóra das etapas ordinarias do sistema educativo, co obxecto de capacitar e acreditar ás persoas no dominio das distintas destrezas comunicativas, tanto orais coma escritas. As ensinanzas estrutúranse nos niveis básico, intermedio e avanzado (de acordo co Marco Común Europeo de Referencia das Linguas) e, con carácter xeral, cada un dos niveis abrangue dous cursos.

En materia de infraestruturas tense estudado a situación dos centros educativos que imparte ensinanzas especiais na comunidade autónoma apreciándose un aumento considerable da demanda por parte do alumnado deste tipo de ensinanzas, implicando a creación de novas prazas, así como a necesidade de reparacións e adaptación dos centros existentes.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015 - 2020, o obxectivo estratéxico deste programa (coa identificación OE 1.5.04 ), consiste en mellorar a calidade das ensinanzas de réxime especial e os seus resultados, en especial no que atinxe ao dominio efectivo dunha terceira lingua.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As ensinanzas especializadas de idiomas van dirixidas a aquelas persoas que desexan, ao longo da súa vida, adquirir ou perfeccionar as súas competencias nunha ou varias linguas estranxeiras, con fins xerais ou específicos, así como obter para o mercado laboral unha certificación transparente do seu nivel de competencia no uso das devanditas linguas.

Na Comunidade autónoma de Galicia hai 11 escolas oficiais de idiomas, con seccións en varias localidades, nas que se poden cursar os correspondentes estudos (alemán, árabe, chinés, francés, inglés, italiano, portugués, ruso, xaponés, español e galego), ademais da oferta da modalidade a distancia de inglés a través do programa That's English!.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Na Comunidade autónoma de Galicia fóronse creando progresivamente escolas oficiais de idiomas atendendo a criterios de distribución xeográfica. Así, desde a creación en 1969 do primeiro destes centros, a EOI da Coruña, existe na actualidade unha rede de 11 escolas, das que dependen 28 seccións situadas en IES, ademais da oferta da modalidade a distancia de inglés a través do programa That's English! en 23 centros (escolas oficiais de idiomas e institutos de ensino secundario), que posibilita o estudo dos niveis básico e intermedio nesta lingua.

As ensinanzas que imparten as escolas oficiais de idiomas, que xorden cun carácter marcadamente práctico (ben para completar a formación xa adquirida, ou ben para satisfacer as necesidades profesionais do alumnado), están estruturadas en tres niveis (básico, intermedio e avanzado), cunha duración xenérica de dous cursos cada por nivel (tres no caso do nivel básico e nivel intermedio en chinés e xaponés, e tres no caso do nivel intermedio de árabe). Os niveis básico, intermedio e avanzado corresponden cos niveis A2, B1 e B2, respectivamente, do Marco europeo común de referencia para as linguas (MECRL). Aquel alumnado que supere as probas de certificación de cada un dos niveis, ben polo réxime oficial ou polo réxime libre, recibe o certificado correspondente.

O Plan galego de potenciación das linguas estranxeiras recolle que as escolas oficiais de idiomas deben desempeñar socialmente un papel integrador como centros de formación en linguas, sensibles a todas as demandas da cidadanía, e presenta os seguintes obxectivos para estes centros:

- a) Manter unha oferta variada, flexible e atractiva para a aprendizaxe das linguas e asegurar a coordinación das escolas oficiais de idiomas cos outros organismos de formación permanente.
- b) Difundir e promover as ocasións de recoñecemento e certificación de competencias lingüísticas dentro do MECRL co fin de que as sociedade galega estea preparada para o mundo laboral a nivel internacional.
- c) Promover o uso do Portfolio Europeo das Linguas para fomentar unha mobilidade persoal e profesional fluída a nivel internacional.
- d) Promover unha educación que recoñeza e valore a riqueza da diversidade lingüística e cultural entre as persoas adultas.
- e) Manter e realizar as correspondentes melloras nos edificios educativos destinados a este fin.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As disposicións legais aplicables, son as seguintes:

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei Orgánica 8/2013 para a mellora da calidade educativa.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público.
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o código técnico da edificación).
- Lei 38/1999, do 20 de agosto, de ordenación da edificación.
- Lei 8/2013, de 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.

- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade (desenvolvida polo Decreto 35/2002 modificado polo Decreto 74/2013).
- Real Decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas en edificios modificado polo Real Decreto 238/2013.
- Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto polo que se aproba o regulamento electrotécnico de baixa tensión.
- Decreto 189/2010, do 11 de novembro, polo que se establece o regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da comunidade autónoma de Galicia.
- Orde do 5 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 189/2010, do 11 de novembro, polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da comunidade autónoma de Galicia, e se regula a organización e o acceso ás ensinanzas de idiomas de réxime especial.
- Resolución do 10 de maio de 2012 pola que se ditan instrucións para a elaboración e administración das probas de certificación e de clasificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial na comunidade autónoma de Galicia.
- Decreto 191/2007 do 20 de setembro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e os currículos dos niveis básico e intermedio.
- Decreto 239/2008 do 25 de setembro, polo que se establece o currículo do nivel avanzado das ensinanzas de réxime especial de idiomas.
- Orde do 8 de outubro de 2012, pola que se establece o procedemento para a implantación, avaliación e certificación de cursos especializados para o perfeccionamento de idiomas de nivel C nas escolas oficiais de idiomas de Galicia.
- Resolución do 17 de decembro de 2014 pola que se modifica a Resolución do 10 de maio de 2012 pola que se ditan instrucións para a elaboración e administración das probas de certificación e de clasificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial na comunidade autónoma de Galicia.
- Decreto 89/2013, do 13 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A través das escolas oficiais de idiomas a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria fomentará o estudo doutras linguas que por razóns culturais, sociais ou económicas resulten dun interese especial, así como a impartición de cursos para a actualización de coñecementos de idiomas, destinados a todos os colectivos profesionais.

Polo que se crearán novas prazas destinadas a este fin e se realizarán as actuacións de reparacións, ampliacións e melloras que sexan necesarias nos centros de ensinanzas especiais existentes.

As actividades que se levarán a cabo para a materialización dos obxectivos deste programa, no referente ás ensinanzas especializadas de idiomas, son as seguintes:

- Cursos de actualización lingüística e comunicativa (CALC) en inglés e francés dirixidos ao profesorado que imparte docencia en seccións bilingües e centros plurilingües, referenciados aos niveis A2, B1 e B2 do MECRL.
- Cursos de formación do profesorado en idiomas, en colaboración cos centros de formación e recursos, nas diversas linguas impartidas nas escolas oficiais de idiomas.
- Cursos preparatorios para os certificados de lingua galega CELGA en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- Cursos de linguaxe administrativa galega de nivel medio e superior para persoal funcionario en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- Cursos de formación en inglés e francés para o profesorado participante no programa de apoio ao ensino e aprendizaxe de linguas estranxeiras (PIALE).
- Cursos de especialización e perfeccionamento de inglés audiovisual.

En canto aos resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico deste programa de gasto (coa identificación OE I.5.04) son:

- Acadar unha mellor adecuación das infraestruturas e das dotacións de medios aos usuarios, atendendo a súa dimensión e mellorando a ratio profesor/alumno.
- Mellorar as características funcionais, de seguridade e habitabilidade das instalacións, que incidan na mellora da eficiencia enerxética dos edificios.
- Aumentar o número de persoas que reciben unha validación e acreditación de coñecementos en idiomas estranxeiros.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	



Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

### BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Nas ensinanzas de idiomas de réxime especial cómpre sinalar que existe unha demanda moi similar nas ensinanzas de idiomas por parte de homes e mulleres. Estas ensinanzas van dirixidas a persoas adultas e a asignación de prazas realízase por sorteo; polo que non se precisa da aplicación de criterios compensatorios por cuestións de xénero.

Polo que se refire ao desenvolvemento da actividade académica nestas ensinanzas, aplícanse todos os criterios para evitar a linguaxe sexista e os estereotipos de xénero.

### IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a coresponsabilidade	

Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

#### **IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA.**

Dende a perspectiva de emprego público, case o 69% do colectivo de docentes son de xénero feminino. Tendo en conta que o 83% do orzamento da consellería dedícase a soldos e salarios, dende a perspectiva de xénero, o orzamento educativo contribúe dun xeito importante no peso porcentual do emprego feminino, cualificado, ademais, pola non distinción retributiva entre xéneros.

A suma das accións incide nun terzo da poboación galega, polo que o comportamento dende a perspectiva de xénero non resulta diferente da totalidade. Dada a transversalidade de elementos esóxenos ao sistema educativo, tales como a diferente perspectiva de xénero, de ocupación, de salarios, non resulta posible identificar accións dentro do sistema educativo que afecten dun xeito especialmente singular a un ou outro xénero, máis alá das políticas de igualdade que, en cumprimento da Lei orgánica de Educación inspiran a totalidade do deseño da acción educativa da administración.

#### **PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.**

Mediante a análise da porcentaxe de ocupación de sexos en función do seu coñecemento de idiomas, espérase unha redución progresiva da brecha de xénero no acceso ao mercado laboral por parte das mulleres, ao ofertarlles a posibilidade de completar o seu currículo co coñecemento doutros idiomas.

Tendo en conta que tanto a construción de novos centros, como a adaptación dos centros existentes ou na adquisición de material e mobiliario, crean emprego, provocando un impacto indirecto sobre a perspectiva de xénero, estímase que se inducirá unha redución da brecha de xénero existente ao valorar nas ofertas das empresas que concorren nos procedementos de lici-

tación, a implantación de plans de igualdade, de modo que teña preferencia na adxudicación do contrato a proposición presentada por empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica ou profesional, cumpran as medidas destinadas a promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no mercado de traballo establecidas de conformidade co que prevé o artigo 33 da Lei Orgánica 3/2007 de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, sempre que dita proposición iguale nos seus termos ás mais vantaxosas dende o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base á adxudicación.

O efecto esperado coa medida anterior poderase estender coa vixilancia para que a contratación pública se suxeite ao previsto no artigo 60.I, apartado c), do RD 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que establece, entre outras cousas, a prohibición de contratar con persoas que foran sancionadas con carácter firme por infracción grave en materia de igualdade de oportunidades ou por infracción moi grave en materia social.

#### **SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2016.**

Como se indica na descrición do programa, no ámbito das ensinanzas de idiomas de réxime especial o alumnado matriculado é maioritariamente do xénero feminino, polo que o maior número de beneficiarias do mesmo son mulleres.

#### **INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO.**

Non resulta aconsellable establecer novas estratexias para unha mellor incorporación da perspectiva de xénero, xa que para o acceso ás de idiomas de réxime especial, en todos os seus niveis, é imprescindible superar unha proba na que as persoas aspirantes amosen as súas competencias lingüísticas para cursar con aproveitamento estas ensinanzas. Os datos de matrícula confirman que o maior número de persoas que acceden a estas ensinanzas son mulleres.

#### **C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN**

Secretaría Xeral Técnica

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

### **III.1.8. PROGRAMA 422I - FORMACION E PERFECCIONAMENTO DO PROFESORADO:**

#### **A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA**

A través do Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei orgánica de educación (LOE), nos centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade autónoma de Galicia, artículase a formación permanente como o conxunto de actividades que perseguen a adecuación dos coñecementos e métodos á evolución das ciencias e das didácticas específicas, así como todos aqueles aspectos de coordinación, orientación, titoría, atención educativa á diversidade e organización encamiñados a mellorar a calidade do ensino e o funcionamento dos centros. Así mesmo, deberán incluír formación específica sobre a utilización das tecnoloxías da información e comunicación no ensino e a formación en linguas estranxeiras do profesorado, independentemente da súa especialidade.

O cambio normativo derivado do novo deseño curricular, segundo LOMCE, conleva a necesidade de formación de todo o profesorado polo que e a estratexia pasa por levar a cabo actividades a través da rede de formación do profesorado, pero sobre todo a través de plans de formación permanente do profesorado en centros (PFPP).

A Administración educativa planificará as actividades de formación permanente do profesorado, garantirá unha oferta diversificada e gratuíta destas actividades e establecerá as medidas oportunas para favorecer a participación do profesorado nelas.

A finalidade da formación permanente é a de promover o desenvolvemento das competencias profesionais do profesorado para a mellora da práctica educativa.

A planificación da formación permanente do profesorado realizarase a través do plan estratéxico e dos plans anuais tratando de dar resposta as liñas e programas prioritarios do sistema educativo galego.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015 - 2020, o obxectivo estratéxico deste programa (coa identificación OE 1.5.05 ), consiste en garantir a capacitación adecuada do profesorado a través da formación permanente que lles permita afrontar os retos do sistema educativo galego e adaptar as novas ensinanzas ás novas necesidades formativas derivadas da implantación da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

#### **NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA**

Profesorado de niveis de ensino non universitarios, dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que imparte as ensinanzas contempladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Profesorado de niveis de ensino non universitarios, dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que imparte as ensinanzas contempladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

No curso 2010-2011 publicouse o Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei orgánica de educación (LOE), en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia. Nel modificáronse as estruturas de formación, o que vai permitir a súa adaptación aos novos retos e obxectivos da consellería, como son a mellora da competencia lingüística do profesorado, a formación on-line e a implantación de procesos de mellora da calidade da formación.

Neste decreto créouse o Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI) que realizará, entre outras funcións, o deseño e desenvolvemento da formación a distancia e da formación do profesorado de formación profesional. Con novo decreto mantéñense os centros de formación e recursos e prevé a creación dunha rede de centros educativos de apoio á formación permanente do profesorado. Ademais, potenciarase a figura da persoa coordinadora de formación nos centros.

O cambio normativo instaurado pola LOMCE e a dimensión do colectivo do profesorado de Galicia esixen continuas actuacións formativas sobre os novos deseños curriculares iniciados coa implantación da LOMCE.

A implementación en Galicia dun Marco propio de competencias profesionais docentes xunto co desenvolvemento de plans de formación específicos dos eixos do sistema educativo (plurilingüismo, educación dixital e STEM, atención a diversidade e convivencia entre outros) precisa dun novo pulo do sistema de formación co seu correspondente acompañamento orzamentario.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As disposicións legais aplicables, son as seguintes:

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica de educación (LOE).

- Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, recoñecemento, certificación e rexistro das actividades de formación permanente do profesorado e se establecen as equivalencias das actividades de investigación e innovación e das titulacións.
- Orde do 29 de xuño de 2017 pola que se regula o procedemento para o reintegro individual de gastos por asistencia a actividades de formación do profesorado non universitario para o ano 2017, e a súa correspondente para o ano 2018.
- Resolución do 4 de maio de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca a selección de plans de formación permanente do profesorado que se van implantar en centros educativos públicos dependentes desta consellería no curso 2017-2018.
- Resolución do 9 de maio de 2017 pola que se convocan licencias por formación para o curso 2017/18 destinadas ao funcionariado docente non universitario e se aproban as súas bases de concesión.
- Resolución do 22 de maio de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se convoca a selección de centros para participar no proxecto Educación Dixital E-DIXGAL durante o curso 2017-2018.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Actividades:

Nos plans anuais de formación do profesorado desenvolveranse os obxectivos anuais a través de medidas e accións concretas. Os plans anuais poderán incluír plans específicos de formación para distintos colectivos do profesorado, entre outros, os que exercen funcións directivas, o profesorado de formación profesional e o de ensinanzas de réxime especial, contando coa participación dos servizos competentes nestas ensinanzas.

Os Plans de formación anuais conterán unha oferta formativa diversificada en diferentes modalidades:

- Formación presencial
- Formación a distancia
- Formación semipresencial
- Formación derivada da implantación LOMCE
- Plans de formación permanente do profesorado en centros (PFPP)
- Cursos, xornadas, encontros, congresos
- Formación entre iguais nos propios centros (proxectos de formación, grupos de traballo e seminarios permanentes).

Favorecer a formación do profesorado dos CIFP para que posteriormente desenvolva accións de formación destinadas a docentes e formadores doutros centros de formación profesional.

En canto aos resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico deste programa de gasto (coa identificación OE I.5.05), é mellorar as competencias profesionais docentes a través da formación permanente do profesorado ao longo da súa carreira profesional.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

### BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A formación permanente do profesorado baséase no principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, permitindo o acceso a todo o colectivo docente a unha formación permanente de calidade e buscando a capacitación profesional para o traballo co alumnado para que acaden as competencias e coñecementos imprescindibles para o seu pleno desenvolvemento na sociedade do coñecemento.

Ademais, a formación permanente do profesorado, como proceso de revisión e actualización dos coñecementos, actitudes e habilidades, é un factor clave da calidade do sistema educativo e do fomento de políticas de igualdade, na medida en que exerce a función de transmisión de valores e modelos de comportamento para o alumnado. Neste sentido, por medio da planificación formativa actual ten que darse resposta aos compromisos establecidos no Decreto 70/2017, de 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra

a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade autónoma de Galicia.

As acción contempladas no I Plan de Igualdade no ámbito educativo terán acomodo dentro da dotación orzamentaria prevista neste programa de gasto.

**IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA**

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	



## **IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA.**

Nas actividades deseñadas dentro deste programa estanse a incluír módulos de formación en materia de igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes, que irán interiorizando no profesorado os valores e modelos de comportamento neste ámbito para que terminen sendo transmitidos ao seu alumnado.

## **PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.**

O programa está deseñado, tanto en oferta como en temática, de xeito que facilite o mantemento da proporción equitativa entre homes e mulleres con respecto á proporción que se da no colectivo.

## **SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2016.**

No profesorado galego a proporción é dun 69% de mulleres e un 31% homes. A formación do profesorado arroxa un saldo de un 26% de certificacións de formación do profesorado a homes e un 74% a mulleres. Polo tanto o programa garante formación correspondente á proporción entre homes e mulleres no sistema educativo galego, cun sesgo positivo cara as mulleres, de xeito que constantan medidas favorecedoras e compensadoras de desigualdades.

## **INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO**

A perspectiva de xénero implántase de xeito transversal na formación do profesorado. A medida na que se está a traballar é o aumento da oferta de cursos en liña e mixtos que favorezan, así como durante o horario lectivo, que favorezan a conciliación da vida laboral e familiar, particularmente nas áreas nas que as mulleres están subrepresentadas, como pode ser a do profesorado de FP.

## **C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN**

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

### *III.1.9. PROGRAMA 422M - ENSINANZA SECUNDARIA E FORMACIÓN PROFESIONAL:*

#### **A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA**

O programa destínase a atender a escolarización do alumnado nos niveis de educación secundaria, bacharelato, formación profesional e educación de persoas adultas que representan o 46% do alumnado non universitario. Preto do 49 % da dotación do programa destínase a satisfacer as nóminas dos máis de 14.000 docentes dedicados a estas ensinanzas.

#### **NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA**

En materia de infraestruturas trátase de atender:

- A demanda de postos escolares en determinados centros educativos da comunidade autónoma.
- A situación de deterioro provocada polo uso e antigüidade dos centros existentes, así como nalgún caso a inadecuación funcional dos centros educativos ás esixencias educativas actuais.
- A reposición do mobiliario e equipamento didáctico deteriorado e nalgúns casos obsoleto, así como o necesario para os novos centros educativos e ás adaptacións curriculares.

A estas actuacións cabe engadir a necesaria mellora na eficiencia enerxética dos edificios, que redunda no aumento do confort térmico e redución do consumo enerxético.

A nivel económico- financeiro, este programa atende as seguintes necesidades:

- a) Financiar os gastos do persoal deste programa, que supoñen o 48,46 % do capítulo I da consellería.
- b) Dotar de recursos para os gastos de funcionamento aos centros públicos de ensino secundario de titularidade da consellería.
- c) Mellorar a calidade do ensino mediante a aplicación de fondos europeos aos gastos de funcionamento dos centros nos que se imparten ciclos de formación profesional, centros nos que se aplican medidas de orientación, reforzo e apoio, etc..
- d) Asumir baixo a súa responsabilidade a vixilancia e o control da saúde dos 14.000 efectivos que, aproximadamente, constitúen o persoal docente que presta servizo nestes centros, dando así cumprimento ao mandato 31.3º da Lei de prevención de riscos laborais.

Polo que se refire a formación profesional, a Lei Orgánica 5/2002 das cualificacións e da formación profesional establece o marco básico da integración dos subsistemas de formación profesional. Ten como fines capacitar para o exercicio da actividade profesional, satisfacendo as

necesidades individuais e de emprego; promover unha oferta formativa de calidade; proporcionar información e orientación profesional e de cualificacións para o emprego; incorporar ás ofertas formativas aquelas accións de formación que capaciten para desenvolver actividades empresariais e o espírito emprendedor; e avaliar e acreditar a cualificación profesional calquera que fose a forma da súa adquisición. Estes fines establecen a liña de actuación a seguir e á que, sen dúbida, se deben de adecuar as accións que se desenvolvan en materia de formación profesional.

O Sistema de cualificacións e de formación profesional de Galicia desenvolveuse de xeito integral constituíndo un mecanismo estrutural para a formación inicial e continua e para a aprendizaxe permanente da sociedade galega, partindo do marco legal das cualificacións e da formación profesional, que require que as comunidades autónomas desenvolvan as iniciativas que lles corresponden en orde á configuración dos seus respectivos sistemas de cualificacións e FP.

No ano 2009 publicouse o Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo (BOE do 25 de agosto), de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral que desenvolve o establecido no artigo 8.4 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, e establece o procedemento e os requisitos para a avaliación e a acreditación das competencias profesionais adquiridas polas persoas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación, así como os seus efectos. Unha medida para favorecer a educación e a formación profesional e contribuír á consecución dos obxectivos do cumio de Lisboa do ano 2000, coa finalidade de facilitar a empregabilidade da cidadanía, a mobilidade, fomentala a aprendizaxe ao longo da vida e favorecer a cohesión social, especialmente daqueles colectivos que carecen dunha cualificación recoñecida, e a Axenda 2020, obxectivos prioritarios onde a consellería está a conquistar os niveis fixados para España se ben incluso cun adianto no calendario previsto.

Asemade, o Decreto 114/2010, do 1 de xullo, establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia. Un marco normativo que regula a formación profesional do noso sistema educativo, que permita a definición dos currículos dos ciclos formativos de grao medio e de grao superior, de xeito que adapten as novas titulacións ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo correspondente canto a especialización e polivalencia, de xeito que se posibilita a inserción laboral cualificada e unha proxección profesional futura, de feito mais de 100 decretos xa foron adaptados á nova situación.

Por outra banda, no ano 2012 publicouse o Real Decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual. Esta norma facilita a implantación progresiva da formación profesional dual en España, entendida como o conxunto de accións e iniciativas formativas que teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, combinados os procesos de ensinanza e aprendizaxe na empresa e no centro de formación. Procede avanzar decididamente nunha formación profesional na que a empresa e o centro de formación profesional incrementen os seus vínculos,

axunten esforzos e favorezan unha maior inserción do alumnado no mundo laboral durante o período de formación.

A Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, que modifica a Lei Orgánica 12/2006, do 3 de maio, creou os ciclos de formación profesional básica dentro da formación profesional do sistema educativo, como medida para a loita contra o abandono educativo temperán. Estes ciclos inclúen, ademais do desenvolvido con carácter xeral para a formación profesional, módulos relacionados coas ciencias aplicadas e sociais que permitirán ao alumnado acadar e desenvolver as competencias de aprendizaxe permanente para continuar estudos de ensinanza secundaria postobrigatoria.

A nova ensinanza de formación profesional básica (FPB) substitúe aos Programas de Cualificación Profesional Inicial (PCPI), e como medida de redución do abandono escolar, provocou un importante incremento de oferta para absorber ao volume de alumnado que permita a citada redución do abandono escolar. Ademais, a configuración da nova ensinanza FPB con dous cursos académicos obrigatorios, esixe un maior investimento, dado que os PCPI, tiñan só un curso de carácter obrigatorio. Consólidase a oferta da formación profesional básica unha vez implantada en todos os cursos.

Outro importante aspecto da modificación realizada pola LOMCE é que ten un importante impacto económico é a xeneralización de materias voluntarias para o alumnado que estea cursar ciclos de grao medio, coa finalidade de facilitar a súa transición cara outras ensinanzas, e outras materias relacionadas co campo ou sector profesional que estea a cursar, cuxa superación facilitará á admisión a ciclos formativos de grao superior.

Neste contexto, cada ano a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria aposta decididamente por un novo plan de formación e cualificación profesional e aprendizaxe ao longo da vida, que dea resposta ás necesidades de cualificación do noso sistema produtivo, poñendo en marcha todas as accións formativas que se requiran dentro dos diferentes niveis de cualificación establecidos no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

O establecemento dunha oferta de ensinanzas de formación profesional na modalidade a distancia, favorece á formación e cualificación profesional e aprendizaxe ao longo da vida. Esta modalidade, caracterízase pola súa flexibilidade, de xeito que permite ás persoas adultas a posibilidade de combinar o estudo e a formación coa actividade laboral, coas cargas familiares ou con outras actividades, respondendo así ás necesidades e aos intereses persoais. Os principais obxectivos desta modalidade de formación son por tanto os seguintes:

- Favorecer a formación ao longo de toda a vida, acomodándose ás expectativas e ás situacións persoais e profesionais, incluíndo o uso das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Ofrecerlles ás persoas adultas a oportunidade de accederen ás ensinanzas de formación profesional, nomeadamente a quen teña dificultade para asistir na modalidade presencial.

Para reforzar esta flexibilidade, en Galicia prevese a posibilidade de ofrecer as ensinanzas de formación profesional en unidades formativas de menor duración certificables no ámbito da propia comunidade autónoma. Ademais, esta formación poderá concentrarse en determinados períodos do ano, polo que se adapta mellor aos intereses das persoas adultas.

A implantación dun sistema de recoñecemento, avaliación e certificación de competencias contribúe, non só a unha maior transparencia do mercado de traballo, senón ao incremento da información que as empresas teñen do potencial dos seus recursos humanos, permite ofertar unha formación máis axeitada ás necesidades do mundo produtivo. Así mesmo, o novo portal de orientación, contribuirá, sen dúbida, dun modo eficaz á hora de dar a información e orientación ás persoas na elección das mellores oportunidades de aprendizaxe, formación e emprego. Póranse en marcha preferentemente nestes centros as iniciativas emprendedoras e de innovación e desenvolvemento en materia de formación profesional e cualificacións.

Así mesmo, en complemento do resto de ofertas flexibles de formación profesional nos distintos réximes e modalidades, continuarase implantando de xeito progresivo a formación profesional dual en Galicia, entendida esta como o conxunto de accións e iniciativas formativas que teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, combinando os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro de formación. Procede avanzar decididamente nunha formación profesional dual baseada nunha maior colaboración e participación das empresas nos sistemas de formación profesional, propiciando unha participación máis activa da empresa no propio proceso formativo do alumnado e, así, permitir que estas coñezan de maneira máis próxima a formación que recibe a mocidade, cada vez máis adaptada ás demandas dos sectores produtivos e ás necesidades específicas das empresas. Coa formación dual preténdese que a empresa e o centro de formación profesional estreiten os seus vínculos, sumen esforzos e favorezan unha maior inserción do alumnado no mundo laboral durante o período de formación.

A potenciación da rede de centros integrados é o eixo no que se desenvolven as principais accións de integración dos subsistemas de formación profesional, así como de orientación profesional, polo que xunto co resto dos centros que imparten formación profesional no sistema educativo, deben de contar coas instalacións e recursos suficientes para levar a cabo o seu cometido, que deberá desenvolverse nun proceso de calidade e mellora continua, tanto nas accións formativas como nos procesos administrativos que se desenvolvan.

No ámbito da demanda de ensinanzas de réxime xeral, nos niveis de bacharelato e formación profesional, engloba as seguintes actuacións referidos a cada un destes niveis:

Bacharelato: comprende dous cursos académicos, que normalmente se cursarán entre os dezaseis e os dezoito anos de idade. Ten tres modalidades diferentes: ciencias, humanidades e ciencias sociais, e artes. Para poder acceder aos estudos de bacharelato o alumnado precisa contar co título de graduado en educación secundaria ou equivalente.

Ciclos formativos de formación profesional: son ensinanzas que teñen unha estrutura modular, inclúen un módulo de formación práctica. Aos ciclos de formación profesional básica accede o alumnado que non ten un título de educación secundaria, principalmente persoas de 15 e 16 anos que estando a cursar 3º de educación secundaria obrigatoria foron propostos polo equipo docente para realizar as ensinanzas de FP básica. Aos ciclos de grao medio accédese co título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou de formación profesional básica e ao grao superior co título de bacharelato ou co título de técnico en FP. Tamén se pode acceder a través dunha proba regulamentada polas administracións educativas.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015 - 2020, o obxectivo estratéxico deste programa (coa identificación OE I.5.08) consiste en potenciar a formación profesional e a ensinanza secundaria obrigatoria, mellorando a calidade das ensinanzas e facilitando o acceso a unha formación cualificada profesional polivalente e especializada que mellore a empregabilidade e a súa adaptación aos cambios, modernizando os ciclos, os procedementos e os medios dos centros educativos de ensinanza secundaria obrigatoria e formación profesional .

Este programa conta con axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) vinculada ao Programa Operativo do FEDER para o período 2014 - 2020 cos seguintes obxectivos temáticos, prioridades de investimento, obxectivos específicos e categorías de intervención:

O obxectivo temático (coa identificación I0) consiste en investir na educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente. A prioridade de investimento (coa identificación I0a) desta axuda consiste en investir na educación, e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente, mediante o desenvolvemento das infraestruturas de educación e formación. O obxectivo específico (coa identificación I0.1.1) desta axuda e o de mellorar as infraestruturas de educación e formación. Por último, as categorías de intervención desta axuda son as infraestruturas educativas para a educación e formación profesional e aprendizaxe de adultos coa identificación CI050 e as infraestruturas educativas para ensinanza escolar (ensinanza primaria e secundaria xeral) coa identificación CI051.

No 2018 continuarase coa a ampliación do IES Monte Neme de Carballo, Johan Carballeira de Bueu, ademais doutros centros actualmente en estudio como o CIFP Politécnico de Santiago de Compostela co obxecto de adecuar as instalacións aos ciclos de nova implantación, consecuencia das novas necesidades xurdidas no mercado laboral e avance na implantación da Formación Profesional dual, en colaboración coas empresas que acollen aos alumnos en formación.

Na educación secundaria dende o ano 2016 estase a levar a cabo a construción dun novo IES en Soutomaior, que se prevé rematar no 2018.

Así mesmo conta co apoio do Fondo Social Europeo (FSE) vinculado ao programa operativo do FSE para o período 2014-2020, dentro do obxectivo temático I0, e os obxectivos específicos I0.01.01- reducir o abandono educativo temperán e mellorar os resultados educa-

tivos especialmente do alumnado con necesidades educativas especiais e do alumnado con necesidades específicas, a través de medidas de apoio personalizadas e de proxectos e o 10.04.01 aumentar a participación na Formación Profesional de grao medio e superior, mellorar a calidade da Formación Profesional.

## **POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE**

Poboación infantil e xuvenil con idades comprendidas entre os 12 e os 21 anos (preto de 165.000).

Persoas adultas maiores de 18 anos que seguen ensinanzas de formación profesional e educación de persoas adultas:

- a) Persoas inmigrantes que demandan ensinanzas de galego e castelán como medio de integración laboral e social.
- b) Persoas que demandan eses mesmos servizos nos centros de educación de persoas adultas con sede nos centros penitenciarios de Galicia (cinco en total).
- c) Mozos e mozas que, despois de abandonar o sistema educativo sen o título básico do sistema, demanda formación para obtelo.
- d) Persoas adultas estritamente falando que, por prescricións do medio laboral ou dos propios servizos públicos de emprego, demanda unha titulación básica ou de formación profesional.
- e) Persoas que se presentan ás probas libres para a obtención do título da ESO, do bacharelato ou da formación profesional.

## **DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA**

Na comunidade autónoma de Galicia a media dos centros de ensino secundario e de formación profesional é de 30 anos de antigüidade, polo que resulta preciso a realización de reformas nalgúns destes centros. Ademais, deberase crear ou ampliar aqueles centros que oferten un número de postos escolares insuficientes para a demanda existente, debéndose así mesmo de dotar de mobiliario e de material didáctico actualizado que permita unha formación integral do alumnado.

Este programa de gasto materializa unha traxectoria de moitos anos da Administración educativa, xa que co gasto que nel se contempla faise fronte a un dos obxectivos irrenunciabes da consellería e que constitúe un dos alicerces do sistema educativo. Efectivamente os gastos de funcionamento posibilitan a autonomía dos centros, elemento fundamental das medidas encamiñadas a promover a mellora da calidade no ensino non universitario, finalidade, que no caso que nos ocupa, busca proporcionarlle ao alumnado a formación, a madurez intelectual e humana, os coñecementos e as habilidades que lle permita desenvolver as funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia, facilitando tamén o acceso ao emprego e a participación activa na vida económica.

Nestes últimos anos a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria está a facer unha aposta decidida pola formación profesional como unha das ferramentas fundamentais para sentar as bases do crecemento e o progreso na Comunidade autónoma de Galicia.

Unha das medidas foi o establecemento dun marco normativo propio en desenvolvemento da normativa básica do Estado e en particular da Lei Orgánica 5/2002, de 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

Tamén se foron adaptando as novas titulacións de formación profesional coa finalidade de contar con currículos propios que respondan ás necesidades dos sectores produtivos galegos. Un total de 100 novos currículos aprobados polo Consello da Xunta de Galicia.

Ampliouse a rede de centros integrados de formación profesional ata o número de 20 como eixe central das accións formativas de formación profesional.

Así mesmo, durante estes últimos anos, incrementouse o alumnado que accede ás ensinanzas de formación profesional, que pasou de 34.746 alumnos no curso 2008/2009 a máis de 50.000 alumnos no curso 2016/2017, o que supuxo un incremento do 44,89%. Nesta liña seguirase nos cursos seguintes coa finalidade de incrementar a taxa de graduados en formación profesional e aproximala á media europea.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As disposicións legais aplicables, son as seguintes:

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei orgánica 8/2013 para a mellora da calidade educativa.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público.
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o código técnico da edificación).
- Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación.
- Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade (desenvolvida polo Decreto 35/2002 modificado polo Decreto 74/2013).
- Real Decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas en edificios modificado polo Real Decreto 238/2013.
- Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto, polo que se aproba o regulamento electrotécnico de baixa tensión .
- Lei Orgánica 5/2002 das cualificacións e da formación profesional.



- Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo (BOE do 25 de agosto), de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral.
- Decreto 114/2010, do 1 de xullo, establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.
- Real Decreto 1147/2011, de 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo.
- Decreto 77/2011, do 7 de abril, polo que se establece o regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Real Decreto 1529/2012, de 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual.
- Orde do 23 de decembro de 2015 pola que se convoca o proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.
- Real decreto 127/2014, do 28 de febreiro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo, se aproban catorce títulos profesionais básicos, se fixan os seus currículos básicos e se modifica o Real decreto 1850/2009, do 4 de decembro, sobre expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria realizará obras de construción de novos centros nas localidades con aumento da poboación en idade de escolarización obrigatoria, así como ampliación, reforma, reparacións e melloras nos centros existentes, co fin de ofertar e adaptar as ensinanzas de educación secundaria, bacharelato e FP ás diversas necesidades curriculares, educativas (demanda de prazas, desdobrementos de grupos, oferta de materias optativas, programas de reforzo, etc.), tendo como obxectivo a organización, deste alumnado, de acordo cos principios de educación común e de atención a diversidade.

Así mesmo, as permanentes e dinámicas transformacións económicas e tecnolóxicas operadas na sociedade, inciden na modificación das cualificacións profesionais co que xorde a necesidade de proporcionar a sociedade unha cualificación e recualificación necesaria para dar resposta as modificacións. Tentando atender as necesidades de cualificación inmediata e emerxente do sistema produtivo.

Con tal fin, seguiranse realizando obras de conservación, e reparación dos espazos educativos, dotándose a estes centros do mobiliario e equipamento didáctico acorde coas ensinanzas que neles se imparten, preparando ao alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitarlle a súa adaptación ás modificacións laborais que se poidan producir ao longo da súa vida, así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal. Atenderase especialmente á dotación de espazos e equipamento para implantación de novos ciclos formativos en atención á demanda do mercado laboral, así como implantación da formación profesional dual con formación en centros de traballo.

Así mesmo, realizaranse as seguintes actuacións:

- Potenciación da rede de centros integrados de formación profesional que serán o referente para o establecemento da oferta integrada de formación profesional, da formación para o emprego e da orientación profesional.
- Establecemento dunha oferta de formación profesional básica para reducir o abandono escolar temperá, continuando coa dotación aos centros educativos dose recursos materiais e das infraestruturas necesarias para a súa implantación.
- Mellorar a funcionalidade do portal sobre orientación profesional que relacione as oportunidades de formación e emprego coas oportunidades de aprendizaxe e inserción laboral. Así mesmo, recolla e desenvolva os instrumentos de información e orientación profesional asociados ao procedemento de acreditación de competencias profesionais.
- Realización de accións sobre orientación profesional en relación coas diferentes familias profesionais.
- Promover a realización de convocatorias anuais, das diferentes familias profesionais, sobre avaliación, recoñecemento e certificación das competencias adquiridas ao longo da vida, de xeito que as persoas poidan ver acreditada a súa cualificación de cara a inserción laboral e á súa formación ao longo da vida.
- Elaboración de novos currículos de ciclos formativos de grao medio e superior e de formación profesional básica.
- Potenciar a formación profesional a distancia a través da plataforma e-learning co fin de adaptarse ás necesidades da poboación. Potenciando a rede de viveiros en centros educativos.
- Elaborar, en colaboración coas administracións educativas das CCAA. e do Estado, materiais para a oferta a distancia das ensinanzas de formación profesional, así como para os cursos de acceso. Elaborar materiais de apoio para as ensinanzas de formación profesional nas modalidades presencial, semipresencial e a distancia.
- Desenvolver e executar proxectos de I+D+i de formación profesional co fin de mellorar a calidade destas ensinanzas e facilitar a colaboración entre o profesorado.
- Continuar cos programas que fomenten o espírito emprendedor e o acompañamento para a creación de empresas, así como o desenvolvemento de accións para o cooperativismo e autoemprego.

- Realizar estudos de tendencias para adaptar a oferta formativa de FP ás necesidades e demandas laborais. Así como, elaborar estudos de inserción laboral do alumnado de formación profesional, segundo os sectores produtivos.
- Deseño e elaboración de plans de formación para o profesorado das diferentes familias profesionais.
- Favorecer a formación do profesorado dos CIFP para que posteriormente desenvolva accións de formación destinadas a docentes e formadores doutros centros de formación profesional.
- Fomento da cultura de prevención de riscos profesional entre o profesorado de FP.
- Convocar probas libres para a obtención dos títulos de FP, tanto para títulos extinguidos como para os novos títulos LOE, así como á asociadas a procesos de acreditación de competencias.
- Poñer en marcha as novas materias voluntarias que permitan ao alumnado de ciclos de grao medio a súa transición cara outras ensinanzas, e outras materias relacionadas co campo ou sector profesional que estea a cursar, cuxa superación facilitará a admisión a ciclos formativos de grao superior.
- Continuar coa convocatoria do procedemento para obtención de camés profesionais en virtude do protocolo de colaboración coa Consellería de Economía, Emprego e Industria.
- Revisar a caracterización dos equipamentos requiridos para os ciclos de formación profesional e programas de cualificación profesional inicial, coa finalidade de ter actualizado o catálogo de equipamento.
- Promover e poñer en valor a FP ante a sociedade fomentando as relacións co sector produtivo.
- Promover convenios de colaboración entre os centros de formación profesional, as Administracións públicas e as empresas para o impulso conxunto de ofertas formativas concretas, para realizar o módulo profesional de formación en centros de traballo e para desenvolver proxectos de investigación e innovación.
- Elaboración de materiais en relación coa organización e desenvolvemento das probas de acceso ás ensinanzas de formación profesional e das probas libres de obtención dos títulos de FP .
- Potenciación das accións para a mellora continua, estendendo os plans de calidade nos centros de formación profesional, consolidando a rede galega de aseguramento da calidade en formación profesional.
- Continuar o itinerario de formación dos equipos directivos e do profesorado para ir consolidando esa rede galega de calidade e mellora no sistema de formación profesional.
- Continuar co apoio ao profesorado para realizar estadías formativas en empresas que permitan adquirir experiencias que fomenten a cooperación co contorno produtivo.

- Apoiar economicamente ao alumnado que realice a formación en centros de traballo e que teña que desprazarse a outra localidade distinta á da súa residencia, facilitando que esa formación pida realizala en países da Unión Europea.
- Realizar accións de información e divulgación da formación profesional a través da participación en eventos, feiras, mostras, etc., relacionadas coa formación profesional, así como mediante a organización e realización de eventos específicos.
- Organizar e coordinar o campionato galego de formación profesional Galiciaskills, así como a participación galega nos campionatos nacionais Spainskills e internacional Worldskills.
- Impulsar a posta en marcha de proxectos experimentais de formación profesional dual na Comunidade autónoma de Galicia, en colaboración con empresas. Como un modelo baseado no incremento sensible da formación nas empresas do sector, de modo que a formación adquirida nos centros de traballo implique para o alumnado unha inmersión real no contorno laboral.

Os resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico deste programa de gasto (coa identificación OE I.5.08) son:

- Mellorar as características funcionais, de seguridade e habitabilidade das instalacións, que incidan na mellora da eficiencia enerxética dos edificios.
- Incrementar a porcentaxe de alumnado que opta pola formación profesional.
- Acadar que o 85% dos mozos e mozas continúe estudando e formándose unha vez finalizada a escolarización obrigatoria, ata acadar polo menos unha titulación de educación secundaria superior.
- Incrementar o número de emprendedores e emprendedoras que xorden dos viveiros de empresas.

## **B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER**

### **CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA**

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X

Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

### BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A presenza da muller nos estudos de formación profesional de tipo técnico é minoritaria, non obstante existen determinados eidos de competencia nos que as mulleres son unha gran maioría. Isto débese na meirande parte dos casos á existencia de prexuízos, “etiquetas” e dinámicas socioeconómicas que levan a distinguir entre estudos e profesións “de homes” e profesións “para mulleres”.

Nos currículos de formación profesional tense un importante instrumento para conseguir que nos coñecementos que adquire o alumnado que curse os ciclos formativos se integre o enfoque de xénero. En concreto, no módulo de formación e orientación laboral, existente en todos os ciclos formativos, dentro da unidade formativa 1: prevención de riscos laborais, inclúese o criterio de avaliación “valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores” ; e dentro da unidade formativa 2: equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura do emprego, establécese o seguinte criterio de avaliación “valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres”.

Por outra banda o ciclo superior de promoción da igualdade de xénero impártese como proxecto de innovación educativa no CIFP A Xunqueira en Pontevedra.

No decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, establécese que na admisión a ciclos formativos de grao medio e de grao superior, en caso de empate, e por mor de favorecer o fomento das vocacións nas áreas con infrarrepresentación de mulleres ou de homes, seleccionárase en virtude do sexo menos representativo na área profesional en que se demande a praza de formación.

O Plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia Eduemprende e os seus programas e liñas de actuación, facilitan o acceso ao emprego e á promoción profesional en igualdade de oportunidades para mulleres e homes.

Nos currículos das diferentes ensinanzas de formación profesional básica inclúense contidos transversais que fomentan o desenvolvemento dos valores de igualdade efectiva entre homes e mulleres, o coñecemento da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual e a prevención da violencia de xénero e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición o circunstancia persoal ou social. Así figura recollido no artigo 12 do Decreto 107/2014, de 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.

#### IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	

Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

### IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS.

As actuacións da Consellería no ensino non universitario afectan directamente a máis de 385.000 alumnas e alumnos, o que representa o 14% da poboación total de Galicia, e indirectamente a máis de 600.000 nais e pais, que representan máis do 22% da poboación total de Galicia.

Case o 52% do alumnado é de xénero masculino, polo que non pode existir distinción dende unha perspectiva orzamentaria que discrimine, de xeito positivo ao xénero feminino.

Dende a perspectiva de emprego público, case o 69% do colectivo de docentes é de xénero feminino. Tendo en conta que o 83% do orzamento da consellería dedícase a soldos e salarios, dende a perspectiva de xénero, o orzamento educativo contribúe dun xeito importante no peso porcentual do emprego feminino, cualificado, ademais, pola non distinción retributiva entre xéneros. A existencia de distintas figuras no eido laboral como as comisións de servizo por conciliación familiar, os intercambios provisionais etc., repercuten na promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilita a conciliación e a corresponsabilidade.

A suma das accións incide nun terzo da poboación galega, polo que o comportamento dende a perspectiva de xénero non resulta diferente da totalidade. Dada a transversalidade de elementos esóxenos ao sistema educativo, tales como a diferente perspectiva de xénero, de ocupación, de salarios, non resulta posible identificar accións dentro do sistema educativo que afecten dun xeito especialmente singular a un ou outro xénero, máis alá das políticas de igualdade que, en cumprimento da Lei orgánica de educación inspiran a totalidade do deseño da acción educativa da administración.

### PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Tendo en conta que tanto a construción de novos centros, como a adaptación dos centros existentes ou na adquisición de material e mobiliario, crean emprego, provocando un impacto indirecto sobre a perspectiva de xénero, estímase que se inducirá unha redución da brecha de xénero existente ao valorar nas ofertas das empresas que concorren nos procedementos de licitación, a implantación de plans de igualdade, de modo que teña preferencia na adxudicación do contrato a proposición presentada por empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica ou profesional, cumpran as medidas destinadas a promover a igualdade de oportunidades

entre mulleres e homes no mercado de traballo establecidas de conformidade co que prevé o artigo 33 da Lei Orgánica 3/2007 de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, sempre que dita proposición iguale nos seus termos ás mais vantaxosas dende o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base á adxudicación.

O efecto esperado coa medida anterior poderase estender coa vixilancia para que a contratación pública se suxeite ao previsto no artigo 60.1, apartado c), do RD 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, que establece, entre outras cousas, a prohibición de contratar con persoas que foran sancionadas con carácter firme por infracción grave en materia de igualdade de oportunidades ou por infracción moi grave en materia social.

### **SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2016.**

No exercicio 2016 adxudicáronse máis de 60 obras de construción de novos centros, ampliación ou mellora por procedemento aberto ou negociado, nos que máis dun 30% das empresas manifestaron dispor de medidas para fomento da igualdade como criterio de desempate, conforme ao establecido no prego tipo de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu esta contratación.

### **INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO.**

Estase a avaliar a implantación dunha nova estratexia na adquisición de equipamento didáctico na ensinanza secundaria e formación profesional que fomente a transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mozas e mozos, mulleres e homes na sociedade.

### **C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN**

Secretaría Xeral Técnica

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

### **III.1.10. PROGRAMA 423A -SERVIZOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DAS ENSINANZAS:**



## A. DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA

Este programa destínase, entre outros, a atender os seguintes ámbitos:

- a) Os gastos ocasionados pola prestación dos servizos de transporte escolar e de comedor escolar, así como polo funcionamento dos centros residenciais docentes.
- b) O cofinanciamento cos concellos e ANPAS que xestionan comedores escolares dos gastos ocasionados pola prestación do servizo, así como a concesión de axudas aos concellos que prestan o servizo de limpeza nos CPIs con medios propios, e axudas en función da renda para todo o ensino obrigatorio (educación primaria e educación secundaria obrigatoria) e educación especial.
- c) As actuacións encamiñadas ao fomento da lectura e apoio ás bibliotecas escolares. Aumentar a rede de centros do Plan de mellora das bibliotecas escolares (LIA) e consolidación das bibliotecas que se acolleran con anterioridade a dito programa.
- d) Ao desenvolvemento de programas de cooperación territorial en materia de ensinanza, e de actuacións no eido da prevención de riscos laborais.
- e) As actuacións derivadas da Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras- Edulingüe 2020.
- f) A convocatoria das axudas para a adquisición de libros de texto e do fondo solidario de libros de texto destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial, en centros sostidos con fondos públicos, no curso escolar 2017/2018. Ademais, reforzase o apoio ás familias con maiores dificultades continuando coa liña de axudas convocadas no ano 2015, 2016 e 2017 para a adquisición de material escolar, completando así as garantías ofrecidas cos instrumentos anteriores.
- g) No curso escolar 2014/2015 púxose a disposición da comunidade educativa non universitaria de Galicia os contidos curriculares dixitais para os cursos que están incluídos no proxecto Abalar que se incrementarán para o curso escolar 2017/2018.
- h) Convocar os premios extraordinarios ao alumnado de formación profesional de grao superior, de bacharelato, de educación secundaria obrigatoria e de ensinanzas artísticas.
- i) Realizar as avaliacións individualizadas ao alumnado establecidas na Lei orgánica 2/2006, de educación, e outras avaliacións do sistema educativo.

## NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Na formación integral do alumnado é fundamental a prestación de recursos complementarios de carácter educativo integrados na programación xeral anual de cada centro, na procura dun ensino de calidade e mellora continua.

De acordo co anterior, a consellería trata de que un servizo educativo e de calidade responda ás novas demandas sociais dun xeito eficaz e eficiente completando a oferta de ensinanzas e fomentando as condicións de igualdade de oportunidades para toda a cidadanía.

Convén sinalar que o servizo de comedor, ademais de servir á Administración educativa como un factor importante para a escolarización, tamén desenvolve unha destacada función social e formativa en habilidades e comportamentos humanos, por iso inténtase que chegue ao maior número de alumnos posible. Na procura disto, os créditos destinados á prestación dos servizos de comedores escolares nos orzamentos permiten manter os niveis do servizo.

Por outra parte, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asume o compromiso de racionalizar e modernizar a prestación do servizo de comedor de xeito real. Neste sentido, no ano 2013 aborouse unha reforma do servizo, que, cun concepto máis progresivo e redistribuidor do cofinanciamento necesario, uns principios máis racionais da xestión, e unha extensión decidida da xestión pública do servizo mediante a asunción dos comedores xestionados polas ANPAS e a subscripción crecente de convenios de colaboración cos concellos, que desembocou na publicación do Decreto 132/2013 que regula os comedores escolares nos centros docentes non universitarios dependentes da Consellería con competencias educativas.

Como se ven dicindo, con cargo a este programa 423A desenvólense as accións encamiñadas á compensación das desigualdades na educación e ao acceso a ela en igualdade de condicións. Así, especificamente, financia o servizo de comedor e o de transporte escolar e acompañante levada a cabo pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, nos centros docentes públicos. E, así mesmo, financia as axudas destinadas ao cofinanciamento dos comedores escolares xestionados polos concellos e as ANPAS, nun esforzo conxunto na procura da conciliación da vida laboral e familiar necesaria hoxe en día.

No curso escolar 2017/2018 continuárase atendendo as necesidades de transporte adaptado dos escolares con discapacidades importantes, que ata finais do curso 2013/2014 eran transportados polo servizo 065. Así mesmo, nesta liña de extensión dos recursos educativos complementarios, no próximo curso 2017/2018 continuarase proporcionando transporte e comedor aos usuarios lexítimos que cursen os cursos primeiro e segundo da Formación Profesional básica, ensinanza de oferta obrigatoria introducida pola LOMCE que xa foi implantada no seu primeiro curso no curso escolar 2014/2015.

Igualmente resultan destacables outras accións complementarios como as que teñen que ver coa prevención de riscos laborais.

Nesta materia compre destacar que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten contraído o compromiso de adoptar unha posición activa en materia de prevención de riscos laborais, na idea de que o cumprimento das obrigas legais na materia incide de maneira directa na calidade do ensino e no grao de satisfacción do persoal que a fai posible.

Así as cousas, esta Consellería ven desenvolvendo gradualmente unha programación dirixida a promover á avaliación dos riscos laborais nos centros docentes, dando prioridade aqueles que presentan unha maior e potencial perigosidade.

Igualmente, a Consellería ven asumindo baixo a súa responsabilidade a vixilancia e control da saúde do persoal docente e non docente que presta servizos nos centros docentes públicos dela dependentes.

Resumindo, co programa financiaráanse, entre outras, as seguintes accións:

- A prestación do servizo de comedor escolar nos 434 centros docentes públicos dependentes da Comunidade autónoma nos que existen comedores de xestión directa (onde os traballos de cociña son desenvolvidos polo persoal laboral da Xunta) e de xestión indirecta, contratados con empresas de restauración, garantindo 60.754 prazas de comedor.
- A existencia de acompañante de transporte escolar na totalidade das rutas onde esta é obrigatoria, tal e como esixe o Real decreto 443/2001, do 27 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores.
- A gratuidade do servizo de transporte escolar nos 748 centros docentes públicos dependentes da Comunidade autónoma nos que está implantado, para transportar a mais de 79.148 usuarios de dito servizo, unha vez que determinadas liñas de transporte escolar foran asumidas no ano 2017 pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda como consecuencia da implantación da primeira fase da planificación do transporte público de Galicia.
- As axudas para o cofinanciamento dos comedores escolares xestionados polos concellos e as ANPAS, en número de 42 e 132 respectivamente, financiando 14.074 prazas de comedor.
- A colaboración con outros órganos da Xunta de Galicia no desenvolvemento de programas divulgativos dirixidos a fomentar unha alimentación san do alumnado nos comedores escolares e nos seus fogares e uns hábitos de vida.
- O desenvolvemento de accións de avaliación de riscos laborais dos centros docentes públicos dependentes da Consellería, de formación na materia do colectivo de persoal que presta os seus servizos neles.
- Atender ás convocatorias das axudas para a adquisición de libros de texto, material escolar e do fondo solidario de libros de texto destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial, en centros sostidos con fondos públicos no curso escolar 2017/2018.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria estableceu, entre as liñas xerais da política en materia de educación, profundar no logro da igualdade de oportunidades educativas así como promover a mellora continua da calidade e da equidade do sistema, en concordancia cos obxectivos europeos.

A tal fin, dende a Administración educativa débese facilitar o acceso da cidadanía máis nova ás competencias e habilidades sociais que require a sociedade do século XXI. Neste sentido, é especialmente importante o dominio das novas linguaxes das tecnoloxías da información e a

comunicación. Así pois, no curso escolar 2017/2018 extenderanse os novos contidos curriculares dixitais para os cursos que están incluídos no proxecto Edixgal.

Tamén, e non menos importante, é a necesidade de que o alumnado teña un dominio amplo das linguas estranxeiras. Este dominio vai profundamente ligado ao progreso científico e tecnolóxico. As industrias e os especialistas constitúen redes de comunicación que ignoran as fronteiras lingüísticas e nacionais. Así, o aumento das relacións internacionais, a mobilidade laboral e a circulación das ideas e da información están provocando unha forte demanda social en favor da aprendizaxe das linguas estranxeiras, de tal xeito que o número de linguas que a cidadanía dun determinado país dominan constitúe un indicador importante do seu grao de desenvolvemento.

A Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras- Edulingüe 2020. xunto ao resto de programas dirixidos ao éxito escolar, pretende atender os tres seguintes ámbitos:

- a) Conseguir que o alumnado teña un dominio amplo das linguas estranxeiras.
- b) Inmersión lingüística do alumnado en territorio español e completarse a formación lingüística con actividades de cultura, deporte e costumes de países concretos.
- c) Creación de centros plurilingües, apoiando a impartición de materias en inglés, ou noutro idioma estranxeiro, para completar un proxecto educativo trilingüe.

Facilitar materiais curriculares dirixidos a traballar na aula dixital dentro do proxecto ABALAR así como apoio á elaboración de programacións didácticas relativas mediante unha dinámica de grupos de traballos.

Potenciar plans e proxectos de mellora do rendemento escolar.

Continuar os contratos-programa dirixidos á mellora do éxito escolar nos centros docentes de educación primaria e secundaria.

Seguir promovendo as convocatorias de premios a proxectos e prácticas destacadas de innovación educativa de centros e profesorado que poidan servir de referente a outros centros docentes.

Revisar e adaptar a normativa de atención á diversidade dentro do ámbito da orientación educativa, elaborando propostas da normativa que regulen e potencien as medidas curriculares e organizativas para atender a diversidade do alumnado.

Promover accións de apoio ao alumnado inmigrante con problemas de adaptación escolar.

Realizar actuacións de avaliación e mellora do sistema educativo, en particular, as avaliacións individualizadas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Potenciar a realización de actividades transversais en colaboración con outras institucións e Administracións.

Potenciar a excelencia e o esforzo no estudo nas distintas etapas educativas, dando recoñecemento público ao esforzo e dedicación do alumnado de educación secundaria obrigatoria, de bacharelato e de formación profesional de grao superior, reforzando aqueles aspectos que inciden na mellora do sistema educativo e xuntando excelencia con equidade, igualdade de oportunidades e posibilidades de desenvolvemento persoal.

Dotar de recursos para facer fronte aos gastos de funcionamento dos 3 centros residenciais docentes ( na Coruña, Ourense e Vigo) nos que durante o curso académico ofertan aloxamento e mantención ao alumnado que precise dese servizo en función da inexistencia nas súas localidades de residencia da oferta educativa que escollen, atendendo aos niveis de renda da unidade familiar da que proceden.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015 - 2020, o obxectivo estratéxico deste programa (coa identificación OE 2.3.05), consiste en eliminar os obstáculos que impidan ou dificulten o acceso do alumnado ao sistema educativo co obxectivo de garantir as mellores condicións para exercer o dereito á educación nas ensinanzas obrigatorias e de oferta obrigatoria e en garantir que este alumnado, mais o da formación profesional, ao remate da súa educación, adquira as competencias de comprensión e expresión oral e escrita.

## **POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE**

A comunidade educativa en todos os niveis educativos e ensinanzas contempladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Singularmente na ensinanza obrigatoria o alumnado que podería solicitar as axudas para a adquisición de libros de texto ou participar no fondo solidario de libros de texto estímase ao redor do 65,61%.

## **DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA**

En materia de avaliacións autonómicas, a comunidade galega desenvolve as súas propias avaliacións ademais de participar noutras de ámbito nacional e internacional.

Avaliacións que se están a desenvolver no sistema educativo de Galicia:

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa establece a realización de avaliacións individualizadas a todos os alumnos e alumnas ao finalizar o terceiro curso da Educación Primaria,

o sexto curso de Educación Primaria, o cuarto curso de Educación Secundaria Obrigatoria e o segundo curso de Bacharelato.

A Lei establece que na avaliación individualizada de terceiro curso da Educación Primaria comprobarase o grao de dominio das destrezas, capacidades e habilidades do alumnado en expresión e comprensión oral e escrita, cálculo e resolución de problemas.

Ao finalizar sexto curso de Educación Primaria comprobarase o grao de adquisición da competencia lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, así como o logro dos obxectivos da etapa.

No Real decreto-lei 5/2016, do 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa dispónse que ata a entrada en vigor da normativa resultante do Pacto de Estado social e político pola educación, a avaliación de educación secundaria avaliará o grao de adquisición da competencia matemática, a competencia lingüística, a competencia social e cívica e terá como referencia principal as materias xerais do bloque das disciplinas troncais cursadas en cuarto de educación secundaria obrigatoria.

Será considerada mostral e terá unha finalidade diagnóstica, unicamente participará nela o alumnado matriculado en cuarto curso que fose seleccionado pola Administración educativa, exclusivamente pola opción cursada. A selección de centros será suficiente para obter datos representativos. As administracións educativas poderán elevar o número de centros participantes por enriba das necesidades mostrais ou facela con carácter censual.

Este Real decreto-lei tamén dispón que a avaliación de bacharelato para o acceso aos estudos universitarios unicamente se terá en conta para o acceso á universidade.

As administracións educativas, en colaboración coas universidades, que asumirán as mesmas funcións e responsabilidades en relación coa realización material da avaliación final de bacharelato para o acceso á universidade. Non obstante, cada Administración educativa poderá delimitar o alcance da colaboración das súas universidades na realización da proba.

A adquisición das competencias avaliarase a través das disciplinas xerais cursadas do bloque das disciplinas troncais de segundo curso e, se é o caso, da materia Lingua cooficial e literatura. O alumnado que queira mellorar a súa nota de admisión poderán examinarse de, ao menos, dúas disciplinas de opción do bloque das disciplinas troncais de segundo curso.

Ademais das avaliacións individualizadas de ámbito autonómico, para poder dispoñer de información que permita a análise comparativa do noso sistema educativo con outros países e comunidades autónomas, Galicia participa no Programa para a Avaliación Internacional do Alumnado (PISA) cunha ampliación de mostra de 59 centros educativos e máis de 2000 alumnos e alumnas, o que permite extraer datos representativos fronte aos países da OCDE e demais participantes.

O programa PISA é un estudo internacional de avaliación de estudantes de 15 anos realizado baixo a coordinación da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE). Combina a avaliación das competencias do alumnado nas áreas dun campo específico (matemáticas, ciencias, comprensión lectora e resolución de problemas colaborativos) coa avaliación da súa contorna familiar e social. Así, os resultados obtidos polo alumnado na avaliación das áreas correlaciónanse cos seus factores contextuais.

A Administración educativa tamén colabora co Instituto Nacional de Avaliación Educativa do MECD na realización doutras avaliacións internacionais coma PIRLS ou TIMSS que miden o nivel de competencia do alumnado de 4º de educación primaria en comprensión lectora, matemáticas e ciencias e o EECL (Estudo Europeo de Competencia Lingüística) que ofrece información comparable sobre a competencia lingüística en linguas estranxeiras do alumnado ao finalizar educación secundaria obrigatoria.

Por outra banda, na procura da excelencia académica e da cultura do esforzo na aprendizaxe convocanse anualmente premios extraordinarios ao alumnado de educación secundaria obrigatoria, de bacharelato, de formación profesional de grao superior e de ensinanzas artísticas, para recoñecer publicamente e valorar méritos excepcionais baseados no esforzo e no traballo persoal. Convócanse anualmente 20 premios extraordinarios de bacharelato, ata 26 premios extraordinarios de formación profesional de grao superior (un por cada familia profesional), 20 premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico, 20 premios de educación secundaria obrigatoria ao esforzo e superación persoal e os premios de emprendemento en formación profesional, e 6 premios extraordinarios de ensinanzas artísticas (deles 3 de música, 1 de danza e 2 de artes plásticas e deseño).

Singular relevancia debe outorgarse ao programa denominado gratuidade solidaria (axudas para a adquisición de libros de texto, fondo solidario de libros de texto e axudas para a adquisición de material escolar) dentro das medidas de mellora continua da calidade e da equidade do sistema, que implica unha acción política de goberno cara a consolidación do modelo que permite combinar e complementar sistemas de axudas e reutilización de libros e material escolar aproveitando o mellor de cada un dos instrumentos empregados, buscando obter o máximo rendemento educativo.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As disposicións legais aplicables, son as seguintes:

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.
- Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.
- Real Decreto 1058/2015, de 20 de novembro, polo que se regulan as características xerais das probas de avaliación final de educación primaria establecida na Lei Orgánica 2/2006, de educación.

- Real Decreto-lei 5/2016, do 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Real Decreto 443/2001, do 27 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores.
- Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención.
- Decreto 203/1986, do 12 de xuño, polo que se regulan provisionalmente determinados aspectos do transporte escolar.
- Decreto 132/2013, do 1 de agosto, que regula os comedores escolares nos centros docentes non universitarios dependentes da Consellería con competencias educativas.
- Orde do 21 de febreiro de 2007, pola que se regula a organización, o funcionamento e a xestión do servizo de comedor escolar.
- Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regula a actividade das persoas auxiliares de conversa que realizan o seu labor en centros educativos públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Orde do 14 de marzo de 2016 pola que se convocan axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras no ano 2016, destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos, en réxime de concorrencia competitiva.
- Resolución do 1 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula o bacharelato de especialización en idiomas (PluriBach), para o curso 2017/18.
- Resolución do 1 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula o programa plurilingüe no segundo ciclo da educación infantil (Plurininfantil), para o curso 2017/18.
- Orde do 19 de xullo de 2017 pola que se regula a convocatoria e selección de centros docentes non universitarios sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para participar en actividades de inmersión lingüística en lingua inglesa, English Week, dirixidas ao alumnado de sexto curso de educación primaria e ao de educación secundaria obrigatoria.
- Orde ECD/1941/2016, do 22 de decembro, pola que se determinan as características, o deseño e o contido da avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade, as datas máximas de realización e de resolución dos procedementos de revisión das cualificacións obtidas, para o curso 2016/2017, e a súa correspondente ao curso 2017/2018.
- Orde ECD/393/2017, do 4 de maio, pola que se regulan as probas da avaliación final de Educación Secundaria Obrigatoria, para o curso 2016/2017, e a súa correspondente ao curso 2017/2018.
- Resolución do 25 de abril de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da avaliación individualizada de terceiro curso de educación primaria nos centros docentes



da comunidade autónoma de Galicia para o curso 2016/17, e a súa correspondente ao curso 2017/2018 .

- Resolución do 8 de maio de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da avaliación final de educación primaria nos centros docentes da comunidade autónoma de Galicia para o curso escolar 2016/17, e a súa correspondente ao curso 2017/2018.
- Resolución do 8 de maio de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da avaliación final de educación secundaria obrigatoria nos centros docentes da comunidade autónoma de Galicia para o curso escolar 2016/17, e a súa correspondente ao curso 2017/2018.
- Orde do 10 de febreiro de 2017 pola que se convocan os premios extraordinarios de formación profesional de grao superior da Comunidade autónoma de Galicia correspondentes ao curso 2015/16, e a súa correspondente ao curso 2016/2017.
- Orde do 24 de abril de 2017 pola que se convocan os premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2016/17, e a súa correspondente ao curso 2017/2018.
- Orde do 23 de maio de 2017 pola que se convocan os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2016/17, e a súa correspondente ao curso 2017/2018.
- Orde do 21 de xullo de 2017 pola que se convocan os premios de educación secundaria obrigatoria ao esforzo e a superación persoal correspondentes ao curso 2015/2016, e a súa correspondente ao curso 2016/2017.
- Orde do 14 de xullo 2016 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade autónoma de Galicia correspondentes ao curso 2015-2016, e a súa correspondente ao curso 2016/2017.

## **FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA**

As actividades que se levan a cabo para o desenvolvemento deste programa son fundamentalmente as seguintes:

- Organización e xestión do transporte e dos comedores escolares.
- Planificación e desenvolvemento de accións encamiñadas á prevención de riscos laborais nos centros docentes públicos, á formación do persoal que presta os seus servizos neles, e á vixilancia da saúde de dito colectivo.
- Xestión e coordinación no desenvolvemento dos programas de cooperación territorial co Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (MECD) e con outras comunidades autónomas.
- Desenvolvemento e realización na comunidade autónoma de Galicia das avaliacións individualizadas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de educación.

- Desenvolvemento da Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras- Edulingüe 2020.
- Participación na avaliación PISA cunha ampliación de mostra que permita extraer datos para comparar o sistema educativo de Galicia a nivel internacional.
- Participar co MECD no desenvolvemento doutras avaliacións do sistema educativo a nivel internacional (TIMSS, PIRLS, EECL...).
- Deseño e elaboración, mediante grupos de traballo, de materiais curriculares para apoio ao profesorado que imparte materias ou áreas en centros plurilingües e en seccións bilingües.
- Potenciar o recoñecemento público do esforzo e da excelencia dos alumnos e das alumnas a través dos premios extraordinarios de bacharelato, de formación profesional de grao superior e da educación secundaria obrigatoria.
- Incentivar programas de innovación educativa que propicien o desenvolvemento de proxectos, en centros educativos, relacionados coas tecnoloxías da información e da comunicación, coa atención á diversidade, coa mellora na competencia lingüística nas linguas propias (castelán e galego) e nas estranxeiras.
- Intercambio de experiencias de boas prácticas educativas e elaboración de materiais didácticos, mediante premios que as distinguen e as dean a coñecer.
- Continuidade do programa de promoción de hábitos saudables relacionados coa alimentación e a actividade física do alumnado infantil dentro do contexto da educación para a saúde en colaboración coa Consellería de Sanidade.
- En relación co proxecto ABALAR, facilitar o desenvolvemento de novos modelos pedagóxicos e a incorporación dos últimos avances tecnolóxicos na educación, aproveitando as mellores prácticas desenvolvidas nos centros máis avanzados e poñendo en valor todo o traballo e o coñecemento do profesorado galego.
- Fomento do espírito colaborativo e participativo do colectivo de docentes para establecer unha comunidade de desenvolvemento de contidos propios, así como doutros externos que estean a disposición do profesorado tanto das aulas dixitais como do resto, integrados nun espazo ABALAR.
- Dentro da estratexia Estratexia Galega para a Educación Dixital 2020 (Edudixital 2020) que trata de favorecer o desenvolvemento das competencias dixitais e científico-tecnolóxicas (STEM) do alumnado, seguiranse impulsando as iniciativas do proxecto Edixgal como evolución do proxecto Abalar e as actuacións que permitan o impulso das vocacións científico-tecnolóxicas do alumnado galego.

Os resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico deste programa de gasto (coa identificación OE 2.3.05) son, por unha banda, eliminar os obstáculos para o acceso ás ensinanzas obrigatorias e de oferta obrigatoria por parte do alumnado galego e, por outra banda, mellorar a competencia en comunicación lingüística do alumnado.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

### BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Unha das preocupacións dos sistemas educativos é garantir o maior desenvolvemento educativo de todas as persoas, independentemente do sexo, clase social, nacionalidade etc.

Os estudos de avaliación do sistema educativo inclúen desagregacións por xénero para orientar, como se dun observatorio externo se tratase, as tendencias e os posibles efectos das políticas de igualdade que se veñen a desenvolver nos centros educativos.

Nas avaliacións individualizadas de 3.º e 6.º de educación primaria e 4.º educación secundaria obrigatoria son potenciais participantes todos os alumnos e alumnas destes niveis educativos e en PISA de todo o alumnado de 15 anos, independentemente do xénero. En ambas avaliacións o número de mulleres participantes é do 50% e hai un indicador de resultados con relevancia de xénero.

Por outra banda nos premios extraordinarios ao alumnado de FP de grao superior, de bacharelato e de educación secundaria obrigatoria é potencial participante todo o alumnado, independentemente do xénero, que cumpra uns determinados requisitos académicos. Aproximadamente un 60% do alumnado participante son mulleres.

Especificamente o programa de gratuidade solidaria (fondo solidario e axudas para adquisición de libros de texto e material escolar) está destinado a todo o alumnado matriculado en centros docentes sostidos con fondos públicos de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial, que acceden ao programa en función do nivel de renda da unidade familiar.

### IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

## IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA.

As actuacións da Consellería no ensino non universitario afectan directamente a máis de 385.000 alumnos e alumnas, o que representa o 14% da poboación total de Galicia, e indirectamente a máis de 600.000 nais e pais, que representan máis do 22% da poboación total de Galicia.

Case o 52% do alumnado son nenos, polo que non pode existir distinción dende unha perspectiva orzamentaria que discrimine, de xeito positivo ao xénero feminino.

Contrariamente, dende a perspectiva de emprego público, case o 69% do colectivo de docentes son de xénero feminino. Tendo en conta que o 83% do orzamento da consellería dedícase a soldos e salarios, dende a perspectiva de xénero, o orzamento educativo contribúe dun xeito importante no peso porcentual do emprego feminino, cualificado, ademais, pola non distinción retributiva entre xéneros.

A suma das accións incide nun terzo da poboación galega, polo que o comportamento dende a perspectiva de xénero non resulta diferente da totalidade. Dada a transversalidade de elementos esóxenos ao sistema educativo, tales como a diferente perspectiva de xénero, de ocupación, de salarios, non resulta posible identificar accións dentro do sistema educativo que afecten dun xeito especialmente singular a un ou outro xénero, máis alá as políticas de igualdade que, en cumprimento da Lei orgánica de Educación inspiran a totalidade do deseño da acción educativa da administración.

O programa de gratuidade solidaria a través da orde do 16 de maio de 2017 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2017/18, recolle especificamente accións vinculadas co establecido no artigo 42 Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, así como outras ordes da consellería neste programa.

## PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Os estudos elaborados a partir das avaliacións permiten constatar o posible efecto das diferentes políticas de igualdade que se deben desenvolver a fin de garantir o máximo desenvolvemento educativo de todas as persoas, independentemente do seu xénero ou calquera outra circunstancia persoal ou social.

Os informes elaborados a partir das diferentes avaliacións autonómicas, nacionais ou internacionais, veñen a confirmar as diferenzas de rendemento asociadas ao sexo do alumnado.

En xeral as alumnas obteñen unha puntuación promedio superior na competencia en comunicación lingüística e os alumnos na competencia matemática. Os resultados son similares en ambos sexos na competencia científica.

### **SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2016.**

Nas avaliacións de diagnóstico internacionais e autonómicas existe diferenza nos resultados das distintas competencias segundo o xénero do alumnado.

Os rapaces alcanzan unha puntuación media máis alta que as rapazas na competencias en ciencias e na competencia matemática, aínda que unicamente é significativa esta última diferenza. Por outra banda, as rapazas superan aos rapaces na competencia lectora, e neste caso esta diferenza é significativa en termos estatísticos.

Nas últimas convocatorias dos premios extraordinarios ao alumnado de FP de grao superior, de bacharelato e de educación secundaria obrigatoria, a porcentaxe de premiados ten resultados moi paritarios, así o 52,27% dos premiados son alumnos e o 47,73% son alumnas.

As axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar concédense en función dos ingresos da unidade familiar do alumnado situados nos tramos de renda definidos na convocatoria.

A estimación de alumnado beneficiario para o curso 2017/18 é a seguinte:

- Axudas libros/fondo solidario: 51,43% homes, 48,57% mulleres
- Axudas material escolar: 51,43% homes, 48,57% mulleres.

### **INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO.**

Como xa se mencionou nun apartado anterior, non se teñen implantado novas estratexias para unha mellor incorporación da perspectiva de xénero, máis alá das políticas de igualdade que, en cumprimento da Lei orgánica de Educación inspiran a totalidade do deseño da acción educativa da administración. Non resulta posible identificar accións dentro do sistema educativo que afecten dun xeito especialmente singular a un ou outro xénero.

### **C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN**

Secretaría Xeral Técnica

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

### *III.1.11. PROGRAMA 423B - PREVENCIÓN DO ABANDONO ESCOLAR:*

#### **A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA**

Favorecer a adquisición das competencias clave necesarias para a sociedade do século XXI a todo o alumnado, con independencia das súas condicións persoais e sociais, representa un reto para todos os sistemas educativos xa que é unha condición necesario para o pleno desenvolvemento persoal e a participación activa na sociedade.

A educación dixital é xa unha realidade no sistema educativo galego coa que se trata de desenvolver, entre outras, a competencia dixital e as asociadas ao campo científico tecnolóxico. Neste sentido a Estratexia Galega de Educación Dixital - Edudixital 2020, habilita un marco de referencia que permite dar maior coherencia e impulso ás políticas educativas neste terreo.

A adquisición da competencia en comunicación lingüística é un proceso longo e complexo, que esixe a posta en práctica de multitude de recursos e estratexias educativas para garantir uns niveis mínimos desta competencia a toda a poboación escolar.

Neste contexto e, dado que a lectura é a ferramenta imprescindible para todo tipo de aprendizaxes e para o desenvolvemento persoal, académico e social, as medidas destinadas á promover a mellora da lectura comprensiva e os hábitos de lectura de todo tipo de textos (en soporte impreso ou dixital), deben ser variadas e eficaces.

As intervencións para o fomento da lectura nos centros de ensino van destinadas a:

- a) Dotar de recursos aos centros para actuacións no fomento da lectura entre o seu alumnado.
- b) Realización de actividades e elaboración de materias de apoio con esta mesma finalidade.

#### **NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE**

A formación é un factor esencial para asentir un modelo de crecemento económico baseado no coñecemento que asegure un desenvolvemento sostible e unha maior cohesión social. Por esta razón as nosas sociedades aspiran a formar máis e mellor á cidadanía, e a estender a súa formación ao longo da vida. De aí que incrementar o número de persoas tituladas en formación postobrigatoria constitúa un obxectivo prioritario nas políticas educativas. Polo contrario, o

abandono escolar temperá é un fenómeno non desexable para unha sociedade que considera a formación dos seus membros como un elemento clave, tanto na promoción individual como no benestar colectivo.

O abandono escolar temperá ten causas moi diversas e por iso a súa prevención e redución esixe que as administracións educativas actúen en moi diversos frontes. Con este obxectivo, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria prevé unha serie de medidas e recomendacións dirixidas a prever e reducir o abandono temperá na Comunidade autónoma.

As propostas artículanse ao redor de catro amplos ámbitos de actuación: as administracións educativas; os centros educativos e o persoal docente; as administracións locais, as familias e os mozos e mozas que abandonaron o sistema educativo sen ter obtido un título de educación secundaria obrigatoria o post-obrigatoria, e o contorno laboral.

Para abordar a diminución do abandono escolar, faise necesario incrementar a porcentaxe de xente nova que remata o nivel educativo da Educación Secundaria Superior, nivel CINE 3 (Clasificación Internacional Normalizada da Educación da Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura, UNESCO). A consecución de este nivel educativo converteuse nunha cuestión clave dos sistemas educativos e formativos nos países desenvolvidos, e está recollida tamén no Proxecto de Indicadores da Educación da Organización para a Cooperación e Desenvolvemento Económicos (OCDE), que destaca a necesidade de que a mocidade complete como mínimo o nivel CINE 3 para afrontar a súa incorporación ao mercado laboral coas suficientes garantías.

A flexibilización das traxectorias, de forma que cada estudante poida desenvolver todo o seu potencial, concrétese no desenvolvemento de programas de mellora da aprendizaxe e o rendemento no segundo e no terceiro curso da Educación Secundaria Obrigatoria, a Formación profesional Básica, a anticipación dos itinerarios cara o Bacharelato e a Formación Profesional, e a transformación do actual cuarto curso da Educación Secundaria Obrigatoria nun curso fundamentalmente propedéutico e con dúas traxectorias ben diferenciadas. Esta diversificación permitirá que o estudante reciba unha atención personalizada para que se oriente cara a vía educativa que mellor se adapte ás súas necesidades e aspiracións, o que debe favorecer a súa progresión no sistema educativo.

Dotación ao persoal docente e aos propios centros dos recursos e ferramentas necesarias para que a biblioteca escolar contribúa a adquisición das competencias clave do alumnado, singularmente, comunicación lingüística e “aprender a aprender”.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015 - 2020, o obxectivo estratéxico deste programa (coa identificación OE I.5.09), consiste en reducir o abandono educativo temperán e mellorar os resultados educativos do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, a través de medidas de apoio personalizado.



## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A nosa sociedade aspira a formar máis e mellor á cidadanía, e a estender a súa formación ao longo de toda a vida. De aí que incrementar o número de titulados e tituladas en formación postobrigatoria constitúa un obxectivo prioritario nas políticas educativas. Polo contrario, o abandono escolar temperá é un fenómeno non desexable para unha sociedade que considera a formación dos seus membros como un elemento clave, tanto na promoción individual como no benestar colectivo.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vai apoiar o desenvolvemento de actuacións que teñan por obxecto:

- Afrontar a situación dos centros que reciben un alumnado en situación de desvantaxe educativa asociada á contorna sociocultural, para o que os recursos ordinarios se mostran insuficientes, polo que se necesitan mecanismos de compensación a través das distintas modalidades dos contratos-programa.
- Diminuír o impacto dos factores que inciden no abandono do sistema educativo sen a titulación de educación secundaria coa realización de actuacións orientadas tanto á retención de estudantes no sistema educativo como con programas de segunda oportunidade, orientados á reincorporación de mozos e mozas, con actividade laboral ou sen ela, que abandonaron a súa formación sen cualificación nin titulación.

Desde a implantación do programa contribúese a que as bibliotecas escolares de Galicia sexan un referente e unha ferramenta para abordar a problemática do abandono escolar, como factor de compensación social.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As disposicións legais sobre as que se basea o programa, son as seguintes:

- Resolución do 28 de novembro de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan, para o curso os contratos-programa con centros educativos e se establecen as bases para a convocatoria e selección de programas dirixidos á mellora do éxito escolar nos centros docentes de educación primaria e secundaria dependentes desta consellería e as súas correspondentes para o curso 2017/2018.
- Resolución do 20 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2017/2018 para a implementación do currículo de educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da comunidade autónoma de Galicia, no artigo 6 regula os programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento.
- Resolución do 13 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca a participación no programa de

innovación educativa “Club de Ciencias” para centros docentes públicos de ensino non universitario da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria durante o curso 2017/2018.

- Resolución do 12 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula a convocatoria e selección de centros docentes públicos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para participar na actividade “Semana STEM” dirixida ao alumnado de quinto e sexto cursos de educación primaria e primeiro e segundo cursos de educación secundaria obrigatoria.
- Resolución do 12 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca a participación no programa de innovación educativa “Introdución á robótica educativa en primaria” para centros docentes públicos de ensino non universitario da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria durante o curso 2017/2018.
- No artigo 113 da Lei Orgánica de educación (LOE) e na normativa curricular da Comunidade autónoma de Galicia, recóllese a necesidade de que os centros docentes contén cunha biblioteca escolar, correspondendo á Administración educativa a obriga de facer fronte a súa dinamización e funcionamento, con especial referencia aos proxectos lectores de centros.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

- Realizar actuacións destinadas a compensar as dificultades do alumnado para diminuír o abandono escolar prematuro e incrementar, por tanto, o éxito escolar.
- Fomentar a participación dos centros educativos na convocatoria de contratos-programa coa finalidade de lograr unha educación de calidade para todo o alumnado, desenvolver ao máximo posible as súas potencialidades, buscar a excelencia.
- Promover accións no campo da orientación educativa que establezan liñas de reforzo necesarias para revertir o fracaso escolar e/ou o escaso aprecio pola aprendizaxe incidindo no aumento da motivación e autoestima.
- Desenvolver medidas de apoio e reforzo educativo.
- Formación do profesorado para posibilitar a súa intervención no coñecemento e aplicación de liñas de atención á diversidade, na procura de garantir o éxito educativo de todo o alumnado.
- Promover medidas de apoio nas áreas instrumentais e de idiomas.
- Impulsar un programa de oratoria, que contribúa á mellora das habilidades comunicativas orais, ao tempo que favoreza o desenvolvemento das seguintes competencias clave: comunicación lingüística, competencias sociais e cívicas e sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- Desenvolver un proxecto de innovación educativa centrado na mellora da convivencia escolar, dentro de educonvives.gal.

- Apoiar aos concellos e asociacións sen fins de lucro para que realicen actividades que permitan ás persoas adultas adquirir as súas aprendizaxes tanto por medio de actividades de ensinanza, regrada ou non regrada, como a través da experiencia, laboral ou en actividades sociais. Tenderase a establecer conexións entre ambas vías e adoptaranse medidas para a validación das aprendizaxes adquiridas en contextos non formais.
- En canto aos resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico deste programa de gasto (coa identificación OE 1.5.09) son acadar que máis alumnado consiga finalizar con éxito a educación secundaria obrigatoria que lle permita continuar estudos en formación profesional de grao medio ou continuar estudos no bacharelato, contribuíndo a que os mozos e mozas permanezan no sistema educativo despois de finalizada a educación obrigatoria.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

### BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Os alumnos teñen máis dificultades que as alumnas para prosperar no sistema educativo, suspenden máis, repiten curso máis, abandonan antes o sistema educativo.

A diferenza de resultados non é puntual. Maniféstase dende hai varios anos, curso tras curso. Iso mesmo pasa en todas as comunidades autónomas; en todos os indicadores educativos de

progreso (promoción, titulación) e en todos os niveis de ensinanza, desde a educación primaria ata a formación superior.

En todas as ensinanzas: ESO, Bacharelato e ciclos formativos, a porcentaxe de alumnas que finalizaron estes estudos é superior ao 50%, está en torno ao 54%, fronte aos alumnos que están en torno ao 46%.

Se os datos se refiren á porcentaxe de alumnado que sae da ESO sen o título de graduado en educación secundaria, temos que arredor do 32% dos alumnos sae sen título da ESO e, no caso das alumnas, arredor do 19%. Unha diferenza en torno a 13 puntos.

#### IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	

Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

### IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA.

As actuacións da Consellería no ensino non universitario afectan directamente a máis de 385.000 alumnas e alumnos, o que representa o 14% da poboación total de Galicia, e indirectamente a máis de 600.000 nais e pais, que representan máis do 22% da poboación total de Galicia.

Case o 52% do alumnado son nenos, polo que non pode existir distinción dende unha perspectiva orzamentaria que discrimine, de xeito positivo ao xénero feminino.

Contrariamente, dende a perspectiva de emprego público, case o 69% do colectivo de docentes son de xénero feminino. Tendo en conta que o 83% do orzamento da consellería dedícase a soldos e salarios, dende a perspectiva de xénero, o orzamento educativo contribúe dun xeito importante no peso porcentual do emprego feminino, cualificado, ademais, pola non distinción retributiva entre xéneros.

A suma das accións incide nun terzo da poboación galega, polo que o comportamento dende a perspectiva de xénero non resulta diferente da totalidade. Dada a transversalidade de elementos esóxenos ao sistema educativo, tales como a diferente perspectiva de xénero, de ocupación, de salarios, non resulta posible identificar accións dentro do sistema educativo que afecten dun xeito especialmente singular a un ou outro xénero, máis alá das políticas de igualdade que, en cumprimento da Lei orgánica de Educación inspiran a totalidade do deseño da acción educativa da administración.

### PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES. SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2016.

Como se indica na descrición do programa, nas ensinanzas de educación secundaria e bacharelato a porcentaxe de alumnas que finalizaron estes estudos é superior ao 50%, está en torno ao 54%, fronte aos alumnos que están en torno ao 46%. A porcentaxe nese ano non é diferente ao de cursos anteriores. Dende o sistema educativo a atención educativa mediante os programas regrados de mellora da aprendizaxe e do rendemento e os programas de reforzo e apoio de carácter voluntario, realizados fóra do horario lectivo, destinados ao alumnado con

dificultades para obter o título de Graduado en ESO, maioritariamente masculino, dan resultados similares aos xa sinalados.

**INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.**

En cumprimento das medidas contempladas no I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria puxo en marcha no curso 2016/2017 a oferta dunha materia de libre configuración autonómica coa denominación "igualdade de xénero" dispoñible para os cursos 1º e 2º de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).

**C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN**

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

**III.1.12. PROGRAMA 431A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE CULTURA:**

**A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA**

A través do presente programa de gasto, a Secretaría Xeral Técnica levará a cabo as tarefas de dirección, coordinación e soporte básico dos servizos comúns e centros administrativos dependentes da consellería na área cultural. Do mesmo xeito, desenvolverá actuacións xerais de apoio técnico, administrativo e orzamentario, así como funcións de coordinación na prestación dos servizos de carácter transversal do departamento. Figuran neste programa os créditos precisos para o correcto funcionamento e desenvolvemento da actividade propia desta consellería, entre os que se atopan os gastos en bens correntes e servizos, a adquisición e reposición de mobiliario e útiles, a reparación dos bens inmoables administrativos e demais actuacións tendentes ao mantemento ou mellora das dependencias de traballo.

Outras actividades comprendidas no presente programa son, entre outras, a xestión do persoal, a tramitación e execución do gasto corrente e de investimentos asociados ao funcionamento dos servizos administrativos, tanto centrais como periféricos; a realización de tarefas de xestión económico-administrativa; o impulso, a modernización e a informatización dos seus

servizos centrais e periféricos; a realización de estudos e traballos técnicos en temas comúns e xerais da consellería e demais actividades de apoio que lle sexan encomendadas, así como a tramitación de toda a produción normativa no eido da cultura.

## **NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA**

Mediante o presente programa de gasto preténdese dar cobertura ás necesidades en materia persoal e demais gastos precisos para o correcto funcionamento dos servizos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no eido cultural, tales como arrendamentos de locais, reparacións, subministracións, comunicacións, transporte, seguros ou tributos; en resumo, todos os gastos necesarios para o correcto e eficiente desenvolvemento dos servizos, co fin de renovar e modernizar os espazos e medios materiais para o desenvolvemento das funcións por parte do persoal da consellería e mellorar os sistemas de información, incorporando os avances tecnolóxicos para unha xestión administrativa mais transparente e eficaz, que persegue o constante cumprimento dos principios de simplificación, claridade, boa fe, imparcialidade, confianza lexítima e proximidade á cidadanía que deben presidir en todo momento a organización desta consellería e das súas entidades instrumentais.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015 - 2020, o obxectivo instrumental deste programa (coa identificación OI 4.3.01), consiste en contribuír á conservación da riqueza cultural de Galicia e ao impulso da Cidade da Cultura como punto estratéxico dos circuitos culturais da comunidade autónoma.

## **POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE**

As actuacións enmarcadas no presente programa van dirixidas á poboación galega en xeral e aos órganos administrativos da Consellería.

## **DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA**

O presente programa comprende a ordenación, xestión e administración ordinaria dos asuntos relativos ao persoal da consellería, e introduce dende a súa orixe unha maior racionalidade e transparencia no desenvolvemento competencial e de xestión das súas funcións. O obxectivo é acadar unha administración moderna e próxima, para o que se optimizan os recursos materiais e humanos mediante a implantación de novos sistemas e procedementos de xestión e se actúa de soporte básico para a execución do resto dos programas da consellería, co fin último de acadar unha maior calidade, efectividade e racionalidade na prestación de servizos públicos á cidadanía.

Por outra banda, e tendo en conta o actual escenario económico, cómpre executar as actuacións que integran este programa optimizando os recursos dispoñibles con criterios de eficacia e eficiencia, e baixo os principios de economía e racionalización do gasto público, mantendo intacta a calidade na prestación dos servizos destinados ao persoal da administración e á sociedade en xeral, proporcionando e difundindo información constante, clara e obxectiva sobre

as nosas actuacións, potenciando a accesibilidade para facilitar o coñecemento por parte da cidadanía das xestións que resulten de seu interese e fomentando e favorecendo a participación da cidadanía nos asuntos públicos e no deseño e mellora dos servizos públicos.

### **DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA**

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e o sector público autonómico de Galicia.
- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público.
- Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
- Decreto 4/2013, de 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

### **FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA**

A finalidade do programa é o correcto funcionamento e unha axeitada coordinación dos servizos centrais e periféricos no eido da cultura, tanto no que respecta a medios humanos como aos materiais e de organización, e actuar de soporte básico para a execución do resto dos programas da consellería, coa finalidade de acadar unha maior racionalidade e axilidade administrativa e afondar na modernización dos procedementos e dos servizos prestados á cidadanía por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e, en xeral, da administración da Comunidade autónoma de Galicia e das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico.

En canto a os resultados que se pretenden conseguir co obxectivo instrumental (coa identificación OI 4.3.01) é mellorar a eficiencia na cobertura financeira das necesidades correntes, tanto dos servizos centrais como territoriais da consellería, relacionadas cos servizos xerais de cultura e contribuír a promoción e difusión do patrimonio cultural de Galicia como recurso turístico.



## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

### C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

#### III.1.13. PROGRAMA 432A - BIBLIOTECAS, ARQUIVOS, MUSEOS E EQUIPAMENTOS CULTURAI:

##### A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Este programa ten como obxectivo contribuír á mellora das bibliotecas, dos arquivos e dos museos de Galicia, non só como centros de conservación da memoria cultural, senón como infraestruturas e servizos básicos para asegurar o dereito constitucional de acceso á cultura e as responsabilidades atribuídas polo Estatuto de autonomía de Galicia á Xunta de Galicia en relación coa conservación, protección e difusión da cultura galega .

En relación coas bibliotecas, estas constitúen un dos eixes culturais básicos da sociedade actual, xa que facilitan o achegamento da cidadanía á información e á cultura. Os servizos bibliotecarios permiten un acceso gratuíto e en igualdade ao libro e á lectura e, cada vez máis, son espazos centrais da dinamización cultural de vilas e cidades. Os clubs de lectura, as charlas, as exposicións ou os obradoiros son só algunhas das actividades que están a facer das bibliotecas lugares de referencia cultural para a cidadanía. Ademais, co obxectivo de ofrecer un servizo de calidade e que responda ás necesidades dos usuarios e usuarias, a renovación bibliográfica é constante, así como os investimentos en actualización tecnolóxica.

En 2016, a plataforma de préstamo de libros dixitais GaliciaLe ampliou os seus fondos dixitais a 2.154 títulos e estreouse unha plataforma web para facilitar o acceso das bibliotecas ás novidades editoriais. Iniciouse tamén a integración de todas as bibliotecas da rede nun sistema de xestión único e a implantación do carné único. Ademais, levouse a cabo a aplicación das recomendacións do Mapa de Bibliotecas Públicas de Galicia; a realización do Catálogo colectivo do patrimonio bibliográfico de Galicia; o mantemento e ampliación dos fondos dixitalizados e a diversificación das súas categorías na biblioteca virtual de Galicia, (Galiciana); e a recolección e a constitución de repositorios para o Depósito Legal de publicacións electrónicas.

Outro ámbito de relevancia é o apoio ao libro galego, tanto no ámbito territorial de Galicia coma na súa difusión no exterior, en especial a súa transformación tecnolóxica e o cambio do sistema de difusión e distribución das publicacións da Xunta de Galicia e dos seus organismos dependentes a través da Librería Institucional. Outras actuacións de difusión cultural vinculadas ao libro son a realización de campañas para dar a coñecer as novidades editoriais en colaboración con outras institucións públicas e privadas, a utilización de recursos tecnolóxicos que permitirán que as novidades editoriais en galego cheguen ás bibliotecas públicas a demanda e en paralelo ao mercado, a creación de roteiros literarios virtuais etc.

En relación cos arquivos, o desenvolvemento das competencias en materia de patrimonio documental, que afectan, entre outros, a todos os documentos das administracións públicas desde o mesmo momento da súa produción, implica prestar especial atención á xestión documental e ao desenvolvemento do sistema de arquivos de Galicia, e procurar así que as actuacións que se acometan se concreten nun mellor funcionamento da administración, na garantía do acceso á información contida nos documentos e na conservación e difusión do patrimonio documental.

Prestarase especial atención aos arquivos propios e xestionados de forma directa pola Xunta de Galicia, con especial atención ao investimento de reposición nos edificios, no desenvolvemento de programas que favorezan o seu funcionamento técnico en materia de identificación e avaliación documental, descrición, dixitalización, conservación preventiva ou restauración, e na elaboración e execución de proxectos de difusión que incrementen a presenza destes centros no seu medio social.

Continuaranse os esforzos dirixidos a favorecer unha mellor integración dos arquivos de interese galego que non sexan de titularidade autonómica no sistema de arquivos de Galicia.

Procurarase así mellorar non soamente as infraestruturas destes centros, tanto os de carácter público –especialmente municipais e universitarios– coma os de carácter privado –eclesiásticos, de fundacións, de asociacións sen fins de lucro ou de particulares–, senón tamén incorporalos de forma efectiva ao sistema desde o punto de vista técnico e informativo, para o que se lles proporcionará apoio, asesoramento e recursos informáticos que favorezan o coñecemento e acceso dos cidadáns aos seus fondos.

No referente aos museos, a Xunta de Galicia xestiona unha rede de museos e centros expositivos a través dos cales realiza un labor fundamental de conservación, coidado e difusión do patrimonio cultural de Galicia. Para dinamizar os seus fondos, os museos contan cunha extensa programación de actividades dirixidas a distintas franxas de poboación, que lles permite dar a coñecer os seus bens, abrirse cada vez máis ao conxunto da cidadanía e converterse nunha plataforma activa de dinamización da oferta cultural; unha actividade que inclúe visitas guiadas e investigación, pero tamén cursos, obradoiros, xornadas, conferencias, presentacións, días de portas abertas, programación audiovisual, musical e de artes escénicas etc., ademais de exposicións artísticas de diferente natureza.

O obxectivo é acadar un maior coñecemento e unha mellor conservación do patrimonio moble galego, para poder protexelo, interpretalo e difundilo á sociedade, como portador de valores que informan da esencia da cultura galega ao longo do tempo. O seu campo de acción é o patrimonio cultural moble, depositado nos museos, e sempre vinculado e contextualizado no seu ámbito xeográfico e no seu contexto histórico.

Con esas finalidades, a Consellería desenvolve a xestión dos museos de titularidade autonómica adscritos a esta consellería e os de titularidade estatal de xestión transferida á Comunidade autónoma, agás o Museo Pedagóxico de Galicia (Mupega), polo seu carácter netamente pedagóxico e ligado ao ámbito educativo. Realiza a tramitación e informes dos procedementos para a creación de museos e coleccións visitables, a actualización e control do rexistro e o censo de museos de Galicia e o inventario do patrimonio moble custodiado nos museos galegos, así como o control dos movementos, restauracións e reproducións dos seus bens integrantes. Asume tamén labores de apoio e asesoramento técnico nas materias de patrimonio moble e de museos e a programación, coordinación e xestión das actuacións en materia de incremento, conservación, documentación, investigación e difusión do patrimonio custodiado e interpretado nos museos e noutros equipamentos culturais. Entre as súas funcións tamén se atopa a taxación de bens culturais de carácter museístico con fins administrativos e a xestión para o incremento do patrimonio moble depositado nos museos propios e xestionados por adscrición ou depósito e as súas diferentes formas de ingreso.

Levarase a cabo tamén, con cargo a este programa, o mantemento das liñas prioritarias de actuación que se citan a seguir:

- Continuidade da política de axudas para traballos de documentación, conservación e difusión en museos propios pero tamén, e singularmente, de concellos, padroados, en-

tidades e asociacións de carácter público ou privado etc. Debe notarse que esta é unha demanda política e social constante, sobre todo no que afecta ao valor e á función social do patrimonio documental e moble de Galicia.

- Execución de investimentos nos edificios e infraestruturas dos museos propios, concertados ou xestionados pola Xunta de Galicia, para cumprir coas funcións propias encomendadas: a conservación, a restauración, a difusión, a documentación e a investigación.
- Investimentos en proxectos de investigación e documentación das coleccións dos museos para a súa difusión na rede, a través das webs dos museos propios e dos portais do sistema galego de museos, e da Administración do Estado para os museos de titularidade estatal e xestión transferida.

### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Con este programa preténdese levar a cabo a consolidación, ampliación e mellora dos servizos existentes en materia de bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais así como a súa ampliación para atender con satisfacción as necesidades das persoas usuarias. Así mesmo, promóvese a realización de actividades que dean a coñecer o patrimonio cultural que albergan estes centros. Trátase, en definitiva, da responsabilidade pública de atender e proporcionar á sociedade galega hábitos e posibilidades de lectura e información, a través da creación, mantemento e enriquecemento continuo de centros de lectura. Así mesmo inclúese a promoción do libro galego, a través do apoio á empresa editorial galega, a realización de feiras e demais actuacións de promoción da lectura.

Polo que respecta ao Plan Estratégico de Galicia (PEG) 2015 - 2020, o obxectivo estratéxico deste programa consiste en fortalecer a programación e os servizos dispoñibles nas bibliotecas, arquivos, museos e centros de interpretación, para lograr a participación activa da cidadanía como usuaria destes servizos e como consumidora dunha oferta cultural de calidade.

### POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Os obxectivos e actividades integradas neste programa van destinados a toda a poboación galega, de todas as idades e de calquera estrato social ou laboral, así como a persoas investigadoras, asociacións socioculturais e outras entidades públicas ou privadas que desenvolvan actividades nas materias que son obxecto do presente programa.

### DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

En materia de bibliotecas, coa Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, establécese un marco lexislativo adecuado para as novas necesidades das bibliotecas galegas, que debe garantirle á sociedade servizos bibliotecarios de calidade. Con posterioridade á publicación da lei, levouse a cabo o correspondente desenvolvemento regulamentario mediante os decretos ou as ordes que especifican e desenvolven os principais aspectos da lei. Así mesmo, a Lei recolle no seu articulado a obriga da realización do Mapa de bibliotecas públicas de Galicia, aprobado en 2016 e difundido en 2017, que é o instrumento de traballo que permite coñecer a realidade

das bibliotecas da rede, como paso previo para poder actuar de maneira planificada e operativa. O mapa debe recoller as necesidades reais de lectura pública, e sobre estas establecerá o tipo de servizo que corresponde a cada poboación.

Cómpre destacar a atención especial que debe dárselles ás bibliotecas dixitais. En Galicia está funcionando desde o ano 2008 Galiciana, a biblioteca dixital de Galicia, como unha biblioteca que incorpora e ofrece máis de 5.000 obras dixitalizadas, o que supón máis de 1.600.000 imaxes.

En canto ao libro galego e ao libro en xeral, pártese dunha produción ampla de libro galego que precisa de expansión, rendibilidade, fomento e adaptación ás novas tecnoloxías. Hai que salientar o apoio á dixitalización do libro galego a través da Librería Institucional da Xunta de Galicia, escaparate para a distribución e venda da produción editorial da Administración autonómica.

No que respecta aos arquivos, coa Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia, cóntase co soporte normativo para desenvolver de forma integral o sistema e os diferentes subsistemas que o integran. A posta en marcha dos consellos superiores previstos na Lei 7/2014, concretamente o Consello de Arquivos de Galicia e o Consello de Avaliación Documental, fai posible abordar unha serie de tarefas imprescindibles a planificación dos espazos arquivísticos, a mellora da cooperación entre administracións ou a optimización da dobre vertente dos arquivos: administrativa e patrimonial.

## **DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA**

- Lei 5/2012, de 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.
- Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia.
- Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia.
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

## **FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA**

No eido das bibliotecas e do libro, búscase coordinar a Rede de bibliotecas públicas de Galicia e impulsar o seu desenvolvemento, en especial difundir e potenciar o traballo da súa biblioteca de cabeceira, a Biblioteca de Galicia. Conformada unha importante rede de bibliotecas públicas de Galicia, hai que incidir, xa non tanto na creación de novos centros, coma na mellora, modernización e planificación dos existentes, ofrecendo servizos de calidade á cidadanía e aproveitando as novas tecnoloxías para a súa difusión social. Impulsaranse programas de difusión dos fondos de publicacións galegas, dándolle relevancia especial á hemeroteca e á dixitalización e difusión da prensa histórica galega. Galiciana, a biblioteca virtual de Galicia, incrementará as súas obras e diversificará os seus contidos co obxecto de acubillar contidos virtuais non accesibles ata agora.

Manterase e potenciarase a realización de actividades culturais e de animación á lectura para dar a coñecer as coleccións das bibliotecas, coa actualización, renovación e incremento dos fondos e da diversidade de recursos en todo tipo de soportes, co fin de optimizar os recursos

existentes mediante a súa oferta non só no recinto físico da biblioteca, senón tamén nun con-  
torno virtual.

Procurarase, así mesmo, lograr a rendibilidade e a xeneralización do uso do libro galego pola sociedade, incrementando a súa presenza a través de canles virtuais e novos recursos en liña para as persoas usuarias das bibliotecas públicas que permitan poñer ao seu dispor as novi-  
dades editoriais de xeito inmediato á súa incorporación ao mercado. Outro xeito de fomento do libro é a realización de campañas de difusión en colaboración co resto dos actores vinculados ao mundo do libro. Por outra banda, destaca o apoio e reforzo do libro galego no que atinxe á súa presenza nos grandes acontecementos culturais e feiras internacionais, cun propósito de expansión e de intercambio coas restantes culturas do mundo contemporáneo. Tamén reforzase o seu achegamento ás persoas lectoras mediante o apoio á celebración de feiras do libro en di-  
ferentes localidades de Galicia. Potenciarase tamén a colección da Librería Institucional da Xunta de Galicia e realizaranse as melloras tecnolóxicas que faciliten o seu uso tanto pola cidadanía coma polas librarías.

No que respecta aos arquivos, son instrumentos para conseguir ese obxectivo xeral as iniciativas legislativas que está a promover e Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as actuacións orzamentarias que programa. Búscase con elas mellorar as instala-  
cións e os equipamentos que son sedes dos arquivos, pero tamén contribuir a un mellor servizo á cidadanía mediante accións coordinadas nos eidos da informatización, a dixitalización de acordo con normas internacionais e a difusión, que ademais incorporen de forma efectiva o patrimonio documental galego ás grandes redes de coñecemento e de acceso á cultura de ámbito europeo e mundial.

Os resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico do Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015 - 2020, deste programa de gasto son o incremento da participación da socie-  
dade nas actividades das bibliotecas, dos arquivos, dos museos e dos centros de interpretación, así como o aumento da oferta dos seus servizos, contidos e produtos.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X

Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

### BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O ámbito prioritario de actuación deste programa de gasto é o sector cultural galego, no que participan os homes e mulleres desde dúas perspectivas ben diferenciadas: por unha banda, no acceso e participación nos diversos servizos e produtos culturais xerados; por outra banda, como empregados e empregadas do sector cultural.

Neste sentido, se temos en conta as principais fontes cuantitativas máis recentes (por exemplo, o Anuario de Estadísticas Culturales 2016, publicado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte; e o informe A Muller na Cultura Galega (I), publicado en 2014 polo Observatorio da Cultura Galega do Consello da Cultura Galega), podemos observar que os datos recollidos apuntan, en sentido xeral, a un aumento da participación das mulleres no ámbito cultural, ao tempo que se constatan diferenzas entre os sexos tanto no acceso á cultura como no desempeño de profesións e de actividades profesionais vinculadas ao sector cultural.

### IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	

Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

### PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Coa realización das actividades descritas, preténdese avanzar na incorporación da perspectiva de xénero no ámbito cultural, promovendo o acceso da muller ás manifestacións culturais e á empregabilidade no sector, garantindo o acceso á cultura de toda a poboación sen que existan diferenciaciós polo feito de ser muller ou home.

#### C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Cultura

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

#### III.1.14. PROGRAMA 432B - FOMENTO DAS ACTIVIDADES CULTURAI:



## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Os obxectivos deste programa consisten en establecer as grandes liñas de actuación para o desenvolvemento da cultura galega, de xeito que se propicie un compromiso da sociedade galega e das institucións para facer da cultura un dos elementos centrais da vida da nosa sociedade e da súa imaxe no mundo. Neste programa tamén se inclúen as transferencias para o financiamento dos gastos correntes e de capital da Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

Este compromiso baséase nos seguintes puntos, sobre os que xirarán as actividades que se desenvolvan:

Cultura galega e en galego: fortalecer a cultura galega no marco dunha concepción dinámica e plural da cultura, coa renovación, actualización e ampliación de horizontes e a adaptación aos novos tempos e aos distintos ámbitos culturais nos que se insire Galicia, nos planos nacional, europeo e mundial, dentro do diálogo e intercambio enriquecedor con outras realidades culturais.

Desenvolver as estruturas, os equipamentos e os recursos necesarios para facer posible o circuíto da cultura. Procúrase unha actuación sólida, que integre os estamentos con calidade profesional suficiente e que atendan as necesidades da poboación galega e dos sectores que basean a súa actividade, directa ou indirectamente, na captación dun público autóctono ou visitante, sobre o que pivota unha parte importante da economía galega.

Crear as medidas para manter a cultura galega como marca de calidade da comunidade autónoma. Potenciarase a circulación exterior dos produtos culturais e a súa identificación de orixe, para os converter así en carta de presentación de Galicia.

Contribuír ao fomento, promoción e difusión do sector audiovisual e multimedia e do patrimonio audiovisual galego e das artes da imaxe.

## NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Con este programa preténdese fortalecer a cultura galega, na súa verdadeira identidade e en harmonía coas correntes que se dan no mundo contemporáneo, dentro dunha concepción dinámica da cultura, coa renovación, actualización e ampliación de horizontes e a adaptación aos novos tempos e aos distintos ámbitos culturais nos que se insire Galicia, nos planos nacional, europeo e mundial, dentro do diálogo e intercambio enriquecedor con outras realidades culturais así como a ampliación e mellora das estruturas, equipamentos e dos recursos necesarios para facer posible o circuíto e a realidade da cultura.

Ademais, trata de impulsar e consolidar o tecido empresarial no sector cultural galego, co apoio á participación, consolidación e cooperación das empresas e profesionais na produción, creación, conservación, difusión e comercialización das industrias culturais e creativas galegas, nun mercado dinámico, sustentable e plural que fomente a participación cidadá e remova os obstáculos xeográficos, físicos, educativos, sociais ou económicos que poden dificultar o acceso á cultura, especialmente dos colectivos menos favorecidos, e o fomento da demanda de produ-

tos culturais, co fin de promover a orientación ao mercado das empresas, mellorar a viabilidade dos seus proxectos, achegar recursos propios e aumentar o peso relativo do sector no sistema produtivo galego.

Tamén se destina á realización de actuacións dirixidas a fomentar a promoción e difusión do sector audiovisual e multimedia e do patrimonio audiovisual galego e das artes da imaxe.

Dentro das súas actividades atópanse, entre outras: o impulso á creación e o desenvolvemento de empresas que produzan bens e servizos culturais; o incremento da comercialización e competitividade dos produtos culturais galegos dentro e fóra do noso país; a creación de plans formativos para a mellora na cualificación artística, técnica e empresarial dos recursos humanos das empresas do sector cultural, e o fomento da creación, mellora e modernización tecnolóxica de infraestruturas e equipamentos dos axentes culturais.

O programa de teatro, música e danza desenvolve as distintas modalidades das artes escénicas. Nel poténcianse novos proxectos dentro das actividades dos circuítos culturais, en cooperación cos concellos de Galicia. Trátase de realizar unha oferta cultural ampla e repartida, xeográfica e demograficamente, para facilitar o acceso e a recepción na poboación galega da cultura propia do país en todas as súas manifestacións.

En definitiva, a finalidade deste programa é garantir o acceso á cultura de toda a poboación galega, a través do fomento da oferta de bens culturais, e incidir na creación de hábitos de consumo cultural, aumentar a profesionalización dos distintos ámbitos sectoriais que comprenden as industrias culturais, aproveitando as capacidades do sector para a creación de emprego e promover e difundir a industria cultural.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015 - 2020, o obxectivo estratéxico deste programa consiste en aumentar a oferta e o consumo da cultura mediante accións de dinamización cultural planificada e a través das actividades da industria cultural e creativa galega.

## **POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE**

Os obxectivos e actividades integradas neste programa van destinados á poboación galega en xeral, para que poidan acceder a ela toda a cidadanía. Ten como destinatarios concellos e asociacións e outras entidades sen ánimo de lucro, que poderán recibir axudas para levar a cabo actividades culturais, ou ben realizar obras e equipamentos nos espazos e edificios dedicados as elas.

Por outra banda, a través da AGADIC, o programa diríxese ás empresas, colectivos profesionais, entidades sen ánimo de lucro dos distintos ámbitos incluídos nos distintos subsectores da cultura: as artes escénicas, o audiovisual, a arte e a música. En xeral, toda a poboación galega como destinataria final do acceso á cultura.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A proxección da cultura galega en todos os eidos da nosa sociedade e na súa imaxe e presenza exterior promove o recoñecemento do legado artístico e literario que consolidou Galicia como gran manifestación cultural, á vez que impulsa a aparición de novas formas de expresión, individuais e colectivas. Para isto trabállase intensamente no deseño de estratexias que conduzan á consecución dos obxectivos, amais de procurar a colaboración e cooperación institucional con toda clase de entidades e institucións públicas e privadas, para apoiar o seu labor artístico, ou ben para acadar intercambios frutíferos para a actividade cultural galega, que manteña ou incremente os niveis de satisfacción e identidade da cidadanía co noso selo cultural, ao tempo que consolide o prestixio acadado en moi distintos eidos do panorama internacional.

Así mesmo, preténdese atender as necesidades culturais da nosa sociedade, con programas atractivos para os distintos públicos e sectores e para os visitantes que acoden, atraídos pola riqueza das nosas manifestacións culturais en todos os ámbitos e termos, como parte importante da nosa actividade económica. No punto de saída, este programa promove e desenvolve diferentes liñas de achegamento á arte contemporánea e á cultura en xeral para diferentes públicos e colectivos da sociedade, co fin de propiciar múltiples situacións de diálogo e reflexión. Preténdese levar a cabo, ben directamente ou ben en colaboración con outros departamentos autonómicos, a construción, mellora ou equipamento das infraestruturas socioculturais nas nosas vilas e cidades, especialmente en núcleos de escasa poboación, para que poidan representarse as diversas manifestacións da cultura galega nun marco digno e adecuado ás necesidades reais dos nosos tempos.

Pola súa banda, a AGADIC ten por obxecto, no ámbito do fomento da cultura galega e do apoio á creación e innovación cultural, impulsar e consolidar o tecido empresarial no sector cultural galego, cooperando na achega de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos e na asignación de ingresos suficientes e estables.

Entre as súas funcións destácanse:

- Impulsar a creación e o desenvolvemento de empresas que produzan bens e servizos culturais, prestándolles especial atención ás industrias culturais que xeren mecanismos de produción eficientes e que subministren no mercado bens culturais de amplo consumo.
- Favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia como elemento singularizador no mercado e os que acheguen á cultura galega innovacións creativas e ofertas de calidade de novas estéticas e linguaxes artísticas.
- Promover a distribución e comercialización dos produtos culturais dentro e fóra de Galicia, fomentando a captación de público e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados internacionais.

- Contribuír á mellora na preparación e cualificación artística, técnica e empresarial dos recursos humanos, impulsando plans formativos acordes coas necesidades profesionais das empresas do sector.
- Estimular a creación, avivar o talento e a capacitación e incitar ao recoñecemento social e económico de artistas e autoras e autores.
- Fomentar a creación, o mantemento e a utilización de infraestruturas e equipamentos por parte das e dos axentes culturais.
- Impulsar a cooperación e o asociacionismo entre os traballadores e traballadoras e as empresas dos distintos sectores culturais, así como as medidas do sector profesional galego para aumentar a súa presenza e competitividade nos mercados culturais, en especial, no apoio ás exportacións de bens e servizos culturais galegos.
- Adoptar programas que potencien as sinerxías entre o desenvolvemento empresarial das actividades culturais e outros fins públicos como a protección do patrimonio natural, material e inmaterial, a contribución ao desenvolvemento territorial e o fomento da educación, do emprego, da integración social e da investigación.
- Facer estudos e plans estratéxicos sobre o sector cultural, así como difundir a información sobre os recursos destinados ás empresas culturais en calquera ámbito.

Coa actividade desenvolvida a través da AGADIC preténdese incidir nestas funcións tendo en conta o contexto actual, no que se observa unha demanda crecente de produtos culturais en Galicia e de produtos culturais galegos fóra de Galicia. Desde a AGADIC, continúaase coa política de coordinación coas entidades locais, que contribúe a deslocalización, da oferta cultural de xeito que se garanta o acceso de toda a poboación a unha programación cultural de calidade.

Neste sentido, preténdese continuar coas políticas de financiamento das distintas redes, a rede galega de salas, a rede galega de teatros e auditorios e rede galega de salas de música ao vivo, que constitúen unha parte importante da oferta cultural da comunidade. Como punto de referencia, en 2016 a Rede galega de Música ao Vivo achegou espectáculos de música a un total de 34 salas, repartidas por 23 concellos de toda a xeografía galega cun total de 229 actuacións; a Rede galega de Salas contou con 118 espectáculos e a Rede galega de Teatros e Auditorios levou 544 actuacións a un total de 44 espazos repartidos por 39 concellos galegos. Os datos de espectadores destas tres redes no ano 2016 foron de 12.645 na RGMV, 4.202 na RGS e 84.193 na RGTA, cun incremento substancial sobre o ano anterior. A cuarta rede que xestiona AGADIC en colaboración coa Axencia Turismo de Galicia é o programa Cultura no Camiño, coa que se pretende incidir na descentralización xeográfica da cultura e na que, no ano 2016, programamos 369 espectáculos en 99 concellos de Galicia.

Esta distribución de espectáculos ven complementada coas axudas á distribución, na que na súa categoría interior, ven completar estas redes, pero que fundamentalmente está orientada a que as nosas empresas culturais reciban os apoios para acudir a feiras ou mercados, participar en festivais ou montar xiras no exterior.

Tamén vai continuar o apoio firme aos distintos festivais que se celebran en Galicia, para o cal estableceranse liñas de subvencións específicas para os distintos eventos audiovisuais, musicais e de artes escénicas.

Nos últimos anos, AGADIC leva apoiando o sector mediante produción de espectáculos de artes escénicas, produción de distintos formatos audiovisuais, apoio ao desenvolvemento de proxectos audiovisuais como fase previa á produción e apoio ao talento co obxecto de contribuír ao fortalecemento do sector.

Todo o anterior está en marcha sen esquecer o labor de produción propia que se desenvolve a través do Centro Dramático Galego, que se ocupa da creación e contratación de espectáculos teatrais, e do Centro Coreográfico Galego, que se encarga da creación e distribución de espectáculos de danza.

Finalmente, non debe esquecerse a sinatura de convenios de colaboración con entidades sen ánimo de lucro que teñen por finalidade, precisamente, realizar actividades de carácter cultural que sirvan aos fins da axencia e contribúan á consecución dos seus obxectivos.

Así mesmo, e desde a integración do Centro Galego das Artes da Imaxe (CGAI) na AGADIC, esta axencia tamén desenvolve accións de fomento, difusión e promoción do sector audiovisual e multimedia e do patrimonio audiovisual galego e das artes da imaxe.

O sector audiovisual está a configurar o noso patrimonio histórico e cultural, polo que debe ser obxecto da correspondente difusión e promoción, a través das canles de comunicación existentes.

Nesta liña, a AGADIC, a través do CGAI desempeña unha importante labor polas súas funcións, tanto de recuperación, catalogación e custodia das obras (cinematográficas, videográficas e fotográficas) que conforman o noso patrimonio audiovisual, como na promoción e difusión do mesmo (programación, proxeccións, mostras, exposicións etc.). Tamén desde este organismo lévanse a cabo diversos programas formativos como Cine en Curso, Fotografía en Curso, CGAI Junior, oferta que se pretende ampliar coa inclusión da xestión do programa CinED dende o CGAI.

Por outra parte, os avances tecnolóxicos obrigan aos distintos sectores implicados no proceso (administración, empresas, poboación en xeral etc.) a manter actualizados os seus contidos audiovisuais e multimedia, polo que se considera necesario realizar actuacións dirixidas ás empresas e colectivos para que poidan adaptarse ás novas esixencias tecnolóxicas.

## **DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA**

- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 5/2012, de 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.

- Decreto 176/2011 polo que se modifica o 196/2001 polo que se regulan as publicacións da Xunta de Galicia.
- Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais.
- Decreto 150/2012, do 12 de xullo, polo que se aproban os estatutos de AGADIC.
- Lei 6/1999, do 1 de setembro, do audiovisual de Galicia.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Incentivar as manifestacións e representacións artísticas no eidos do teatro, a música e a danza, mediante a creación dos espazos necesarios, ben coa mellora das infraestruturas socioculturais xa existentes naqueles concellos que non dispoñan das infraestruturas axeitadas para levar a cabo a programación cultural do ente local, ben a través de convenios ou convocatorias de axudas, nos concellos onde as necesidades de reforma, mellora ou dotación son imprescindibles para poder ofrecer unha oferta cultural de calidade consonte as demandas sociais.

A través do Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) procúrase contribuír á dinamización do panorama artístico actual e reflexionar sobre a diversidade das conformacións culturais na sociedade contemporánea. Desde a súa creación en 1993 o CGAC amosou as liñas directrices da arte das últimas décadas mediante as exposicións retrospectivas de artistas recoñecidos internacionalmente ao carón de exposicións dedicadas a difundir a arte galega, incluíndo tanto autoras e autores xa consagrados coma os máis emerxentes. Ademais dun espazo expositivo, o CGAC é un centro dinámico e multidisciplinar no que se celebran ciclos de conferencias, obradoiros impartidos por artistas e incursións no campo da música, as artes escénicas e o cinema, que permiten a participación activa do público e favorecen o intercambio de ideas entre profesionais de distintos ámbitos.

A través da AGADIC aumentarase a oferta e a demanda de produtos culturais, mediante a consolidación dos circuítos culturais establecidos por AGADIC, mantendo e consolidando a Rede Galega de Música ao Vivo, a Rede Galega de Teatros e Auditorios, a Rede Galega de Salas.

Incidirase tamén, fundamentalmente a través da convocatoria de liñas de axudas, no apoio a feiras e festivais, que dinamicen o mercado e faciliten a distribución de produtos culturais. Neste ámbito atópanse as subvencións aos festivais de carácter profesional celebrados en Galicia e de interese estratéxico para o sector, destinados ás persoas físicas e xurídicas de carácter privado, domiciliadas en Galicia ou con establecemento operativo nesta comunidade, así como ás entidades locais galegas.

Promover a presenza dos produtos culturais galegos nos mercados exteriores, para o cal a AGADIC levará a cabo accións de internacionalización como a presenza nos principais mercados internacionais do sector audiovisual. Estas accións no exterior completaranse con mercados internacionais en Galicia, como o caso de Conecta Fiction.

Tamén apoiar a súa distribución tanto interior como exterior a través da convocatoria de liñas de axudas.

Apoiar a produción e a coprodución, tanto no eido das artes escénicas como no do sector audiovisual e a música, mediante a convocatoria das correspondentes liñas de axudas. Así, no eido da actividade escénica subvencionaranse as empresas de nova creación, a produción de espectáculos de pequeno, mediano e gran formato, que son aqueles compostos respectivamente por un máximo de tres , de tres a sete, e máis de sete persoas na actuación, manipulación, baile ou música nesas áreas en escena.

No ámbito audiovisual, subvencionaranse as producións e coproducións galegas en lingua galega con decidido contido artístico e cultural, así como a creación audiovisual para o desenvolvemento e promoción do talento audiovisual galego.

Realizar producións propias a través dos centros de produción da Consellería.

Establecer convenios de colaboración con entidades sen ánimo de lucro que teñan por obxecto, con carácter xeral, fomentar a cultura galega.

Potenciar os sectores audiovisual e multimedia, fomentando a promoción da multimedia e a difusión do patrimonio audiovisual galego e das artes da imaxe.

Os resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico deste programa de gasto (coa identificación OE 4.1.01) son o aumento da actividade creativa e mellora en cantidade e calidade da oferta das industrias culturais galegas. Mellora da súa competitividade, no mercado interior e de cara ao exterior, e da rendibilidade dos axentes e das empresas do sector cultural.

## **B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER**

### **CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA**

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

### BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O ámbito prioritario de actuación destes programas de gasto é o sector cultural galego, no que participan os homes e mulleres desde dúas perspectivas ben diferenciadas: por unha banda, como consumidores e consumidoras dos diversos produtos culturais xerados; por outra banda, como empregados e empregadas do sector cultural.

Neste sentido, se temos en conta as principais fontes cuantitativas máis recentes (por exemplo, o Anuario de Estadísticas Culturales 2016, publicado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte; e o informe A Muller na Cultura Galega (I), publicado en 2014 polo Observatorio da Cultura Galega do Consello da Cultura Galega), podemos observar que os datos recollidos apuntan, en sentido xeral, a un aumento da participación das mulleres no ámbito cultural, ao tempo que se constatan diferenzas entre os sexos tanto no acceso á cultura como no desempeño de profesións e de actividades profesionais vinculadas ao sector cultural

### IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA .

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X



Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

### IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA.

Ante a constatación de que nos diferentes ámbitos en que se estrutura o ámbito cultural galego a presenza dos homes segue a ser superior á das mulleres, a Secretaría Xeral de Cultura pretende promover a participación e o emprego feminino no sector cultural e, por iso, nas convocatorias de axudas valora, entre os criterios para a súa concesión, a presenza das mulleres nos proxectos. No mesmo sentido, promoverase a presenza equilibrada de mulleres e homes nas programacións artísticas contratadas desde o departamento. Así mesmo fomentarase a presenza equilibrada de mulleres e homes na composición das comisións de valoración de axudas e seguirase a traballar para evitar o uso sexista e excluínste da linguaxe.

En particular, a AGADIC pretende promover o emprego feminino no sector cultural e por iso, nas convocatorias de axudas para a produción de artes escénicas e a produción audiovisual, valora, entre os criterios para a súa concesión, a presenza das mulleres nos proxectos. Así, trátase de fomentar a dirección feminina no caso da produción de artes escénicas, valorándose expresamente esta circunstancia coa asignación dunha puntuación específica. No caso das producións audiovisuais, promóvese a presenza feminina no equipo creativo outorgando unha puntuación específica a aqueles proxectos nos que a participación das mulleres naquel sexa superior ao 50%. Ademais, puntúase a dirección integramente a cargo dunha muller.

Por outra banda, seguirase a traballar para evitar o uso sexista e excluínste da linguaxe.

Tamén evitárase a difusión de imaxes que contribúan a perpetuar os estereotipos sexistas, e incidírase na promoción daqueles contidos que contribúan a visibilizar a presenza da muller en ámbitos nos que aínda non están representadas de xeito paritario.

Promoverase a presenza da muller nas actividades desenvolvidas pola AGADIC, de xeito que o acceso ás súas actividades sexa máis equitativa entre homes e mulleres.

### **PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.**

Coa realización das actividades descritas, preténdese avanzar na incorporación da perspectiva de xénero no ámbito de actuación da Secretaría Xeral de Cultura e AGADIC, promovendo o acceso da muller ás manifestacións culturais e á empregabilidade no sector, garantindo o acceso á cultura de toda a poboación sen que existan diferenciacións por cuestións de xénero.

#### **C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN**

Secretaría Xeral de Cultura

Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Axencia Galega de Industrias Culturais

### ***III.1.15. PROGRAMA 433A - PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO, ARTÍSTICO E CULTURAL:***

#### **A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA**

Este programa pretende a posta en valor do patrimonio cultural galego en todas as súas manifestacións, tanto en Galicia coma no exterior.

Contempla unha serie de actuacións coas que a consellería persegue a protección, conservación, investigación, acrecentamento difusión e fomento do patrimonio artístico, arquitectónico, arqueolóxico etnolóxico, industrial, científico, documental e bibliográfico de interese para Galicia.

Concretaranse en medidas dirixidas a:

- Clasificar, declarar e catalogar os bens mobles, inmobles e inmateriais do patrimonio cultural de Galicia.

- Elaborar os informes sectoriais sobre os instrumentos de replanteo urbanístico e demais plans, programas e proxectos de incidencia supramunicipal, tanto públicos coma privados, que poidan implicar risco de destrución ou deterioro do patrimonio cultural de Galicia.
- Apoiar e dar asesoramento técnico na elaboración de instrumentos de planeamento e outros plans ou proxectos promovidos pola Xunta de Galicia e outras administracións que poidan afectar á protección do patrimonio cultural.
- Delimitar dos Camiños de Santiago en Galicia, e a súa protección na súa dobre vertente de conservación material e recuperación, e fomento do coñecemento e da potenciación dos valores sociais, espirituais e solidarios propios dos camiños.
- Promover a realización de intervencións para conservar os bens integrantes do patrimonio cultural galego máis significativos, en especial os BIC. Intervencións en bens que pertencen ao Patrimonio Mundial, os Camiños de Santiago, o patrimonio defensivo -murallas, castelos, fortalezas,...- as pontes históricas, patrimonio civil de titularidade pública, as catedrais galegas, o patrimonio monástico e eclesiástico así como os bens de arquitectura tradicional, conxuntos etnográficos ou industriais ou da enxeñería civil protexidos polo seu valor cultural. Tamén actuacións en bens que integran o patrimonio artístico como retablos e pinturas entre outros”.
- Promoción, xestión e coordinación das actuacións de prevención, conservación, restauración e posta en valor do patrimonio arqueolóxico. Prestación de apoio e asesoramento técnico en proxectos e actuacións que afecten a este patrimonio.
- Potenciar as liñas de actuación dirixidas a incrementar o coñecemento, a investigación a difusión, a restauración e a conservación preventiva do patrimonio arqueolóxico, arquitectónico (civil, militar e relixioso), etnográfico, industrial e da enxeñería histórica, así como á súa conservación, restauración e rehabilitación, dotándoo de usos compatibles cos seus valores culturais.
- Continuar coas liñas de axudas para colaborar no mantemento do patrimonio arqueolóxico, e para a conservación, restauración e rehabilitación de bens inmoables de carácter etnográfico que constitúen unha parte importante do acervo patrimonial galego.
- Manter as liñas de axudas para colaborar no custo da execución de actuacións arqueolóxicas ordenadas maiormente en conxuntos históricos.
- Continuar coa política de axudas para traballos de documentación, conservación e difusión en museos propios pero tamén, e singularmente, de concellos, padroados, entidades e asociacións de carácter público ou privado etc.
- Colaborar con outras entidades do sector público para a protección e atención ao patrimonio cultural situado na súa demarcación.

## NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A protección, conservación, investigación, aumento e difusión do patrimonio artístico, arquitectónico, arqueolóxico e etnográfico de interese para Galicia.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015 - 2020, o obxectivo estratéxico deste programa (coa identificación OE 4.3.02), consiste en protexer, conservar, poñer en valor e difundir o patrimonio cultural.

Este programa conta con axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) vinculada ao Programa Operativo do FEDER para o período 2014 - 2020 cuxo obxectivo temático (coa identificación 6) consiste en conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos. A prioridade de investimento (coa identificación 6c) desta axuda consiste na conservación, protección, fomento e desenvolvemento do patrimonio natural e cultural. O obxectivo específico (coa identificación 060c1 - 6.3.1) desta axuda e o de promover a protección, fomento e desenvolvemento do patrimonio cultural. Por último, a categoría de intervención desta axuda e a protección, desenvolvemento e promoción dos activos da cultura e do patrimonio públicos coa identificación CI094.

## **POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE**

